

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION ORDINARIA DO 28 DE XUÑO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cincuenta e nove minutos do día vinteito de xuño do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día

remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (128).- ACTA ANTERIOR. (NÚM. 8. SES. EXT. URX. 25.03.2010).

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 25 de marzo de 2010.

2.- (129).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 31 de maio e 28 de xuño de 2010.

3.- (130).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 31 de maio e o 28 de xuño de 2010.

4.- (131).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA

ALCALDÍA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 15 de xuño de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Estando prevista a ausencia desta Alcaldía para atender asuntos institucionais fóra do termo municipal, dende as 21,30 horas do día 15 de xuño, ata as 21,00 horas do día 17 de xuño do ano que andamos, e considerando o decreto de data 5 de xullo de 2005 nomeando tenente de alcalde a don Santiago Domínguez Olveira.

Vista a regulación contemplada no artigo 125 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 21 do real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Que o tenente de alcalde, don Santiago Domínguez Olveira, exerza por delegación a totalidade das funcións de alcalde-presidente dende as 21,30 horas do día 15 de xuño ata as 21,00 horas do día 17 de xuño do ano que andamos, manténdose no exercicio do cargo de alcalde accidental durante o dito período.

Segundo.- Que se notifica a todas as áreas municipais e se proceda a dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo dos seus efectos nas datas indicadas.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (132).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 21.06.2010 DE MODIFICACIÓN DELEGACIÓNS TRÁFICO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 21 de xuño de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, procedeuse a fixar a estrutura das áreas de goberno e a delegación de competencias nos titulares das distintas concellerías. En dita resolución creouse a Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, dirixida polo Concelleiro Delegado de Área e membro da Xunta de

S. Ordinaria 28.06.10

Goberno Local, D. Xulio Calviño Rodríguez. Dentro das competencias atribuídas atópanse diversas funcións en materia de tráfico, acaidas á normativa existente no momento da súa aprobación.

Recentemente foi modificado o RD Lex 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei de Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, pola Lei 18/2009, do 23 de novembro, cambiando a regulación entre outros do artigo 86 no que se establece que a administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación, nunha serie de supostos.

Considerando o cambio que se produce no tratamento desta cuestión, así como o procedemento sumario que se establece para facilitar o tratamento residual dos vehículos, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado precepto legal e da competencia da Concellería de Medio Ambiente na materia, e vista da solicitude efectuada pola Xefatura de Seguridade e o concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, dende esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 142 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Modificar a delegación efectuada no concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade por Resolución de data 5 de xullo de 2007, engadindo o seguinte:

- * Competencia para proceder a realizar as declaracións de abandono dos vehículos, a efectos do previsto no artigo 86 da Lei 18/2009 de modificación do RD Lex 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Segundo.- Á presente delegación resultarlle de aplicación na súa integridade o réxime de delegación previsto na RA do 5 de xullo de 2007.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e á concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

Cuarto.- Comunicar a presente resolución ós xefes das diferentes áreas e servizos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede en coñecemento da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia da conta da anterior resolución ó Pleno da Corporación.

6.- (133).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 58/2010 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO).
EXPTE. 34311/212.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 20 de maio de 2010, a concelleira-delegada de Economía e Facenda faille a seguinte proposta ó Pleno da Corporación:

“En execución do decreto do Sr. Alcalde-presidente de 14 de maio, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 58/2010, que está conformado da seguinte documentación acreditativa: memoria xustificativa do Servizo da Policía Local e Bombeiros e resolución da Alcaldía-Presidencia na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer.

Á vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art. 123.h da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 177.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. interventor xeral municipal, formúlase ó Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a modificación orzamentaria nº 58/2010, por un importe de 19.717,20 euros, co desglose e aplicacións que figuran na resolución da Alcaldía-Presidencia de 14 de maio e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 19.717,20 euros, teñen a súa orixe en baixas doutras partidas.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar
1320,2040000	Renting vehículos policía	9.858,60
1350,2120000	Mtmt. Edificios	9.858,60
Total Oruxes para financiamento do C. extraordinario		19.717,20

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
1320,6260000/05135008	Sist. Integrado comunicacións	9.858,60
1350,6260000/05135008	Sist. Integrado comunicacións	9.858,60
Total aplicacións de fondos para C. extraordinario		19.717,20

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria (MC 58/10) polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por

un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.”

No expediente figura o informe da Intervención xeral municipal coa mesma data 20 de maio de 2010.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do día vinte e un de xuño do 2010, ditaminou favorablemente.

(Está ausente da votación a Sra. López Atrio do Grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e

ACÓRDASE:

Aprobar a modificación de crédito nº 58/2010 (Expte. 34311/212) proposta pola concelleira-delegada de Economía e Facenda co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

O motivo de votar en contra desta modificación de crédito é que nos parece que novamente se delata neste Pleno a falta de xestión do goberno municipal.

Hai tempo, cando se cualificou ó alcalde como o cuarto peor valorado nun estudo en

S. Ordinaria 28.06.10

toda España, tamén a xestión municipal deixaba á cidade nos últimos postos, eramos a cuarta cidade pola cola e así se deduce deste expediente que non debería ser novo para o goberno municipal por canto xa se especifica no mesmo, e así está asinado mesmo polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, Sr. Calviño, que a factura reclamando esta cantidade de 19.717,20 euros entra no Concello o 19 de febreiro de 2009. Non quero facer relación aquí de todas as modificacións de crédito que se produciron o ano pasado, tampouco quero facer mención de que aprobamos recentemente un orzamento neste Concello e non se tivo en consideración este tema. Malia ter transcorrido un ano e medio temos que traer unha modificación de crédito, un crédito extraordinario para facer fronte a unha responsabilidade que o goberno tiña que coñecer e iso non deixa de denotar a falta de xestión municipal deste goberno que se ve en temas coma este: 19 de febreiro-28 de xuño de 2010. No exercicio 2009 non se contempla aplicación presupostaria específica para este gasto, tampouco no 2010, na propia memoria xustificativa asinada polo Sr. Calviño xa ven o tema. Esta é a xestión do goberno municipal? Así nos vai.

Explicación de voto do concelleiro do grupo Socialista, Sr. Calviño Rodríguez:

Aínda que estamos acostumados a escoitar as moi *sui generis* valoracións do Partido Popular respecto á Alcaldía, en todo caso lembrarlle que a valoración do alcalde desta cidade está moi por riba da do presidente da Xunta, Sr. Feijóo, e da presidenta da Autoridade Portuaria e eterna candidata á Alcaldía, Sra. Corina Porro.

Respecto ó tema que nos ocupa, a este goberno municipal o que nos preocupa fundamentalmente é que funcionen os servizos municipais o mellor posible e obviamente, como vostede sabe e por iso se trae nestes intres unha modificación de crédito, este equipo que se subministrou, por certo no ano 2005 sendo vostedes goberno, non respondía ás características que realmente tiña que responder. Ata que o equipo funcionou como tiña que funcionar non se ten en conta pagar o 10% do que era o custe total dese subministro.

Como vostedes saben, que paguemos posteriormente este tema é porque xa pasaran os dous anos e pasado este tempo dende o subministro que foi no ano 2005, obviamente tiñamos que acudir a unha solución deste tipo posto que, como tal obrigación recoñecida, non se incorporara ós exercicios de 2008 e 2009 e polo tanto temos que acudir a esta medida unha vez que temos a completa seguridade de que

funciona o servizo como realmente ten que funcionar. Por iso se trae esa modificación de crédito que en todo caso respondía tamén a tratar de que ese pago fose absolutamente equitativo entre os servizos que dispoñían deste servizo que eran o servizo de Bombeiros e o da Policía Local. Obviamente unha vez que está todo en condicións é cando se aborda este tema.

7.- (134)- RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL VIAIS, CAMIÑO BAIXADA Ó CASTELO R-1. EXPTE. 51966/250.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xuño de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e do concelleiro-delegado de Patrimonio, emite o seguinte informe-proposta:

“1.- Por acordo do Pleno Municipal en sesión do 26 de outubro de 2009 resolveuse:
1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 1 da rúa Baixada ao Castelo. 2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes ós efectos de resolver eventuais reclamacións. 3º.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

2.- Acordo notificado ós interesados no expediente (propiedades lindeiras) e á Entidade Local Menor de Bembrive, e sometido polo prazo regulamentario a información pública mediante edito (BOP. Nº 234 do 3 de decembro do 2009).

3.- D. Guillermo e Miguel Ojea Vázquez, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 08/01/2010 formula alegacións ó acordo adoptado, manifestando que o ramal 1 do camiño Baixada ó Castelo está afectado por un vial en proxecto previsto no PXOU vixente; que a reclamación de propiedade formulada por Da. Rosario González Riveiro foi xa desestimada, e trátase dunha cuestión competencia da xurisdición civil; que ten interposto recurso contencioso administrativo contra a resolución do concelleiro de Patrimonio de data 27.04.2009; solicitando finalmente que se resolva a non aprobación do acordo de rectificación do IMBD.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- As alegacións formuladas por D. Guillermo e Miguel Ojea Vázquez ó acordo do Pleno municipal do 26.10.2009 de aprobación inicial da rectificación do IMBD dando de baixa como vía pública ao Ramal 1 do Camiño Baixada ao Castelo, carecen da motivación necesaria para poder desvirtuar os fundamentos xurídicos que xustifican o acordo adoptado, limitándose o alegante a facer mención a cuestións relativas ás

previsións viarias do PXOU ou a licencias outorgadas, que xa constan presentadas con anterioridade e resoltas nos acordos municipais adoptados; ou a cuestións sobre reclamacións de propiedade ou a interposición dun recurso contencioso administrativo, que en nada afecta a competencia municipal para adoptar acordos sobre o seu Inventario Municipal.

En todo caso cabe sinalar que na actualidade, xa recaeu sentenza tanto no procedemento ordinario seguido no Xulgado de 1ª Instancia nº 8 de Vigo sobre a acción declarativa de dominio presentada por Dª Mª Rosario González Riveiro e outro, en relación a dito camiño; como no recurso contencioso administrativo interposto polo interesado a que fai mención no seu escrito de alegacións. En ambos casos, as sentenzas ditadas veñen ratificar o acordo adoptado, ao recoñecer a titularidade privada de dito camiño e desestimar, por outra banda, o recurso interposto polo alegante, considerando axustada a dereito a resolución adoptada por esta administración respecto do camiño en cuestión.

2.- A teor do exposto, procede a desestimación das alegacións formuladas por D. Guillermo e Miguel Ojea Vázquez ó acordo de rectificación do IMBD adoptado, e conseguintemente acordar a aprobación definitiva da baixa do inventario como vía pública municipal do Ramal 1 do Camiño Baixada ao Castelo, e cumprindo así mesmo a sentenza do 25 de marzo de 2010 do Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de Vigo, ditada no procedemento ordinario nº 662/09 promovido por Dª Mª Rosario González Riveiro e outro.

3.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

A seguir o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xuño, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Guillermo e D. Miguel Ojea Vázquez contra o acordo do Pleno municipal do 26.10.2009 de aprobación inicial da rectificación do IMBD do ramal 1 da rúa Baixada ó Castelo.

Segundo.- Aprobar a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 1 da rúa Baixada ao Castelo .

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós interesados, á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Vías e Obras e demais servizos municipais que corresponda.

S. Ordinaria 28.06.10

8.- (135).- RESOLUCIÓN CONVOCATORIA CARGOS PRESIDENTE E SECRETARIO
TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xuño de 2010, a Alcaldía-Presidencia emite a seguinte resolución sobre convocatoria de 22 de decembro de 2009 para os cargos de presidente e secretario do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo:

“Por Resolución da Alcaldía de data 22 de decembro de 2009 procedeuse á convocatoria para os cargos de presidente e secretario do Tribunal Económico-Administrativo do Concello ó abeiro do disposto no Regulamento orgánico do tribunal económico-administrativo (BOP 15.06.04). Rematado o prazo para a presentación de solicitudes polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifícase a presentación de 17 solicitudes á convocatoria de ambos cargos.

Vistas as solicitudes presentadas pódese comprobar que o Concello de Vigo conta entre o seu propio persoal con efectivos perfectamente cualificado para o desenvolvemento das funcións referidas ós cargos de presidente e secretario do TEAM, sendo posible, ó abeiro das distintas experiencias municipais, o desenvolvemento de ditos cargos en réxime de dedicación exclusiva, parcial e incluso en réxime de asistencias, sen por iso menoscabar o rendemento do órgano, como o amosa o feito de que os distintos membros compartiron dita tarefa con outras responsabilidades municipais.

Así no marco actual de austeridade e contención do gasto público é obrigado para todas as administracións públicas a adopción de medidas de axuste tendentes a procurar un aforro económico efectivo. Como símbolo da situación na que nos atopamos e da necesidade de afrontar cambios na xestión pública está o xa coñecido Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público, cambios que xa iniciaron o seu percorrido co acordo plenario de data 9 de xuño de redución das retribucións dos membros da Corporación, e instrucións técnicas para a súa aplicación ó persoal municipal, así como a redución do salario do persoal eventual pola Xunta de Goberno Local.

Resulta necesario, considerando que os gastos de persoal supoñen unha parte significativa dos gastos correntes, abordar medidas que supoñan un redeseño das institucións dende un punto de vista da reorganización e racionalización administrativa, incrementando a produtividade sen incremento de custos, aplicando solucións novidasas que dean resposta ós problemas diarios que aparecen na xestión pública, sen por iso deixar de dar resposta ás esixencias sociais que nos demanda o estado do benestar.

Partindo da potestade de auto-organización coa que está dotada esta entidade, en virtude da que estableceu un determinado modelo de organización do TEAM a través do regulamento orgánico propio, o escenario actual recomenda cambiar dito modelo

por un que permita igualmente atender ás necesidades derivadas do cumprimento do seu mandato, especialmente tomando en consideración as elevadas retribucións aprobadas para os membros do TEAM, incidindo na intención de minimizar as medidas de aforro nos salarios máis baixos, e prever as distintas posibilidades no desempeño dos cargos obxecto de convocatoria, incluíndo o recurso ó persoal municipal propio en réxime de dedicación parcial ou por asistencia.

O cambio do modelo debe ser obxecto de regulación a través do Regulamento Orgánico do TEAM, requirindo polo tanto a súa modificación a efectos de recoller as distintas fórmulas na provisión dos distintos cargos que conforman o citado órgano municipal, declarando, con carácter previo, deserta a convocatoria polas razóns anteriormente expostas en relación co cambio de modelo e á natureza de cargos libremente designados dos membros do TEAM.

Polo exposto, dende esta Alcaldía, á vista do expediente tramitado para a designación dos cargos de presidente e secretario do TEAM e das solicitudes presentadas, parece o máis acaído á conxuntura económica actual e ó esforzo que demanda a sociedade das institucións públicas optar por solucións que partan da optimización dos recursos dos que dispón, habida conta especialmente de que se trata de solucións xa exploradas con éxito por outros concellos.”

A seguir o alcalde-presidente fai a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Figuran no expediente os informes da secretaria xeral do Pleno e de fiscalización da Intervención Xeral, ambos de data 24 de xuño de 2010.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria para a designación dos cargos de presidente e secretario do Tribunal Económico-Administrativo Municipal, no marco do escenario de contención do gasto público, en base ás razóns expostas nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós solicitantes e á Secretaría Xeral do Pleno

para a incoación de expediente de modificación do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo.

9.- (136).- CAMBIO DENOMINACIÓN DE PARTE DO CAMIÑO FONTÁNS.
MODIFICACIÓN EXPTE. 12091/331.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de maio de 2010, o concelleiro-delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural emite a seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación municipal:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día vinte e seis de abril de 2010, adoptou o seguinte acordo:

“Que se denomine Antía Cal Vázquez (pedagoga) ao vial que comeza no nº 29 da rúa Portela e o nº 16 da propia rúa Fontáns, en recoñecemento a esta “galega destacada” que dedicou a súa vida ao ensino e a defender o dereito das mulleres a exercerlo”.

A interesada solicita que a denominación exacta da rúa quede reducida a “Antía Cal (pedagoga)”, para o que procede unha rectificación do acordo plenario adoptado.

En virtude do decreto da Alcaldía do Concello de Vigo, do 5 de xullo de 2007, sobre delegación de competencias nos concelleiros, que establece na Área de Cultura e Animación Sociocultural a competencia seguinte entre outras: “13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes”.

De seguido o dito concelleiro-delegado fai a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Denominar “Antía Cal (pedagoga)” ó vial que comeza no nº 29 da rúa Portela e o nº 16 da propia rúa Fontáns, en recoñecemento a esta “galega destacada” que dedicou a súa vida ó ensino e a defender o dereito das mulleres a exercerlo, polo que queda

modificado o acordo plenario de data 26 de abril de 2010.

10.- (137).- DENOMINACIÓN RÚA CO NOME "PEDREGAL". MODIFICACIÓN EXPTE. 2099234.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de maio de 2010, o concelleiro-delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural emite a seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación municipal:

"O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día vinte e seis de abril de 2010, adoptou o seguinte acordo do que se achega copia

"Que se denomine Pedregal ao tramo de vial público que comeza no nº 257 da estrada de Valladares e remata no nº 29 do camiño de Valladares".

Vista a documentación que consta no expediente, os informes do servizo de estatística e do departamento de Cultura, así como os planos de situación púidose comprobar un erro na delimitación do espazo público no acordo plenario adoptado, onde consta que a rúa remata "no nº 29 do camiño de Valladares", sendo o correcto "no nº 29 do camiño de Valada".

En virtude do decreto da Alcaldía do Concello de Vigo, do 5 de xullo de 2007, sobre delegación de competencias nos concelleiros, que establece na Área de Cultura e Animación Sociocultural a competencia seguinte entre outras: "13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes".

De seguido o dito concelleiro-delegado fai a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, na súa sesión ordinaria do 21 de xuño de 2010 ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Denominar Pedregal ó tramo de vial público que comeza no nº 257 da estrada de Valladares e remata no nº 29 do camiño de Valada, polo que queda modificado o acordo plenario de data 26 de abril de 2010.

11.- (138).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES, PARCELA RÚA PANAMÁ 12-14. EXPTE. 12208/411.

ANTECEDENTES.- Coa data 07.06.10 o técnico de administración xeral, o arquitecto municipal director da Oficina de Planeamento e Xestión e a xerente de Urbanismo informan:

“1.- En data 23.09.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU unha solicitude presentada por “Promociones Panamá 14, S.A.” (Doc. nº 90136224) coa que se achegaban dúas copias da documentación correspondente ó «ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES PARCELA R/PANAMÁ 12-14», redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García, con visado do COAG de data 22.09.2009.

2.- Tal documentación foi completada e corrixida a teor dos requirimentos municipais de datas 04.11.2009 e 03.02.2010, coa presentada posteriormente o 18.11.2009 (Doc. nº 90166540), con visado colexial do 16.11.2009 e o 22.02.2010 (Doc. nº 100026100), con planos reformados visados o 19.02.2010.

3.- Informado o expediente polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento-Xestión, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15.03.2010 acordou:

«PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 12208/411, aprobar inicialmente o «Estudio de detalle de ordenación de volumes - parcela r/Panamá 12-14», promovido pola mercantil “Promociones Panamá 14, S.L.” e redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García, con visado do COAG de datas 16.11.2009 e 19.02.2010 .

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo a todos os interesados, entre os que se contarán as Comunidades de Propietarios da rúa Panamá nº 16 e da rúa Venezuela nº 22, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».

4.- Publicáronse os correspondentes anuncios no DOG nº 71 do 16.04.2010 e no xornal «Faro de Vigo» do 09.04.2010 e notificouse o acordo ós interesados. Durante o prazo concedido para o efecto e segundo certificación expedida polo secretario da XMU o 01.06.2010, non se presentou alegación ningunha.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

S. Ordinaria 28.06.10

- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III.- DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Establece o art. 73 da LOUGA -e, en termos semellantes, o art. 4.1.3 das NNUU do PXOM- que, en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

2.- Os estudos de detalle en ningún caso poderán (arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

3.- Tocante á documentación esixible para esta clase de instrumentos, o art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

- a) Plano de situación no termo municipal.
- b) Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, escala mínima 1:500.
- c) Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.
- d) Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, escala 1:500.
- e) Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, escala mínima 1:500.
- f) Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no estudo de detalle.

Ademais, de acordo co previsto no Art. 66.1 do RPU, os estudos de detalle conterán tamén unha memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

4.- A proposta de estudo de detalle presentada por “Promociones Panamá 14, S.A.” formúlase ó abeiro do preceptuado, con carácter xeral, no art. 73 da LOUGA e, especificamente, no art. 9.3.11 apartado. 7 das NNUU do PXOM («Altura da edificación»), segundo o que, en determinados casos, debidamente xustificados, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, cando estas superen notablemente a altura fixada no PXOM e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no art. 9.3.11.1 das NNUU; que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin dun máximo de 11 plantas.

Nestes supostos, o Concello esixirá a presentación dun estudo de detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e contorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta ordenanza e das propostas presentadas.

5.- O ámbito de solo urbano consolidado obxecto deste estudo de detalle está conformado pola unidade urbana integrada polo edificio con fronte á rúa Venezuela nº 22 e os edificios con fronte á rúa Panamá sinalados cos núms. 12, 14 e 16.

6.- Informou o aparelador municipal que a proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza aplicable (ordenanza nº 3: «Edificación en couzada pechada») nun sólido de sete (7) plantas, mantendo o dereito edificatorio que lle corresponde, sendo así que a ordenación proposta: *«non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento*

urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas lindeiras»

7.- Dispón o art. 86.2 da LOUGA que os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia e que, á vista dos resultados da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

8.- Preceptúa o art. 92 da LOUGA (apartados 2, 3 e 4) que o acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

Ademais se, como é o caso, a competencia para a aprobación definitiva lle corresponde ó Concello, aquela comunicárase á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (CMATI), á vez que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados pola secretaría, facendo constar dita circunstancia.

Lémbrese que a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas ó cumprimento do disposto neste art. 92 da LOUGA e «*ó que dispoña para o efecto a lexislación reguladora da administración actuante*» (art. 92.4 LOUGA).

9.- A competencia para aprobar definitivamente o estudo de detalle é municipal (art. 89.2 LOUGA), correspondéndolle ó Pleno da Corporación (art. 123.1.i] da LRBRL) previa toma de coñecemento ou ditame polo Consello de Xerencia da XMU (art. 8.m] estatutos XMU).

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o art. 86.2 da LOUGA, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o «Estudio de detalle de ordenación de volumes -parcela r/Panamá 12-14» (exp. nº 12208/411), promovido pola mercantil “Promociones Panamá 14, S.L.” e redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García, con visado do COAG de datas 16.11.2009 e 19.02.2010.

SEGUNDO: Publicar no DOG o acordo de aprobación definitiva e no BOP de Pontevedra o contido normativo do estudo de detalle (“Memoria xustificativa”) e notificalo, na forma prevista nos arts. 58 e 59 da LRX-PAC (L.30/1992) ós interesados, entre os que se contarán as comunidades de propietarios da rúa Panamá nº 16 e da rúa Venezuela nº 22, con indicación de que contra este acordo só caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á súa notificación.

TERCEIRO: Comunicar este acordo de aprobación definitiva á Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

S. Ordinaria 28.06.10

Infraestruturas (CMATI) da Xunta de Galicia, dándolle tamén traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento de planeamento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 17 de xuño de 2010, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar definitivamente o “Estudo de detalle de ordenación de volumes -parcela r/Panamá 12-14”, co texto presentado polo arquitecto municipal, director da Oficina de Planeamento, o técnico de administración xeral e conformado pola xerente de Urbanismo, que se contén nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez:

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Dende hai moitos meses vimos denunciando a falta de xestión por parte do concelleiro de Urbanismo. Este expediente de Estudo de Detalle de ordenación de volumes-parcela rúa Panamá 12-14, que se levou para aprobación inicial á sesión do Consello da Xerencia do día 11.03.2010, é un claro exemplo do que está a suceder na Xerencia, declarouse a caducidade dun expediente de solicitude de licenza de obras solicitada para ese ámbito (Expte. 63228/421) en consello do día 10.06.2010, cando tan só unha semana despois, na sesión do 17.06.2010, a mesma Xerencia ditaminou favorablemente e propúxolle ó Pleno a aprobación definitiva deste Estudo de Detalle da rúa Panamá.

O que queremos manifestar dende o Grupo Popular é a falta de coordinación, a pouca

S. Ordinaria 28.06.10

organización que por moito persoal que contrate vese no mesmo concelleiro de Urbanismo posto que, se realmente esta persoa tivese un control exhaustivo de todas as funcións que realiza, debería decatarse do que pasa na súa Xerencia. Pero como ben denunciámos en numerosas ocasións non se decata e este é o exemplo máis claro.

Non nos opoñemos á aprobación definitiva pero si á xestión realizada por este concelleiro.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Martiño, entendo que abriu vostede un debate ó facer esta intervención e polo tanto vai haber unha intervención do concelleiro.

SR. MARIÑO MENDOZA: O Sr. Martiño vólvenos sorprender un día máis. Dixémoslle en reiteradas ocasións que ten á súa disposición a todos os técnicos da Xerencia de Urbanismo para todas aquelas aclaracións que vostede crea necesarias.

Non vou facer alusión a como tramitaban vostedes os expedientes, pero se coñecese a legalidade e vostede deberíaa coñecer porque ata onde eu sei é xurídico, sabería que non se entende por caducado un expediente ata que se lle notifica ó propietario. Vostede fala aquí do día que se presentou o estudo de detalle pero o que non di é que existiu unha notificación á que o propietario non contestara. Se nese período entre que se leva ó Consello da Xerencia e se lle notifica, e tense resguardo desa notificación, o propietario presenta documentación, o expediente ten que ser aberto. Vostede é xurídico, Sr. Martiño, e non me para de sorprender. Pero lle volvo repetir que ten ós técnicos da Xerencia de Urbanismo para todas aquelas aclaracións que necesite. E por favor non faga máis o ridículo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Tan só dicir que si que son xurista, o que non sei é o que é vostede. Indícolle e vólvolle indicar para que se decate vostede, que non se decata, que o 11.03 o estudo de detalle estaba na Xerencia de Urbanismo e vostede declarou a caducidade da licenza, non tivo que presentar nada, pola contra haberá de resolverlle o recurso de reposición, pero como non se decata aínda que pense vostede que si, di que non teño coñecemento diso. Estes datos son reais, o 11.03 presentouse o estudo de detalle, o 17.06 apróbase na Xerencia, o 10.06 declárase a caducidade da licenza. Non trate vostede de confundir á xente, aquí non se presentou nada posterior senón que xa o presentara. Non se decata e dá igual que

vostede intente eludir a súa responsabilidade como sempre fai en todos os Plenos, pero a realidade é esta.

12.- (139).- MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NOS BARRIOS HISTÓRICOS. EXPTE. 4449/407.

ANTECEDENTES.- Coa data 02.06.2010 o Xefe dos Servizos Centrais co conforme da Xerente de Urbanismo informa:

“Con data 26 de marzo de 2010 a Directora da Oficina de Rehabilitación, co conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos deste Concello de Vigo, realiza unha proposta de modificación da vixente ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación da vivenda no Casco Vello de Vigo e no Barrio Histórico de Bouzas, en base a seguinte motivación que se transcribe literalmente nos seguintes catro puntos:

1. *“O obxecto da ordenanza é o desenvolvemento dos convenios asinados entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vigo ao abeiro do RD2066/2008, de 12 de decembro, polo que se regula el Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 publicado no BOE nº 309 do 24 de decembro e ao abeiro do D 402/2009, do 22 de outubro (DOG nº217 de 5 de novembro), polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no RD 2066/2008.*
2. *A Ordenanza é aplicable tanto para o Casco vello de Vigo como para o Barrio histórico de Bouzas, coas salvidades que especifiquen os seus correspondentes Pepri, cara a facilitar a xestión e unificar criterios.*
3. *O RD 2066/2008 de 12 decembro, Plan Vivenda 2009-2012 no Capítulo III, Eixo 3: “Áreas de rehabilitación integral e renovación urbana”, Sección 1ª referido a Programa de áreas de rehabilitación Integral de conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e municipios rurais (ARIS) establece no seu artigo 46 as condicións que deben ter as áreas de rehabilitación. Segundo este artigo débese modificar as condicións de Centro histórico da Área de rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas pois tendo a figura de Plan especial aprobado non conta con Declaración de Conxunto histórico, xa que logo o expediente incoado ao efecto foi rexeitado pola autoridade competente. Así pois a ordenanza será para a Área de rehabilitación de Conxunto histórico-centro histórico do Casco vello de Vigo e Área de rehabilitación integral (de centro urbano) do Barrio Histórico de Bouzas.*

4. O D 402/2009 de 5 de novembro así como o convenio subscrito entre A Xunta de Galicia e o Ministerio da Vivenda para a aplicación del Plan Estatal en data 1 de xullo (BOE nº 174 de 20 de xullo) establecen límites aos m² protexibles das vivendas así como aos ingresos das unidades familiares para uso propio que soliciten axudas. Nos convenios anteriores eximíanse destes supostos, así pois os recollemos para dar conta das regulacións esixidas na Lei (RD 2066/2008, Art. 47 e D402/2009)."

Sínálanse no mesmo documento as modificacións principais propostas no novo texto da citada ordenanza:

"1ª.- Modifícanse as cantidades a percibir por actuacións de rehabilitación, pois establécese un tope máximo de 11.600 euros por actuación en Casco Vello e 10.000 euros en Bouzas, sendo esta de comúns ou ben vivenda ou ambas. (art 10).

2ª.- Establécense como máximo o 70% do orzamento protexible nas actuacións de rehabilitación independentemente do uso, ben uso propio ou ben alugueiro (art. 10).

3ª.- As actuacións de rehabilitación de vivenda para uso propio dos solicitantes que superen 6,5 veces o IPREM en vigor no momento da solicitude de axudas non poden solicitar as axudas á rehabilitación aquí reguladas (art. 10 e 14).

4ª.- En aplicación da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, (DOG nº 13 de 20 de xaneiro de 2009) estas axudas serán compatíbeis con calquera outra sempre e cando non se supere o 75% do orzamento protexible, coas salvidades que cada norma estableza segundo o seu desenvolvemento regulamentario (art. 2).

5ª.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados sen recuperación da estrutura orixinal salvo xustificación técnica suficientemente motivada e se modifica o artigo referido aos elementos definidos como disconformes no planeamento (art. 6 e 7).

6ª.- O orzamento protexible (art. 12) será supervisado e aprobado polos técnicos adscritos ao programa segundo a aplicación dos prezos da Base de datos da Construción de Galicia ao orzamento presentado polo promotor ou promotores. Establecese un orzamento protexible mínimo de 1000 euros por vivenda e un límite de 90m² (art. 41 do D 402/2009).

7ª.- Recollemos nesta ordenanza a opción dos solicitantes de axudas á rehabilitación a solicitar o préstamo convido sen subsidiación referido no art. 48, punto 5 do RD 2066/2008. (art. 16).

8ª.- Reformúlase o articulado referido á documentación a aportar para a solicitude de axudas: referido ao solicitante, á titularidade do inmóbel, ao destino da vivenda así como a relativa as actuacións a realizar co gallo de clarificar este apartado (art. 18).

9ª.- Sínalase a necesidade da achega da ITE do edificio de ser obrigada a súa presentación e se especifica a periodicidade de 10 anos das axudas para a rehabilitación ao abeiro dos Plan vivenda despois de dez anos (art. 8.).

10º.- *Por último na disposición adicional primeira especificanse os coeficientes ponderadores IPREM- establecidos no D402/2009 de 22 de outubro de aplicación en actuacións para uso propio en actuacións privativos do edificio (vivenda).*

11ª.- *Para facer a selección de solicitudes no momento da convocatoria e co gallo de poder encadrar nas distintas anualidades as actuacións preseleccionadas ou finalistas segundo establecen os acordos asinados o 22 de febreiro de 2010- obxectivos 2009 , proponse que no momento da selección se achegue licenza e de de non ter este requisito, se poda aportar a solicitude de licenza, o proxecto básico, a orde de execución ou o informe de ITE. Deste xeito pódese encaixar dun xeito mais razoábel as anualidades futuras que dificilmente ou en contadas ocasións poden contar con licenza nos prazos estipulados nese convenio antes referido (art. 13)."*

A seguir a asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 6 de abril de 2010 o Delegado de Urbanismo e Vivenda resolve *"Ordenar a incoación de expediente administrativo para a tramitación da modificación da ordenanza municipal que regule as axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas ARIs de Casco vello e Bouzas"*.

O 19 de maio de 2010 o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe xurídico favorable relativo á modificación pretendida.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, na súa sesión do día 23 de xuño, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar inicialmente o proxecto de modificación da ordenanza municipal que regula as axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación Integrada de Casco vello e Bouzas, establecendo a seguinte regulación:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DE CENTRO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO E ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no Casco Vello de Vigo e no Barrio Histórico de Bouzas.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación dos barrios históricos, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen a complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións da Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivenda do Concello de Vigo desenvolvendo os Plans Vivenda 1998-2001, 2002-2005, 2005-2008.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da área de rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello de Vigo e área de rehabilitación integral do Barrio Histórico de Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación, mellora da habitabilidade ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de mobilidade reducida, accesibilidade e a atención aos supostos de insolvencia económica.

IV. Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuír á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

V. Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto no RD 2066/2008 do 12 de decembro (BOE nº 309 do 24 de decembro) para o período 2009-2012, e o D 402/2009 do 22 de outubro (DOG nº 217 do 5 de novembro) e resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda (BOE nº 174 do 20 de xullo).

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1.- Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo e Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, dentro do marco establecido polo RD 2066/2008 do 12 de decembro, polo que se aproba o Plan estatal

de vivenda e rehabilitación 2009-2012, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, publicado en data 20 de xullo no BOE nº 174 , segundo a resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio

2.- Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo no marco do Plan de vivenda.

Artigo 2. Principios xerais

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerese polas seguintes normas:

1. Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións. RD 887/2006 do 21/07/06 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e normas concordantes.
2. Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
3. Polas presentes normas.
4. Pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
5. Pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia
6. Polas bases de execución dos orzamentos do Concello.

Artigo 3. Carácter das axudas

As axudas previstas nestas normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

Artigo 4. Ámbito territorial

O ámbito territorial desta ordenanza é:

- a) Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo, declarada pola Consellería de Cultura e Deporte o 22.08.06 e coincidente coa delimitación do PERI Casco Vello segundo o anexo I e II do decreto 136/2006 do 27 de xullo polo que se declara Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona vella da cidade de Vigo;
- b) Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Barrio Histórico de Bouzas de Vigo, declarada Área de Rehabilitación polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas.
- c) Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaren polo procedemento establecido para o efecto.

Artigo 5. Tipos de actuación

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

Rehabilitación en edificios con uso residencial

- a) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación doutros servizos de carácter xeral.
- b) Rehabilitación de edificios completos.
- c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse ademais incluídas:
 - A instalación de ascensores.
 - As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
 - A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
 - O acaemento de accesos e circulación para uso de persoas con mobilidade reducida.
 - Reforzos estruturais, elementos singulares da edificación

Artigo 6. Características das axudas económicas

1.- As axudas económicas abeiradas aos convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.

2.- As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (Oficina de Rehabilitación).

3.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados sen recuperación da estrutura orixinal salvo xustificación técnica suficientemente motivada.

CAPÍTULO SEGUNDO. FINALIDADE DAS AXUDAS

Artigo 7. Conformidade co planeamento

1.- Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

2.- Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a ordenanza e previa valoración da oficina de rehabilitación tendo en conta os supostos de necesidade da obra, a licenza outorgada e valoración do

conxunto do edificio.

Artigo 8. Condicións dos inmóbeis

1.- Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento e de rede de auga, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

2.- As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

3.- Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmóbel por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

4.- Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 10 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas con mobilidade reducida ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.

5.- Nas actuacións relativas aos edificios e/ou elementos comúns dos mesmos deberán ter presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) se é de obriga telo presentado pola súa antigüidade e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras. As actuacións deberán ter como resultado o informe favorábel da ITE como mínimo (certificado de finalización de obras indicado no informe de ITE emitido por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional) e aqueles outras actuacións que a xuízo dos técnicos da oficina deban ser executadas.

Artigo 9. Beneficiarios/as

1.- Poderán ser beneficiarias/os das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente ou, trala rehabilitación, o uso sexa destinado a domicilio habitual, por uso propio ou para alugueiro.

2.- Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

3.- As vivendas con axudas á rehabilitación deberán destinarse a domicilio habitual e permanente do seu propietario, ou ao arrendamento polo menos durante 5 anos trala finalización das obras de rehabilitación (art.46 RD2066/2008)

CAPÍTULO TERCEIRO. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Artigo 10. Contías das axudas

1.- Estabélcese unha subvención xeral do 70% do orzamento protexíbel para as actuacións de rehabilitación

2.- Non poderán ser subvencionadas as actuacións para uso propio das unidades familiares que superen 6,5 veces o IPREM. (art. 47 Rd 2066/2008 e art. 45 D402/2009)

3.- En calquera caso a contía máxima da subvención non poderá exceder de 11.600 euros en Casco Vello e os 10.000 euros no Barrio Histórico de Bouzas.

Artigo 11. Programa complementario de actuacións

1.- Estabélcese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñíbeis e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

2.- Será condición sine qua non para acollese a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

3.- As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitábeis ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por mobilidade reducida. Nos supostos de actuacións nos elementos estruturais ou de instalacións da edificación que supoñan risco poderá seren contemplada a porcentaxe das cotas de participación da solicitude presentada polo suposto de insolvencia.

4.- O orzamento protexible da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

5.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

6.- Requisitos:

- Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven

- permanentemente na vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.
- Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.
- Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

7.- Contía das axudas: As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- I. Estabelécese unha subvención a fondo perdido do 75% do orzamento protexíbel das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ao 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e estea avaliado segundo os criterios anteriormente establecidos.
- II. Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

Artigo 12. Orzamento protexíbel

1.- Orzamento protexible será o resultante de aplicar os prezos unitarios da base de datos da construción de Galicia ó orzamento presentado. Excluíranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.

2.- Por orzamento presentado entenderase o presuposto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle engadir ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

3.- Contía mínima do orzamento protexíbel por actuación: Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel superior a 1.000 euros por vivenda (art 41 D402/2009) sexa cal sexa a actuación.

4.- Contía máxima de orzamento protexíbel:por actuación:.

- Contía máxima do orzamento protexíbel por actuación será a aceptada polos técnicos adscritos ao programa e non pode superar os 90m² de superficie útil máxima por vivenda (art. 48 Rd2066/2008 e art. 41 D402/2009) e aplicarase o módulo básico estatal en vigor (MBE: art. 9 e art. 70 do RD 2066/2008, Disposición adicional segunda).

- a) Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ao número destas, o orzamento protexíbel calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.
- b) Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexíbel da devandita actuación.

- c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda -unifamiliares. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela ou pequeno local con actividade comercial.

CAPÍTULO CUARTO. REQUISITOS XERAIS

Artigo 13. Requisitos xerais

Para os efectos de obter as axudas previstas na ordenanza será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1.- As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar. De non ter a licenza de obras no momento da convocatoria das axudas admitirase a presentación da solicitude de licenza na Xerencia, e de selo caso acompañada do proxecto básico, informe negativo da ITE ou orde de execución.
- 2.- A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.
- 3.- As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións
- 4.- ITE positiva ou a obtención desta trala intervención de rehabilitación como mínimo.

Artigo 14. Límites xerais das axudas

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel prevexa e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios. Isto é:

- 1.- 90m² de superficie útil máxima nas actuacións para uso propio
- 2.- Límite do 75% dos orzamentos protexidos
- 3.- Non superar 6,5 do IPREM en vigor no conxunto da unidade familiar solicitante para uso propio, sendo este último límite sen efecto para as solicitudes de rehabilitación destinadas a alugueiro.

Artigo 15. Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 75% do orzamento protexíbel.

CAPÍTULO QUINTO. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 16. Normas xerais

1.- A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.

2.- O procedemento realizarase mediante convocatoria aberta a través de resolucións anuais e conforme o establecido no artigo 59 do RD 887/2006 de 21/07/06 polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

3.- A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4.- As propostas serán realizadas por unha comisión avaliadora que estará integrada polo titular da delegación de competencias, o concelleiro de Cascos Históricos ou quen o substitúa nesa competencia, que a presidirá, o interventor, o secretario, o director dos Servizos Centrais, todos eles da Xerencia de Urbanismo, e o director/a da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator da comisión. Os titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da comisión.

5.- A resolución dos expedientes corresponderá ao órgano que teña a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola comisión avaliadora.

6.- O prazo para acordar a aprobación inicial da axuda será cinco meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

7.- Os solicitantes de axudas á rehabilitación de vivendas poden optar ao dereito de solicitar préstamo convido sen subsidiación (art. 48 , punto 5 do RD 2066/2008).

Artigo 17. Procedemento

1.- As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

3.- O petionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar o

petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

4.- Xunto coa solicitude oficial das axudas presentarase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18

5.- Realizada a visita de inspección e o informe técnico por parte da oficina de rehabilitación o solicitante poderá:

- a) No caso de obras menores: solicitar da Oficina de Rehabilitación a prestación dos servizos de redacción da documentación precisa para a obtención de licenza
- b) No caso de obras maiores: precisará técnico externo, que redactará o proxecto cara a obtención da licenza de obras e levará a dirección facultativa. Os técnicos da Oficina de rehabilitación facilitarán a documentación dispoñíbel para facilitar a redacción do proxecto.

Artigo 18. Solicitude oficial de axuda e documentación

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentarase en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

1.- Documentación relativa ao solicitante.

- a) Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante formalmente nomeado.
- b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.
- c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta ordenanza, salvo que as vivendas sexan destinadas ao alugueiro.
- d) Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionábeis por esta ordenanza.
- e) A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente Norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo Tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello). Deberase acreditar formalmente que os solicitantes non teñen débedas de carácter tributario coas administracións públicas (Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e Tesourería Xeral da Seguridade Social).

2.- Documentación acreditativa da titularidade do inmóbel.

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do

legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóbel.

- b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga constar as obras e a autorización do propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3.- Documentación relativa ao destino da vivenda.

- a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
- b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

4.- Documentación relativa as actuacións a realizar

- a) Licenza das obras para as que se solicita axuda.
- b) Proxecto da obra
- c) Copia da ITE
- d) Orzamentos de execución de obra das empresas, dos técnicos e de ser o caso da dirección de seguridade.

Artigo 19. Aprobación inicial das axudas

1.- Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, o órgano que ostente a atribución para autorizar o gasto, tras a proposta da comisión avaliadora, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2.- Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

Artigo 20. Contratación das obras

1.- Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2.- Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución

definitivo, asinado polas partes.

Artigo 21. Inicio das obras

1.- As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente tras trámite de audiencia ao interesado/a.

2.- O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras..

3.- Obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

Artigo 22. Execución das obras

1.- As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder da metade do tempo prescrito para o prazo orixinal.

2.- A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.

3.- As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza.

4.- A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

5.- Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das actuacións, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación coa Oficina de Rehabilitación.

Artigo 23. Remate das obras

1.- O solicitante das axudas á rehabilitación deberá comunicar á Oficina de Rehabilitación a data de remate das obras.

2.- Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación do final de obra redactado polo técnico competente. Deberá achegar a

documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redacten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

4.- En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

5.- En actuacións no que sexa preciso o ITE, deberá achegar o ITE favorable ou positivo.

Artigo 24. Aprobación definitiva das axudas e criterio de outorgamento

1.- A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

2.- De acordo previo entre as partes o beneficiario das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

Artigo 25. Pagamento das axudas

As axudas concedidas definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a Xunta –a través da consellería competente– emita o documento de cualificación definitiva así como se xustifique o libre de débedas de carácter tributario coas administracións implicadas na subvención (Administración local, Facenda da Xunta, Axencia Tributaria e Seguridade Social).

Artigo 26. Causas de denegación e perda das axudas

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade e seguridade a respecto do estado previo do inmóbel.
- e) Iniciar as obras sen autorización da Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou os adscritos ao programa por parte do promotor ou do contratista ou da propiedade.
- h) Non manter colocado o cartel da obra facilitado pola Oficina de Rehabilitación.

Artigo 27. Reintegro das subvencións

1.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2.- Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impoñer.

3.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. Coeficientes ponderadores IPREM

1.- A ponderación dos ingresos familiares realizarase segundo establece o RD2066/2008 do 12 de decembro no seu artigo 4. Para a determinación dos ingresos familiares se partira da base impoñíbel xeral e do aforro correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada membro da unidade familiar relativa ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude . A contía resultante converterase en número de veces o IPREM do conxunto familiar, que deberá ser ponderado mediante a aplicación do coeficiente multiplicador único comprendido entre 0,70 e 1. Para cálculo do IPREM “Indicador público de renda de efectos múltiples “do conxunto da unidade familiar, teranse en conta os seguintes coeficientes de aplicación:

Número de membros da unidade familiar	Coeficiente
1	1,00
2	0,90
3	0,80
4	0,75
5 ou máis	0,70

IPREM solicitante = suma das bases impoñíbeis e do aforro dos membros da unidade familiar X nº do coeficiente dos membros unidade familiar.

2.- En caso de que o solicitante ou algún dos membros da súa unidade familiar teña a condición de discapacitado oficialmente recoñecido, nos termos establecidos pola lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o coeficiente correspondente ao tramo seguinte ao que correspondería pola súa composición familiar.

3.- Non poderá solicitar axudas a rehabilitación para uso propio a unidade familiar que supere 6,5 veces o IPREM en vigor no momento da solicitude.

SEGUNDA.- Outros convenios

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

TERCEIRA.- Promocións tuteladas

1.- O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2.- Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.

3.- A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

CUARTA.- Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas no barrio histórico.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente e substitúe á ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación de centro histórico do Casco Vello de Vigo e do Barrio Histórico de Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 26/11/2007 (BOP núm. 71, do 14/04/2008) sen prexuízo dos efectos das situacións creadas ao amparo do Rd 801/2005 do 1 de xullo e reguladas pola mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

13.- (140).- ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA AXILIZACIÓN E MELLORA DA TRAMITACIÓN E XESTIÓN ADMINISTRATIVA NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 4486/4070

ANTECEDENTES.- O xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 18.06.10, co conforme do delegado da Area de Urbanismo e Vivenda e da xerente de Urbanismo, informa o que segue:

“A Xerencia Municipal de Urbanismo está configurada como un organismo autónomo de carácter administrativo integrado dentro do Concello de Vigo que ten encomendada dende o 27.07.96, a xestión e administración dos asuntos urbanísticos que son atribuídos legalmente á Administración Municipal.

Un dos obxectivos de toda organización administrativa é a mellora na xestión e a súa repercusión no servizo público prestado aos cidadáns. Para isto, dende as diferentes administracións públicas estanse a articular diversas medidas tendentes ao cumprimento dos principios máis básicos da actuación administrativa de celeridade na tramitación de todos os expedientes.

A Xerencia Municipal de Urbanismo comezou a finais do mes de novembro, un proceso de análise e racionalización de todos os procedementos administrativos con ocasión da aplicación do ditado da directiva 123/2006/CE.

Así mesmo, na propia modificación de estatutos que actualmente está en tramitación (disposición adicional terceira), prevese a implementación de mecanismos de control do grao de eficacia e calidade da prestación do servizo encomendado.

Con ocasión da aprobación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos impuxo ás entidades que integran a administración local, a obriga de que os dereitos dos cidadáns puideran ser exercidos ante esta por medios electrónicos a partir do 31 de decembro de 2009 (apartado 4º da disposición final terceira).

A “Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio” modificou o artigo 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadíndolle un novo apartado 4 ó citado artigo, para dispoñer que as entidades locais garantirán, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan, a través da “xanela única” (“*por vía electrónica e a distancia*”) obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio, e coñecer as resolucións e resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes.

Ao obxecto de dar cumprimento a esta normativa a Xerencia Municipal de Urbanismo está adoptando as seguintes medidas:

- 1) A adaptación das súas aplicacións informáticas e procedementos de

tramitación, co obxectivo de que o expediente administrativo se dixitalice integramente.

- 2) Implantación da sinatura electrónica (dispoñendo de tarxetas personalizadas con certificados electrónicos).
- 3) O escaneado -dende mediados de 2009- de toda a documentación presentada no Rexistro por demandantes ou prestadores de servizos, medida esencial tendo en conta que gran parte da tramitación deste organismo se fai a instancia de parte.
- 4) A dixitalización das fichas correspondentes ás licenzas anteriores á informatización da tramitación administrativa (licenzas concedidas entre os anos 40 e 1987), mediante o convenio asinado coa asociación "Down-Vigo" o 28 de maio de 2009 (autorizado por Consello da mesma data).
- 5) A adhesión ó programa "Urbanismo en rede", mediante a sinatura dun convenio coa entidade pública empresarial "RED.ES", para a integración do planeamento urbanístico vixente do termo municipal de Vigo nos canais telemáticos de información (convenio autorizado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo).
- 6) A sinatura dun convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o intercambio telemático de información (convenio asinado o pasado 7 de xuño de 2010, conforme ó texto aprobado polo Consello da XMU na súa sesión do día 3 de xuño de 2010).

Para que todas estas medidas alcancen o obxectivo de prestar servizo ós cidadáns con maior eficacia e axilidade, é necesario unha posta ó día dos milleiros de expedientes que se tramitan anualmente nesta Xerencia de Urbanismo.

Por outra parte, na recentemente aprobada relación de postos de traballo deste organismo autónomo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 18 de maio de 2010 (publicada no Boletín Oficial da Provincia do 09/06/2010), figuran vacantes 20 postos (catro deles cubertos interinamente), que se corresponden coas 12 prazas non cubertas na oferta de emprego público 2009 desta Xerencia de Urbanismo e con 8 prazas vacantes traspasadas polo Concello de Vigo no vixente orzamento 2010.

Esta posta ó día afectará a todos os expedientes que están a tramitar as diferentes áreas previstas descritas na relación de postos de traballo do Concello de Vigo.

A tal efecto, no orzamento vixente deste organismo autónomo, aprobado definitivamente polo Pleno o 9 de abril de 2010 (BOP do 16/04/2010), existe a partida nº 1510.1500000 "produtividade".

Dado que dito importe prevese insuficiente para afrontar o aboamento da citada produtividade, en aplicación do artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, é necesario solicitar ó Pleno da Corporación a autorización para ampliar o límite do devandito concepto, coa aplicación conxunta dos seguintes límites:

S. Ordinaria 28.06.10

1º.- Os establecidos legalmente polo artigo 7.2 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril.

2º.- O importe dispoñible no capítulo 1 de “Gastos de persoal” do orzamento da Xerencia de Urbanismo, unha vez garantidas todas as retribucións do persoal existente e aplicada a redución aprobada polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente do día nove de xuño de 2010, en aplicación do Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio (BOE de 24/05/2010).”

A seguir o xefe dos Servizos Centrais formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O interventor xeral municipal informa o expediente con data 18 de xuño de 2010.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 23 de xuño, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: No último Pleno votamos en contra do Decreto presentado polo goberno central e houbo que facer unha votación separada porque entendiamos que ese decreto non resolvía os problemas reais. O que trasladaba de fondo ese decreto era unha redución dunha porcentaxe do soldo dos funcionarios e isto parécenos unha contradición. Hai uns días reducímoslles os soldos ós funcionarios e tamén a todas as persoas que estamos vinculadas nesta administración e hoxe traemos unhas retribucións complementarias por un importe de 430.000 euros.

Parécenos que isto é unha contradición, unha incoherencia, parécenos un sen sentido, non ten ningunha explicación e sobre todo que se intente confundir cun apartado que está redactado evidentemente a conciencia: “Adopción de medidas para a axilización e mellora da tramitación e xestión administrativa na Xerencia Municipal de Urbanismo”. Eu creo que tería que ser: “Contía global das retribucións complementarias que se lles dan ós funcionarios da Xerencia de Urbanismo”. Imos ser claros todos, non intenten vostedes tapar unha información que nos parece que non é coherente nin responsable.

Se a Xerencia de Urbanismo nos últimos anos pasou dun cadro de persoal de 80 a 132 traballadores, cun custe de 3.600.000 a 6.100.000 euros, con todo o que se está trasladando da Xerencia de Urbanismo de falta de xestión, que non o di o PP, acaba de dicir o propio Valedor o desastre da xestión da Xerencia de Urbanismo. Xa non falemos da tramitación do Plan Xeral que esa é outra cuestión. Que os que votamos a

favor de reducirles os soldos ós funcionarios cun Decreto do Estado, agora teñamos que lles dar 430.000 euros para retribucións complementarias creo é un insulto á cidadanía, é un chiste, unha falta de rigor.

Nós por iso dixemos que aquel Decreto non servía para nada. Estabamos en contra do Decreto, tanto o BNG como nós e aquí forzamos unha votación para que se diferenciáran os dous aspectos. Agora se ratifica claramente que ese Decreto non servía para nada e que vostedes están facendo trampa enganando á cidadanía.

Non se pode dicir unha cousa e a contraria ó mesmo tempo e polo tanto nós imos ser coherentes. Dixemos no seu día que o problema deste país non era reducirles os soldos ós funcionarios. De que vale reducirlos por un lado se lles estamos dando agora unhas retribucións complementarias? E por riba non sabemos para quen, que esa é a segunda parte: o goberno deixa dunha maneira discrecional a posibilidade de dar a quen eles consideren oportuno esas retribucións, non teñen nin a valentía de traelas aquí porque ó mellor aínda podía estar xustificadas.

Creo que isto é unha tomadura de pelo e gorda ademais e non queremos afondar máis neste tema. Non imos ser cómplices desta situación.

Repito que nós xa o defendemos, estamos de acordo co traballo que fan os funcionarios e se teñen que ser retribuídos, que o sexan na medida das súas posibilidades pero o que non é de recibo é que lle quitemos por un lado o diñeiro e que llo compensem por outro lado. Como entende isto a cidadanía? Como entende a cidadanía que o Pleno desta Corporación, o Partido Socialista, acáballes de retirar o 5%, o 4%, o 3% ou o que lle corresponda a cada funcionario e por outro lado estálles compensando cunhas retribucións complementarias. Por riba non sabemos a que tipo de funcionarios, nin quen van ser eses funcionarios. Isto nos parece pero que moi grave. Por iso nós pedimos naquel momento a votación por separado onde dixemos claramente que non estabamos de acordo con ese Decreto e agora se demostra claramente.

Creo que a cidadanía se mira estas trécolas, estas trampas, esta maneira de actuar, evidentemente pouca confianza e pouca credibilidade pode ter un responsable político cando fai isto. É como se o alcalde e os concelleiros nos retiramos o soldo no 15% e resulta que nolo subimos por outro lado en cuestións complementarias, creo que é de risa, é tomarlle o pelo á cidadanía en xeral e parécenos deses temas que son graves e máis na oportunidade co que o traen vostedes.

Estamos falando de 430.000 euros, 70 millóns das antigas pesetas só para a Xerencia

de Urbanismo. A pregunta é, que vai pasar cos demais servizos? Que vai pasar co IMD? Con Artes e Oficios? Con todos os organismos autónomos a partir de agora? É unha vergonza.

SR. MARIÑO MENDOZA: A verdade que si que é unha vergonza, Sr. Figueroa. Na semana pasada e a anterior vostedes, que non paran de repetir Pleno tras Pleno como sobe o índice do paro nestes momentos, votaron en contra nas dúas xerencias de que se lles pagasen os traballos a unhas persoas que os levaban realizando os últimos meses. Terán que explicar por que votaron en contra vostedes, que seguramente a maioría dos que están sentados aí teñen máis dun posto de traballo. Vostedes votaron en contra de que tres persoas máis puidesen obter un traballo e aínda non explicaron por que; iso si, o estudo de detalle non o votaron en contra no Consello da Xerencia, seguramente porque non é o mesmo un expediente que tramita un promotor que tres cidadáns que buscan traballo.

A verdade é que me fai vostede unhas preguntas que son moi interesantes. A quen se lle vai dar? Vostedes cando xeraban produtividade era para alguén específico, iso é o que me está intentando dicir, o problema é que non sabe. Pois o que está sucedendo na Xerencia de Urbanismo dende hai xa algúns meses, porque non é unha medida de agora, é que se están facendo horas máis aló da xornada laboral. Vostedes que van ós Consellos da Xerencia todas as semanas deberían ter visto que se triplicou o número de expedientes que van ós Consellos da Xerencia pero non o ven porque repito que non se ven os expedientes e o Sr. Martiño vai todas as semanas alí a ver o que pasa.

Pero é que ademais me gustaría ser máis claro. Vostedes sempre falan da Xerencia de Urbanismo como concesión de licenzas, é o único que lles preocupa e que lles preocupou durante os seus anos de mandato, pero a verdade é que non é así. A Xerencia de Urbanismo desenvólvese en planeamentos, 50 ámbitos en marcha nestes momentos: este ano que coincide a década do 60 ó 69 triplícase o número de edificacións que teñen que pasar a ITE e este ano terán que pasar a ITE 8.232 edificios. A vostedes isto non lles preocupaba cando votaron en contra de que se contratase a tres persoas máis, dáballes exactamente igual.

En canto ás infraccións ten toda a razón ó Valedor do Cidadán que acaba de intervir. Cando nós chegamos ó goberno vostedes deixáronnos 11.000 expedientes, non era algo que lle preocupase ó entón concelleiro de Urbanismo, Sr. Figueroa.

Preocupábanlle bastante máis os pequenos cambios que ía introducindo no Plan Xeral, os 11.000 expedientes de infraccións non lle preocuparon. Gustaríame dar un dato tamén: durante os seus tres anos de mandato caducaron 3.000 expedientes de infraccións urbanísticas, 3.000 expedientes que non se tramitaron e que tivemos que volver reabrir pero aquilo non importaba.

Por suposto que estou de acordo cos datos do Valedor e no ano 2007 se fixo un plan de inspección que regula como se vai tramitando cada un e cales teñen máis prioridade porque é imposible abranguer os 11.000 que vostedes nos deixaron. Nestes momentos estamos nunha cifra de 6.000, fixemos ese recorte. Pero me gustaría ser máis claro aínda, no ano 2006, recen chegados ó goberno, o Partido Popular fixo un plan exactamente igual que o que se propón aquí, era para a aprobación inicial do Plan Xeral. Deixar todos os expedientes de licenza a cero para que non entrase en vinculación o Plan do 93 co do 2000 e puxéronos a cero, ningún problema. Iso si, un año despois volvían tardar dez meses en informar unha licenza. Nós o que queremos é que iso non volva pasar.

Queremos aproveitar este momento económico para que todos os expedientes da Xerencia de Urbanismo xeren máis actividade. Non lles podemos seguir dicindo ós cidadáns desta cidade que están tentando dar o impulso, que os seus expedientes van tardar un ano como tardaban na súa época; témoslles que dicir que sairán o máis rapidamente posible e para iso faremos todo o posible e utilizaremos todos os recursos ó noso alcance dentro do Capítulo I de Persoal que vostedes destinaban a outras cuestións, nós non. Polo tanto non sexan hipócritas e como ben dicía co Sr. Figueroa agarden a que se dea unha soa produtividade na Xerencia de Urbanismo para cuestionar se está ben dada ou non.

SR. FIGUEROA VILA: Sobran trinta segundos porque con esta xustificación me reafirmo na primeira intervención. Non me contestou en absoluto ó que eu lle estou expoñendo que é un problema de 430.000 euros cando se lles acaba de reducir o soldo ós funcionarios o 5%. Ese é o problema real. Vostedes din unha cousa cara á galería e fan outra totalmente distinta. Nós non imos ser cómplices desa situación e cando queira facemos un debate de todo o demais. O debate de agora é que vostedes traen a este Pleno 430.000 euros para lles pagar ós funcionarios da Xerencia de Urbanismo.

SR. MARIÑO MENDOZA: Vostede di que ese é o debate. Gustaríame saber se vostede é capaz de dicir nestes momentos que se vai gastar ese diñeiro, se se pode utilizar esa partida orzamentaria con vinte vacantes para outra cuestión, gustaríame que dixese se os recursos da Xerencia de Urbanismo, o Capítulo I de Persoal, poden estar ou non a disposición de todo aquilo que sexa necesario. Gustaríame que quedase claro que temos vinte vacantes na Xerencia de Urbanismo, unha concellería que vostedes deixaron esquecida e nós acumulamos todo o seu atraso. Lembro declaracións dos responsables do Partido Popular en consellos de xerencia nos que dicían textualmente e está recollido nas actas, que sería a súa prioridade incrementar o cadro de persoal. Estamos agardando polo seu incremento.

Nós si cremos que a Xerencia de Urbanismo é unha xeradora de ingresos para esta cidade e que polo tanto temos que ser o máis áxiles posible na súa tramitación. Vostede sabe perfectamente que non se poden cubrir esas vacantes nestes momentos e o que estamos facendo é poñer a disposición esa partida de remanentes que vai sobrar por se fose necesario. Iso si, Sr. Figueroa, nós non imos dar produtividades como as daba vostede, senón por un exceso de xornada. A vostede preocúpalle moito para quen son porque seguro que ten nomes e candidatos e así era na súa época. Rétoos a que me mostre unha soa produtividade firmada por min nestes anos; eu móstrolle as súas, Sr. Figueroa. Como vostede ben sabe se un calcula o 5% do salario que se acaba de reducir, verá que en nada ten que ver con esta cantidade e polo tanto é unha posta a disposición, Sr. Figueroa, non é un gasto nin un incremento. A verdade é que deberían ser vostedes moito máis prudentes e esperar a que estas produtividades se asignen, se é que se asignan, e entón falar porque nestes momentos o único que se está facendo é poñer a disposición, nada máis, Sr. Figueroa.

Si que hai unha diferenza entre o que vostedes facían en Urbanismo e o que nós facemos e aí están as sentenzas, Sr. Figueroa, cos informes negativos. Iso é o que lle importaban a vostedes as infraccións desta cidade, 3.000 expedientes caducados durante o seu mandato e nos deixaron 11.000, Sr. Figueroa. O outro día votaron en contra de que tres persoas comezasen a traballar. Lembro o sorriso dalgúns dos seus concelleiros porque gañaban a votación, tres persoas non comezaban a traballar e a vostedes dáballes a risa. Esa é a diferenza porque seguramente a maioría de vostedes teñen máis dun posto de traballo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Autorizar a ampliación do importe destinado ós conceptos de produtividade/ gratificacións en función dos créditos dispoñibles no capítulo 1 do orzamento do organismo autónomo, polas vacantes existentes e non cubertas e dentro do límite do 30% da masa salarial, segundo establece o artigo 7.2 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

14.- (141).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A PROPOÑER Á XUNTA DE GALICIA E Á AUTORIDADE PORTUARIA ACORDO PARA O SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO FRONTE Á FACHADA DO BERBÉS. DOC. 10084349.

ANTECEDENTES.-.Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de xuño de 2010, documento núm. 100084349, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, presenta a seguinte moción:

“A Xunta de Galicia e concretamente a Consellería de Medio Ambiente e Territorio ven deseñar o soterramento do tráfico na área de Beiramar e concretamente a traza dun novo túnel que permita soterrar o tráfico entre as glorietas da estación marítima e o barrio de Bouzas.

O proceso de recuperación do Casco Vello de Vigo, no que están implicados dun xeito ou outro todas as administracións, en especial a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, pero tamén o propio Porto de Vigo, ten coma un dos seus feitos claves a recuperación da praza do BERBÉS. Aquí naceu a cidade, da vila mariñeira do século anterior ao XIX, ten o seu epicentro nun peirao tradicional case único pola súa conformación. Este espazo sufriu as lóxicas transformacións do tempo pero que a día de hoxe descontextualizaron e deturparon tanto a súa orixe que o converte nun espazo inadaptado e de costas ao que se quería que fose.

Neste punto de recuperación cobra especial importancia reordenar a praza existente dándolle unha continuidade ata a liña de auga, e logrando soterrar o tráfico de superficie que hoxe actúa como barreira primeira para lograr unha reconfiguración de todo o contorno. Esta reordenación podería facerse sen comprometer os accesos principias ó peirao pesqueiro e poderían mesmamente compatibilizarse algunhas actividades portuarias de carga e descarga de peixe no fronte da praza no que se actúa.

No plan de usos portuarios, teríase que reflectir unha proposta consensuada que dese cabida á conformación e recuperación dun dos emblemas fundamentais da cidade, que non é outro que a praza do Berbés. Chegamos a acordos en abrir Vigo ao mar, estanse propondo solucións de mellora no ámbito portuario aínda que non se concretan no documento necesario que é o Plan de Usos. Procuremos un acordo entre todos para o ben da cidade.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte acordo:

O Concello de Vigo proponlle á Xunta de Galiza e á Autoridade Portuaria de Vigo, un acordo que permita soterrar o tráfico rodado fronte á fachada do Berbés, reordenando a praza e prolongando a súa ordenación ate o lindeiro da lámina de auga.

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión ordinaria de data 21 de xuño, ditamina favorablemente.

O voceiro do Grupo municipal Socialista, por escrito de data 28 de xuño de 2010, presenta a seguinte emenda de substitución:

O Concello de Vigo proponlle á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria de Vigo, un acordo que permita soterrar o tráfico rodado fronte á fachada do Berbés, integrando no bordo oeste do Porto a proposta contida no Plan Nouvel aprobado polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria.”

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Dado que seguramente ó longo do debate se presentará o seu nome, antes de nada quero dar as miñas condolencias á Sra. Presidenta da Autoridade Portuaria, D^a Corina Porro, polo pasamento do seu

compañeiro. Soubémolo esta mañá e no meu nome e no do meu grupo quero que conste.

Como ben saben votedes a Xunta de Galicia acordou licitar o Proxecto de Mellora da accesibilidade na zona de Beiramar. Este proxecto pretende en principio soterrar o tráfico dende a área do Berbés ata os peiraos de Coia e ven anular ou condicionar o que xa existía por parte do goberno da Xunta bipartita anterior. Dikir inicialmente que se este proxecto serve para dar unha resposta integral a toda a franxa que vai dende o Berbés ata Coia, benvido sexa, pero se do que se trata é de volver á procura dun novo xeito de adiar os investimentos que esta cidade necesita e require como acontece con outros proxectos, poño por caso o do metro lixeiro, terá a contestación e a demanda do noso grupo. En todo caso ábrese unha oportunidade espléndida de presentar solucións acaidas para este ámbito da cidade que permitan a mellora dos accesos en todo o seu perímetro, pero tamén corrixir inxustizas históricas mediante o tratamento e recuperación de ámbitos especialmente complexos.

Concelleiros e concelleiras, partamos de admitir entre todos e todas que a solución dada polo proxecto de Abrir Vigo ó Mar á praza do Berbés non foi acaida. As infraestruturas existentes aínda que necesarias, especialmente o aparcadoiro, posiblemente por non abordar unha actuación máis ambiciosa non foron quen de xerar un praza que permitise discorrer ata o mar dun xeito que lembrese o que é sentido orixinario do que nos fixo nacer como cidade. Non se trata, como dirían os situacionistas de maio do 68, de levantar a empedrada para atopar a praia, senón de volver configurar un contorno accesible compatible con usos portuarios e en definitiva convertelo na gran praza de pescadores que deu senso á nosa historia.

Hoxe temos unha praza somerxida, invertida no respecto á súa configuración orixinaria, pouco accesible e inadecuada para prestar os servizos que se lle demandan.

Con este obxectivo o BNG como grupo vaille presentar á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria uns apuntamentos técnicos que poidan servir de base para a configuración do novo contorno. As ideas básicas que motivan o proxecto son as que seguen: Primeiro o soterramento do tráfico principal que circunda Beiramar dende as Avenidas, permitindo neste punto a apertura en superficie dos enlaces necesarios para as conexións co porto e o casco histórico da cidade. Segundo a retirada do valado que actúa de barreira entre o porto e a cidade, permitindo a permeabilidade peonil ata o fronte da lámina de auga.

Esixiríase a resituación dalgunhas das empresas que hoxe realizan as súas actividades na coñecida como dársena de armadores, o que no noso proxecto cabería na reordenación dunha nave no lateral norte da propia praza e na utilización de parte da nave de máis de 7.000 m2 coñecida como nave dos redeiros situada a escasos 50 metros da actuación. Debemos lembrar en todo caso que existen unhas novas naves no peirao de Coia construídas expresamente para este servizo de reutilización. Reordenación tamén da praza pública presentando un proxecto que permitiría a recuperación de parte do seu perfil orixinario, liberando en todo o posible as barreiras físicas e arquitectónicas que hoxe a caracterizan.

Esta proposta procura os seguintes obxectivos: un, recuperar a actividade comercial, de lecer e de historia da propia praza, xerando polo tanto un novo polo de atracción conformado por séculos de existencia que prestixie a situación xeoestratéxica que no mundo da pesca ten a nosa cidade. Lembremos a presenza na nosa cidade de institucións como a Axencia Europea de Pesca con todo o que iso supón.

Segundo: no proxecto contéplase a relocalización das empresas da nave que hoxe pechan o Berbés ó mar e que, lonxe de destruír ningún posto de traballo, permite ás industrias alí existentes mellorar as súas condicións de traballo e a propia accesibilidade.

Terceiro: o investimento total previsto para a obra completa da Xunta de Galicia estaría por debaixo do 10% e as actuacións no porto algunhas están feitas e outras caberían na proposta de reordenación da zona que hoxe ten en marcha a Autoridade Portuaria.

Catro: procúrase en todo caso unha necesaria negociación na que participen as tres administracións, Xunta, Porto e Concello, na que nos poñamos de acordo nun proxecto común que seguramente implicaría unhas responsabilidades económicas de cada quen á hora de facer o investimento, concretamente no caso do Concello de Vigo a actuación na devandita praza.

Nacemos como cidade no Berbés, fixémonos como cidade no Berbés, habitamos na era moderna cando menos ese barrio facéndoo berce e motor da nosa economía e da nosa identidade. Poñamos entre todos o barrio e a praza nas condicións que o século XXI demanda e que todos agradeceremos.

SR. LÓPEZ FONT: Como queira que esta moción ten que ver coa Autoridade Portuaria de Vigo, no nome de todos os concelleiros do Grupo municipal Socialista queremoslle

S. Ordinaria 28.06.10

trasladar á presidenta da Autoridade Portuaria, Sra. Porro, o noso máis sentido pésame nun momento tan difícil para ela e polo tanto lle trasladamos o afecto dos seus ex compañeiros, concelleiros desta Corporación.

Para os socialistas o porto sempre necesitou dunha reforma ampla. Entendemos sempre dende o Partido Socialista que o Porto de Vigo é o motor económico da cidade pero tamén debe ser o escaparate, tamén debe ser esa zona de confluencia dos cidadáns, dos que vivimos, dos que paseamos diariamente por esta cidade con aqueles que nos visitan. Por iso entendemos sempre que debíamos enfrontar definitivamente o lugar do porto dentro da cidade e facelo un punto de confluencia.

En menos de dous anos de Presidencia do Sr. Abel Caballero como presidente da Autoridade Portuaria, deuse a coñecer o Porto, era un descoñecido para a maioría dos cidadáns que o puideron descubrir e tamén neses dous anos a súa xestión ó fronte da Autoridade Portuaria foi a de mellores números e a máis cualificada. Pero precisamente e ó fío de reformas como a que se propón nesta moción, o Sr. Abel Caballero propuxo o proxecto máis ambicioso que se lembra nesta cidade para a reforma do Porto e de todo o seu contorno. Este proxecto foi o Plan Nouvel que abordaba unha reforma integral do Porto, mantiña as necesidades dos sectores económicos, incrementaba a capacidade do porto deportivo, incrementaba a capacidade para poder albergar na nosa cidade máis cruceiros e en mellores condicións e, o máis importante, acababa integrando unha operación Porto-cidade para goce dos vigueses e punto de referencia de todo o turismo de Galicia, España e de todos os cidadáns do mundo que nos visitaran.

Os cidadáns naquel momento víronse reflectidos nese proxecto, viron que había ambición de cidade, que por fin reformas e proxectos que se facían noutras cidades e que en ocasións nos causaban moita envexa, tamén aquí o tiñamos. O concurso internacional concitou o interese dos máis importantes arquitectos do mundo e colocou á cidade de Vigo e á reforma portuaria que se pretendía no escaparate mundial. O resultado foi un éxito en canto a aqueles que se presentaron, en canto ó proxecto que saíu finalmente elixido e coido que foi un momento na cidade en que os cidadáns se empezaron a sentir orgullosos. Cando falábamos de Barcelona, Valencia e doutras cidades sabíamos que a nosa tamén podía ser referencia nese sentido.

Fronte á reforma que se propón nesta moción nós estamos de acordo, porque ademais o Sr. Abel Caballero xa o propiciou como presidente da Autoridade Portuaria co soterramento de tráfico que se propón na moción, pero non estamos de acordo

coa aprobación dunha modificación parcial do Porto. Precisamente comezaba a miña intervención falando da necesidade dunha reforma integral ambiciosa para o Porto e, aínda que a zona do Berbés é importante por connotacións históricas como se di na moción, económicas e sociais, entendemos que o Plan Nouvel xa unía o Berbés ó conxunto do Porto e que o Plan Nouvel é un proxecto ambicioso en si mesmo.

Os socialistas mantemos o Plan Nouvel como obxectivo, cremos que non debe haber confrontación política sobre el. Dende a Presidencia da Autoridade Portuaria entendemos que non se atendeu debidamente ó proxecto que o Sr. Caballero deixou como presidente desa Autoridade e o Plan Nouvel podemos afirmar hoxe aquí, porque ninguén foi capaz de rebatelo, era legal urbanisticamente e era viable economicamente. Nunca por parte de ninguén se demostrou o contrario. Tamén o Plan Nouvel podía acceder a axudas europeas e contaba con todo o apoio para que puidera saír adiante, así o expresou en concreto o Ministro de Fomento do goberno español.

Fronte a isto, nós estamos en clara oposición ás reformas que se están levando a cabo dende a Autoridade Portuaria. Á proposta de reformas porque en principio non son máis que propostas tendo en conta como todos vostedes saben que están todas elas en motivo de discusión sobre a súa legalidade ou non.

Non renunciamos a estas belas imaxes do que debe ser a cidade, do que debe ser o punto de confluencia dos cidadáns e por fin acceder ó Porto, cuestión que se negou durante anos. Cando se fixo a exposición sobre o proxecto gañador no concurso internacional viamos a cara de satisfacción dos cidadáns, ás veces envexosos do que tiñan outras cidades e non só cidades grandes, porque cando se fala deste tipo de reformas sempre se pensa en Barcelona ou Valencia, todo o Mediterráneo, pero tamén cidades máis pequenas como Avilés enfrontaron reformas deste tipo.

Os socialistas non cedemos no empeño de que o Plan Nouvel se faga, non imos abandonar nunca esta ambición e eu comprendo que ás veces poida parecer difícil de crer, pero se algo nos distingue na nosa xestión é crer no que propoñemos e conseguilo. Había moitas caras de escepticismo cando don Abel Caballero presentaba en campaña electoral e cuestionaban a súa permanencia ó fronte da candidatura socialista a que o AVE chegase directamente por Cerdedo. Onte na prensa, logo dun longo camiño pero dun camiño perseverante, todos os vigueses xa o sabían pero viron a realidade de que o acceso por AVE dende Madrid a Vigo vai ser directo.

Polo tanto relacionamos un co outro, o que don Abel Caballero propuxo como Plan Nouvel, como ambición desta cidade, con algo que seguro que se acabará facendo. Os socialistas non queremos reformas pequenas no Porto de Vigo, non queremos peiraos como o Duque de Alba, non queremos retroceder no tempo ó século XIX, non queremos que en contra da legalidade vixente se fagan determinadas reformas e reparacións que están moi lonxe de coincidir cun proxecto tan ambicioso.

Polo tanto nós, na liña do presentado nesta moción, queremos ser respectuosos con ela, queremos atendela porque hai puntos de acordo, pero queremos chamar ó grupo político que propuxo esta moción para que reflexione sobre un texto alternativo que presentamos porque cremos de verdade e estamos convencidos de que esta cidade debe ser ambiciosa. Esta cidade, señores e señoras, é outra dende o 9 de febreiro cando saíu á rúa en defensa dunha institución súa que tiña vida dende facía 130 anos, cre posible que aqueles obxectivos que noutro momento puideran parecer inalcanzables se poidan conseguir e o Plan Nouvel, garántollo porque falo con moitos cidadáns, está na retina de moitos vigueses e é algo no que nos din que non abandonemos como proxecto.

Como Grupo municipal Socialista ante a moción presentada sobre este punto queremos presentar un texto alternativo. Na primeira parte sería idéntico: “O Concello proponlle á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria de Vigo un acordo que permita soterrar o tráfico rodado fronte á fachada do Berbés”, e a continuación diría “...integrando no bordo oeste do Porto a proposta contida no Plan Nouvel aprobado polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo”. Esta parte é moi importante porque indo ás actas do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo o plan de reforma previsto para o Porto de Vigo é só o Plan Nouvel e aínda non foi revocado polo máximo órgano da autoridade Portuaria que é o Consello de Administración.

Solicito que se tome en consideración este texto alternativo e pido que se substitúa polo presentado.

A PRESIDENCIA: Antes de dar a palabra ó Grupo Popular quero facer tamén pública a miña condolencia e o pésame que xa lle enviei esta mañá á presidenta do Porto, D^a Corina Porro, polo difícil momento persoal que está atravesando.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar agradecer as mostras de condolencia e cariño

de todos os grupos políticos. Por suposto tamén nos engadimos, pero como compañeira de partido lle trasladaremos o que aquí se acaba de manifestar. Moitas grazas a todos.

Que o Bloque Nacionalista Galego presente esta proposta non nos sorprende, é unha iniciativa que pode ter máis ou menos apoio, ser máis ou menos correcta ou interesante para a cidade de Vigo. Pero que o Sr. Font polo Grupo Socialista diga que o Sr. Caballero descubriu o Porto de Vigo, iso é moi forte. Eu creo que o Porto ten moitos anos de historia e ten unha historia moi negativa, Sr. Font. Este proxecto chapuza de "Abrir Vigo ó Mar" fixérono vostedes os socialistas gobernando en España, gobernando na Zona Franca, gobernando no Porto de Vigo e gobernando no Concello de Vigo. Supoño que vostedes non renegarán do seu partido e das súas siglas, pois esa chapuza que todos os cidadáns, que todos os vigueses e viguesas vemos todos os días e que non podemos contemplar o mar, é grazas a vostedes os socialistas. Polo tanto eu creo que moi pouco predicamento poden ter vostedes.

Aínda por riba que vostede faga a afirmación de que o Sr. Caballero descubriu o Porto de Vigo. O Sr. Caballero utilizou o Porto de Vigo como plataforma política para a Alcaldía de Vigo e non máis. Dígame unha soa obra que puxera en marcha o Sr. Caballero durante os dous anos do seu mandato. Ningunha. En dous anos e pico ó fronte do Porto de Vigo non puxo en marcha nin unha soa obra. Iso si, maquetas todas, gastáronse tres millóns de euros nun concurso de ideas, iso tamén; contemplar dentro dese concurso de ideas un edificio cunha altura case dúas veces Toralla tamén; contemplar un hotel dentro do Porto de Vigo, como xa hai tanta competencia pois tamén é proxecto do Sr. Caballero; facer un edificio con 17.000 m² de oficinas dentro do Porto tamén; facer recheos e máis recheos que houbo que reducir 40.000 m², tamén é do Sr. Caballero.

Vostedes están na contradición permanente. Presentaron ese proxecto faraónico, irrealizable. A pregunta é onde está aquela piscina olímpica de 50 metros que ían construír vostedes no Náutico de Vigo, os xardíns que vostedes propoñían. Vostedes saben que é irrealizable, que é unha fantasía, que era un proxecto única e exclusivamente cun obxectivo: presentarse á Alcaldía de Vigo e ter o maior apoio. A vostedes dálles exactamente igual e por iso que vostedes no tema do Porto non son cribles.

Tiveron unha oportunidade nos anos 90. Gastáronse centos de millóns de pesetas e ó final a conclusión que sacamos foi que toda a cidadanía está descontenta e esa é

unha xestión do Partido Socialista e dígolle cales eran os actores: Sr. Príncipe, D^a Elena Espinosa, D. Francisco López Peña e D. Felipe González que eran quen gobernaban nas catro institucións. Polo tanto non lle poden botar a culpa absolutamente a ninguén, nin ó Partido Popular, nin ó Bloque, nin a Esquerda Unida, nin ós independentes, nin a todos os que pasaron por este Concello.

Vostedes tiveron a oportunidade única con fondos europeos con prioridade un, obxectivo número un que eran ese tipo de proxectos. E que fixeron? Deixáronnos un centro comercial tapando a Ría, deixáronnos un túnel que malamente pasan dous coches e que hai que ir con coidado, deixáronnos todo cheo de granito. Esa é unha das decisións do Berbés que foi de seu, dos socialistas.

Por iso eu en tal caso tamén podoo xustificar a actuación do Bloque porque non teñen antecedentes igual ca nós nesa toma de decisións, pero vostedes si. Que fixeron no Berbés vostedes? Lamentable a praza que quedou no Berbés e iso fíxoo o Partido Socialista volvo repetilo porque parece que nos esquecemos da historia desta cidade, que vostedes renegan das súas siglas. Pois non, a Praza do Berbés claro que é unha desfeita de difícil solución, que ten difíciles alternativas, ten alternativas imposibles. E agora que queremos facer? Como nesta cidade hai tanto traballo intentar aínda meterse na área de actuación e onde o Porto de Vigo pode desenvolver a súa actividade comercial e a súa actividade pesqueira.

Pois nós non estamos de acordo. Estamos de acordo que se intente modificar, corrixir, cambiar o posible, pero co que non estamos de acordo baixo ningún concepto é que se poida poñer en risco ningún posto de traballo máis, e hai que compatibilizalo, hai que ser o suficientemente intelixente como para facer proxectos para a cidadanía pero compatibilizar o desenvolvemento e a actividade do Porto de Vigo. Entendemos que hai solucións intermedias pero non arrasar dun "*plumazo*" absolutamente con esa actividade que hai agora no porto pesqueiro.

Por iso nós non estamos a favor desta proposta e imos votar en contra porque defendemos os postos de traballo, Sr. Font, porque lle guste ou non nesta cidade hai 11.000 parados máis dende que vostedes gobernan. Esta cidade investiu máis de 90 millóns de euros en beirarrúas e ten 11.000 parados máis, esa é a conclusión, non é un dato opinable, é un dato obxectivo, real. Podemos opinar do que queiran vostedes pero a nós si que nos preocupa que poida ter esta cidade 30.000 parados e 11.000 máis dende que vostedes gobernan. Por iso non estamos de acordo en facer un proxecto radical para esa zona.

Estamos dispostos a buscar situacións intermedias, evidentemente que se fagan todas as conexións posibles, pero contando coa opinión do Porto. Ademais neste caso o único que lle podo dicir ó Bloque e que vostedes defenden o Plan de usos; pois na tramitación do Plan de usos está contemplado en consenso con todo o sector pesqueiro que se conserve ou que se manteña esa parte. Eu creo que aí seguramente se poida producir o debate e poidamos estudar todas as propostas que presenten todos os grupos políticos cando proceda.

Por iso nós entendemos que a día de hoxe non se pode poñer en risco a 51 empresas que están aí contempladas, máis de 3.000 postos de traballo que agora mesmo circulan en torno a eses peiraos e evidentemente parécenos que sería unha irresponsabilidade tremenda tomar unha decisión precipitada. Cremos que sería bo remitirse a ese Plan de usos, facer ese debate cando corresponda, evidentemente buscar o maior consenso posible, pero agora mesmo imos votar en contra desa proposta porque eu creo que moitas veces hai que trasladar unha mensaxe a certos sectores e o sector pesqueiro necesita unha mensaxe de tranquilidade, de confianza, de que poida crer en nós, de que non teña dúbidas permanentes, de que non saiban o que se pode facer aí ou non ou que actuacións imos trasladar.

Nós queremoslle trasladar unha mensaxe clara ó sector pesqueiro: que o noso grupo está con eles defendendo esa proposta que manteñen e que se segan mantendo eses postos de traballo e sobre todo esas empresas. Xerar agora unha alarma nestes momentos de inseguridade, de intranquilidade e onde a situación económica afecta a todos, pareceríanos unha irresponsabilidade política e nós non a queremos cometer. Preferimos transmitirille unha mensaxe clara, nítida, dicir que o Grupo municipal do Partido Popular está intentando defender este sector, defender os postos de traballo e non queremos alegrías, nin postas en escena, nin "*parafernalias*" que nos sirvan única e exclusivamente para unha foto ou para un día de xornais. Parécenos que é moito máis serio e moito máis responsable tomar esta decisión e por iso imos votar en contra da súa postura.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Moito nos temíamos no BNG que este debate que é moi claro se convertese unha vez máis nun "*arrexousío*", unha especie de botar os proxectos do Partido Popular ou da Presidencia da Autoridade Portuaria a día de hoxe enriba das propostas do Partido Socialista, ou viceversa. Pero quero ser moi claro e concreto en dúas cousas moi importantes para nós.

A demagogia non está deste lado. Nós falamos da recolocación dunhas naves concretas, non estamos invadindo o peirao pesqueiro, o peirao pesqueiro non se vai tocar, estamos falando dunhas naves. Nesas naves non hai 50 empresas, nin milleiros de traballadores. Nesas naves hai dúas empresas ou tres, porque nunca se sabe, iso nunca se chegou saber, como tampouco temos a relación de concesións administrativas que o Porto de Vigo ten, nunca sabemos. Existe polo tanto unha posibilidade de recolocar esas dúas empresas noutra localización que o propio proxecto establece, polo tanto a demagogia das perdas do traballo non está por parte deste grupo. Se alguén creou alarma no Porto non fomos nós.

Parécenos sorprendente que sen coñecer o proxecto, ó día seguinte se fagan afirmacións do tipo que se fixeron. Somos tan ou máis responsables que o Partido Popular para saber que é o que queremos do Porto, entre outras cousas porque como saberá vostede Sr. Figueroa, apoiamos no ano 97 o Plan especial do Porto e vimos dende aquela reclamando o que posteriormente comentamos. Polo tanto nin unha soa perda de postos de traballo, é máis, creación de postos de traballo.

Segundo, esta proposta ten o aval, a conversa, ten a participación de moitos sectores. Seica algúns sectores ó lado do Porto poden estar preocupados, unha ou dúas empresas pero non todo o sector e alguén pretende confrontar a todo o sector cunha proposta razoable e razoada.

Dicir por outro lado que por suposto é necesario o consenso e o acordo entre a Corporación Municipal, a Autoridade Portuaria e a Xunta de Galicia para o levar a cabo. Tamén dicimos na nosa moción que esa proposta ten a participación do Concello de Vigo se fose necesario economicamente.

Estamos polo tanto abertos a esa negociación. Independentemente do que queira votar cada quen nesta moción, creo que é o momento da negociación e de falar entre todos do que queremos para esa zona da cidade.

A respecto do que comentaba o Partido Socialista, creo que ten moito que ver co que dicía ó principio. Falamos dunha proposta concreta para unha área concreta, non estamos falando da proposta de reordenación de toda a zona portuaria que, por certo, en toda a zona portuaria pode haber cousas interesantes na proposta do Partido Socialista, chamada naquel momento Plan Nouvel e como non, pode haber propostas interesantes por parte do Partido Popular na proposta que fai a Sra. Presidenta. Pero aí nos remitimos ó fundamental que é o famoso Plan de usos.

Ese Plan de usos que como saben o ano pasado por estas mesmas datas Santiago

Domínguez propúxolle á presidenta da Autoridade Portuaria que se presentara e daquela houbo unhas boas palabras pero nunca máis se volveu saber. Plan de usos que estaba elaborado xa polo anterior presidente, Xesús Paz, que tiña redactado un borrador definitivo pendente sinxelamente duns trámites que só levarían un mes e hoxe vivimos unha situación na que uns por non presentar o Plan de usos e outros por formular solucións que non veñen avaladas por ese Plan de usos, acontece que temos unha situación de conflictividade xurídica importante.

Polo tanto o que xa tantas veces dixemos: sentémonos entre todos a falar de que queremos para o Porto, sentémonos poñendo por diante sempre ese Plan de usos que é a única maneira de falar e de entendernos e seguro que aí nos veremos todos. Por suposto para esta proposta porque é necesario e para o resto das propostas que están sobre a mesa e teñen unha conflictividade xudicial.

En todo caso dicir que nós mantemos a proposta orixinal porque cremos que evidentemente está circunscrita ó ámbito no que ten que ser, que é o ámbito do Berbés e non entramos valorar ningunha outra proposta, nin do Partido Popular, nin do Partido Socialista, a respecto do que queremos que sexa todo o ámbito portuario.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da moción. Primeiro hai unha emenda presentada polo Grupo Socialista.

Texto alternativo á moción presentada polo BNG. O texto alternativo di: “O Concello de Vigo proponlle á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria un acordo que permita soterrar o tráfico rodado fronte á fachada do Berbés integrando no bordo oeste do Porto a proposta contida no Plan Nouvel aprobada polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria”.

Cómpre primeiro votar esta emenda e despois a continuación o texto da moción caso de que fora rexeitada.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. LÓPEZ FONT: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e dezaioito en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e máis dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a anterior emenda de substitución.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACORDASE:

Rexeitar a moción presentada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa ao soterramento do tráfico rodado fronte á fachada do Berbés.

15.- (142).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA QUE SE CONDENE O ATAQUE DE ISRAEL Á FLOTILLA QUE SE DIRIXÍA A GAZA.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito do 21 de xuño de 2010, o voceiro do Grupo municipal socialista, Sr. López Font, presenta a seguinte moción:

“Os feitos ocorridos o pasado 31 de maio en augas internacionais contra a flotilla que se dirixía a Gaza en misión humanitaria e nas que o exército Israelí realizou unha operación militar que ocasionou un número elevado de vítimas, require dun acordo dos Grupos Municipais do Concello de Vigo para contribuír a frear a violencia nesta zona e facer un chamamento para chegar urxentemente a unha solución duradeira da situación de Gaza.

O Grupo municipal Socialista do Concello de Vigo presenta as seguintes propostas de acordo:

1.- Condenar enerxicamente o desproporcionado ataque do exército Israelí en augas internacionais á frota de axuda humanitaria que se dirixía a Gaza, que causou

numerosas vítimas mortais e feridos na tripulación.

2.- Expresar as nosas condolencias e solidariedade coas familias das vítimas e o noso desexo para unha pronta recuperación a todos os feridos.

3.- Apoiar plenamente a petición do Goberno de España, a Unión Europea, o Consello de Seguridade de Nacións Unidas e a OTAN, entre outros, para que leve a cabo de forma inmediata unha investigación imparcial, exhaustiva e transparente ao redor deste feito e as circunstancias que o rodean e que se depuren as responsabilidades que da mesma se deriven.

4.- Reclamar a inmediata liberación dos civís detidos polas autoridades de Israel, a posta en liberdade das embarcacións retidas e a entrega da axuda humanitaria que transportaban ao seu destino.

5.- Expresar a súa profunda indignación pola continuación do inaceptable e contraproducente bloqueo á Franxa de Gaza e a dramática situación humanitaria que orixina na súa poboación, e esixir ao Goberno de Israel que cumpra coas súas obrigacións segundo a lexislación internacional e a lexislación humanitaria internacional e poña fin ao devandito bloqueo, permitindo o pleno acceso da axuda humanitaria, mercancías e persoas.

6.- Exhortar a todas as partes involucradas no conflito palestino-israelí a actuar con responsabilidade para evitar que se desencadee outro episodio de violencia, apoiar todos os esforzos para que as conversacións de proximidade entre as partes cheguen a bo porto e instar á Comunidade Internacional, e en especial á Unión Europea, a que se implique a fondo para resolver urxentemente esta situación e para favorecer as condicións necesarias que permitan avanzar definitivamente cara unha resolución global, xusta e duradeira do conflito baseada nas resolucións de Nacións Unidas.

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do día 21 de xuño, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Dende o Grupo municipal Socialista presentamos esta moción que non perdeu vixencia polo feito de que transcorreran xa 28 días dende que sucederon os acontecementos que na moción se relatan e sobre os que queremos un pronunciamento do Pleno deste Concello. Dende o mesmo momento de presentar esta moción pretendemos que sexa unha moción de todos os grupos. Non pretendemos facer un debate de política exterior aquí, non pretendemos levar un texto que teña un contido partidista e fomos o máis rigorosos posibles á hora de buscar un texto que entendemos que reflicte o sentir da cidadanía, sobre todo que pode ser asumible polos tres grupos políticos.

Creo que se entende perfectamente o fondo da moción e no caso de que existira algunha outra redacción alternativa por suposto estaríamos dispostos a aceptala

porque cremos que do que se trata basicamente é de que os cidadáns do mundo saiban que 300.000 cidadáns de Vigo levantan a súa voz pola paz, para que un conflito que custou moitas vidas, que está xerando moitos sufrimentos, poida acabar dunha forma pacífica como sempre pretendemos todos os cidadáns.

Como todos vostedes saben os feitos producíronse o 31 de maio con relación a unha flotilla que se dirixía cara Gaza e o exército israelí puxo en marcha unha operación militar que supuxo un elevado número de vítimas. Con esta moción, que xa digo que pretendemos que sexa dos tres grupos, o que queremos é facer un chamamento a frear a violencia nesta zona e nun conflito tan enquistado.

Non vou facer máis argumentación que a propia da proposta de acordos que se reflicte que son un total de seis e que coido que foi obxecto de consenso en todas as instancias políticas.

Basicamente o punto primeiro é “Condenar enerxicamente o desproporcionado ataque do exército israelí en augas internacionais”. Cremos que foi desproporcionado e que debe ser condenado enerxicamente.

Por suposto no punto dous expresamos a nosa solidariedade e a nosa condolencia coas familias das vítimas.

No punto terceiro apoiamos como dicía anteriormente o pedimento unánime do goberno de España pero tamén dos grupos políticos do Estado español, así como da Unión Europea, que nese momento ostentaba a Presidencia o Estado español, do Consello de Seguridade de Nacións Unidas e da OTAN, para que se abra unha investigación imparcial para coñecer o que realmente ocorreu.

Tamén reclamamos a inmediata liberación dos civís. Esta é unha parte cumprida pero que cremos que se debe reflectir aquí por se lamentablemente, espero que non, se producen situacións similares e sobre todo que se devolva e que se entregue o seu destino a axuda humanitaria que se transportaba.

No punto quinto expresamos a nosa profunda indignación polo bloqueo ó que está sometida a franxa de Gaza que provoca unha dramática situación humanitaria, facendo un chamamento, como xa se fixo, dende distintas instancias para que o goberno de Israel cumpra coas súas obrigas en lexislación internacional.

Finalmente o sexto punto sería ese desexo, ese anhelo que dicía ó principio, de exhortar a todas as partes involucradas nese moi longo conflito palestino-israelí, apoiando todos os esforzos e todas as conversas entre as partes para que se chegue a bo porto.

Os cidadáns españois sempre nos distinguimos por estar a favor da paz, fixémoslo sempre que houbo situacións de guerra alá onde se produciran, en calquera lugar do mundo. Os cidadáns españois son un exemplo de cooperantes, moitos dedícanse desinteresadamente a estas tarefas de apoio a quen máis o necesita e nesta flotilla, como ben saben vostedes, había tamén cidadáns españois pero non é iso o único que nos move.

Vaia con esta moción que espero que teña o apoio dos tres grupos, que sexa dos tres grupos, que sexa de todos os concelleiros ós que votaron os cidadáns vigueses, un chamamento á paz, un grito desesperado para que se poida chegar a ese bo porto da paz aproveitando esta moción. Todo o noso apoio para os cooperantes españois e o recoñecemento á tarefa que realizan.

Se houbera algún factor en canto á redacción estaríamos dispostos a asumilo porque o que tratamos é de que os medios de comunicación recollan, para que chegue a todas as instancias, que os máximos representantes do pobo vigués estamos a favor da paz e da solución do conflito palestino-israelí para que acabe o sufrimento porque xa son moitos anos.

A PRESIDENCIA: Antes de dar quenda ós grupos, por parte do Grupo do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución ó punto quinto. O punto quinto quedaría redactado segundo esta emenda: “Apoiar a que se garanta a libre circulación das persoas e mercadorías en todo o territorio de Gaza”.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A situación do Estado palestino, a situación da franxa de Gaza é o suficientemente coñecida por todos e todas nós e efectivamente dalgún xeito ten que se ver reflectida a sociedade viguesa por parte da Corporación na condena ó Estado de Israel.

É absolutamente inaceptable a belixerancia de Israel que se permite a ousadía unha vez máis de vulnerar o dereito internacional e os dereitos humanos. Ousadía que por outra banda, levando España a Presidencia da Unión Económica Europea, non fomos quen non só de condenar, senón de recomendar.

O día seguinte ó do ataque á flotilla de Gaza, cos mortos que aínda hoxe non sabemos exactamente cantos son, pediuse unha condena ó Estado de Israel, pero o sionismo ten uns grandes tentáculos que están en todo o mundo e a CEE, a Unión Europea non foi quen de facer esa condena. Sinxelamente se dixo que se fixera unha

comisión de investigación e niso quedou todo como sempre, nunha comisión de investigación mentres os cidadáns e cidadás de Gaza morren todos os días por desnutrición, morren por miles de causas máis porque eles son os excluídos, eles son os pobres e en cambio o sionismo ten tentáculos en todos os estados.

De aí que nós condenemos e esixamos por parte dos poderes do Estado que actúen consecuentemente, que non se limiten a condenar, senón que se involucren para que esa condena non quede en papel mollado e sexa unha realidade.

Dende esa perspectiva a nosa deputada, Olaia Fernández Davila, rexistrou unha pregunta e unha proposición non de lei nas que se instaba ó goberno español a realizar as xestións pertinentes na Unión Europea e na ONU a fin de evitar que Israel agredise á frota humanitaria que tiña como fin romper o bloqueo.

Naquel momento non se fixeron as xestións oportunas por parte de Europa, deixaron á frota humanitaria un pouco ó chou e estas foron as consecuencias.

O peor de todo isto evidentemente foi que pasou o que pasou e nin sequera fomos quen do condenar, nin coma España nin coma Unión Europea.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos que o Sr. Font faga un chamamento á paz presentando esta moción e cos antecedentes que hai con respecto ó pobo de Israel en materia lexislativa, política, mesmo comercial. Como dicía o Sr. Figueroa hai un momento na súa anterior moción, vostedes de cara á galería din unha cousa e despois fan outra.

Realmente criamos que ían retirar esta moción pola incoherencia e pola falta de base de apoio tanto ó pobo palestino coma á loita contra os conflitos bélicos, este conflito bélico concretamente.

Dende un punto de vista lexislativo o goberno español incumpre a Lei 35/2007 que logo explicarei en que consiste. Dende un punto de vista político o Sr. Ehud Barak que é o líder do Partido Laborista e ministro de Defensa israelí, é membro da Internacional Socialista e observador no partido dos socialistas europeos. Dende o punto de vista comercial estanse vendendo en material de defensa 2.800.000 euros no pasado ano 2009 a Israel. Logo lle contarei que tipo de material de defensa é, que non son nin mochilas nin traxes.

Dende o Partido Popular expresamos, como non podía ser doutra forma, o noso profundo pesar pola perda de vidas e a nosa gran preocupación polo estado dos feridos no incidente. Igualmente expresamos a nosa satisfacción polo bo estado no

que se atopan os españois que se desprazaban nesta frota.

Neste asunto a postura prudente e comedida é a do Consello de Seguridade das Nacións Unidas. O organismo lamenta as mortes, condena o ataque no contexto no que se sucederon os feitos e pide a indagación exhaustiva acerca do incidente. Ademais reitera a súa profunda preocupación pola situación humanitaria en Gaza e fai fincapé nas necesidades de fluxo sostido e regular de mercadorías e persoas, ó que dende logo o Partido Popular se engade, así como á subministración e distribución da asistencia humanitaria sen trabas en Gaza que o goberno israelí está impedindo. Dende o Partido Popular, como o Consello de Seguridade da Organización de Nacións Unidas, pedimos unha investigación rápida, imparcial, crible e transparente dos feitos.

Nós sempre deploramos profundamente a morte de civís inocentes aínda recoñecendo non xa o dereito, senón a obriga de calquera nación a defenderse de ataques terroristas e protexer ós seus cidadáns. Resulta imprescindible chamar á medida e ó fin de todo tipo de violencia.

O Partido Popular reitera a súa preocupación ante a inmensa capacidade de desestabilización que ten o conflito árabe-israelí no mundo enteiro e subliñamos a necesidade de que os actores máis importantes do mundo, incluído o noso goberno español, se impliquen a fondo na resolución definitiva do conflito constituíndo esa paz da que se facía eco o Sr. Font.

Nós apoiamos de feito as posicións defendidas e adoptadas polos líderes democráticos e pedimos ó goberno de España que se conduza coa maior prudencia e medida nun asunto tan delicado como este.

Pero temos un grave problema con respecto ó goberno do Sr. Zapatero. Os datos, Sr. Font, tomban o seu discurso de apoio ó pobo palestino. O Sr. Zapatero está apoiando ós palestinos e vende armas a Israel.

Presentouse no Congreso dos Deputados o informe sobre o control do comercio exterior de material de defensa e desa estatística do ministerio extraemos que Israel é o terceiro mellor cliente na compra de armas españolas. Un dato máis: esta venda a Israel aumenta considerablemente baixo o goberno do Sr. Zapatero. Vostedes fan un chamamento á paz?

No ano 2006 vendeuse a Israel por un importe de 441.335 euros pero no ano 2007 vendéronse un millón e medio de euros. Mercaron bombas, torpedos, foguetes, mísiles e explosivos. No ano 2008 vendéronse a Israel 2.300.000 euros, pasamos de

400.000 no ano 2006 a 2.300.000 no ano 2008; pero no ano 2009 o incremento aínda é maior: 2.800.000 euros.

Segundo este informe presentado ó Congreso dos Deputados, os israelís mercaron armas de canón de ánima lisa por un calibre inferior a 20 mm. Como ben lles dicía non son mochilas nin traxes de camuflaxe. Estas armas de canón de ánima lisa cun calibre inferior a 20 mm, son fusiles, pistolas, ametralladores, silenciadores, cargas e visores. O groso da exportación, o que máis compraron os israelís son equipos de información de imaxe ou de contra medida, así que o que máis se venden son cámaras, equipos de formación de imaxes de infravermellos, equipos de información de imaxes térmicas e equipos de sensores de imaxe por radar, todos eles utilizados para a localización nocturna de obxectivos.

Sr. Font, non só mostran a súa dobre moral con respecto á venda de armas, senón que ademais están incumprindo a lei, unha lei aprobada en 2007 cun goberno presidido por socialistas. Esta lei crea unha normativa sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso. No preámbulo esta lei di que se trata de impedir o tráfico ilícito e a proliferación de armamentos e tecnoloxía sensible a favor de estados ou actores non estatais susceptibles de actuar contra a paz. Israel está actuando contra a paz, Sr. Font, e trátase de impedir o tráfico ilícito e a proliferación de armamentos e tecnoloxías susceptibles de ir contra a seguridade. Tamén está indo en contra da seguridade.

España ten o deber de asegurar que as súas exportacións son coherentes cos compromisos vixentes de conformidade co dereito internacional e de maneira que se garanta que ditas exportacións non fomenten a violación dos dereitos humanos. En Israel estanse violando os dereitos humanos. España ten o deber de asegurar que as súas exportacións non aviven os conflitos armados, nin contribúan de maneira significativa á pobreza. Estanse avivando os conflitos armados en Israel e estase contribuindo de maneira significativa a que haxa pobreza.

No artigo 8, Capítulo II, infórmannos da denegación das solicitudes de autorización, suspensión e revogación das autorizacións. Cando se prohíbe a venda de armamento a determinados países? En que situacións se prohíbe a venda? "As solicitudes de autorización serán denegadas e as autorizacións suspendidas ou revogadas cando existan indicios racionais de que o material de defensa ou outro material, os produtos ou tecnoloxías de dobre uso, poidan ser empregados en accións que perturben a paz".

Perturban a paz as armas de canón de ánima lisa, estes fusís, estas ametralladoras que estamos vendendo ó pobo de Israel por 2.800.000 euros? Si perturban a paz.

“Cando existan indicios racionais de que o material de defensa poida ser empregado para perturbar a estabilidade, a seguridade nun ámbito mundial que poida exacerbar tensións ou conflitos latentes, cando poidan ser utilizados de maneira contraria ó respecto debido e á dignidade inherente ó ser humano. Tamén se prohíbe a venda con fins de represión interna ou situacións de violación de dereitos humanos”. Están violando os dereitos humanos, Sr. Font. “Tamén aqueles que teñan como destino países con evidencia de desvíos de material transferido ou poidan vulnerar os compromisos...”

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, D^a Marián, rematou o seu tempo. Sr. López Font, cinco minutos para rematar o debate.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Que gilipollas!

A PRESIDENCIA: D^a Marián, estamos aplicando literalmente os tempos que aparecen na pantalla, calquera comentario desas características é indebido.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Perdón.

A PRESIDENCIA: Ó Sr. Conde Gil faille moita gracia a frase pero foi indigna deste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. García, o sorprendido son eu porque é difícil falar de dobre moral cando se fala da paz, cando se fala dunha situación na que faleceron persoas e parece que non lese vostede nin os concelleiros do Partido Popular o contido da moción. Menos mal que me curei en saúde dicindo que traíamos esta moción sinxelamente co intento de expresar a solidariedade de todos os vigueses, incluídos os concelleiros do Partido Popular. Pero de verdade que o de vostedes é increíble porque a sorpresa parte de vostedes. Utilizou dez minutos buscando escusas, falando do que realmente non se presenta nesta moción para ó final non saber se van votar a favor ou van votar en contra.

Os socialistas levantamos a voz pola paz e sen ningunha dobre moral en apoio dos

ciudadáns españois que cooperan e a vostede o único que lle preocupa é a xestión do goberno Zapatero. Ata en temas humanitarios acaban vostedes falando do goberno Zapatero.

Sra. García, sabe o incompleto da súa intervención aquí? O que tería que facer é traer a este Pleno as estatísticas dos oito anos do comercio de armas do goberno do Sr. José M^a Aznar e preguntarlle ó que foi o seu presidente de partido cantos mortos en todo o mundo causou a guerra de Irak na que vostedes nos meteron, iso é o que terían que facer. Fronte un intento loable de que todas as forzas políticas, todos vigueses, se identifiquen con esta moción, co seu contido e co que representa, é unha demagogia aquí falar de estatísticas e de cifras. As cifras teríaas que dar o Sr. Aznar.

A diferenza entre o goberno do Sr. Aznar e o goberno de Zapatero é moi sinxela: o Sr. Aznar meteunos nunha guerra e o Sr. Zapatero sacounos dela. Esa é a realidade e permanentemente os socialistas da Internacional Socialista e todos os gobernos socialistas de España, con Felipe González ou con José Luís Rodríguez Zapatero, traballaron pola paz, Sra. García, traballaron no fronte israelí e no fronte palestino e en España realizouse un cumio moi importante neste conflito. E a vostede só lle preocupa non sei cantos canóns de non sei cantos milímetros. O que lle debería preocupar é o contido desta moción, é a situación que se está producindo en Gaza e aínda o Partido Popular debería pedir perdón ós cidadáns por nos ter metido na guerra do Iraq. E vostede vennos acusar a nós de dobre moral por traer esta moción? Pois xa lle anticipo que dá o mesmo o debate de política exterior que queira facer, dá o mesmo se quere facer méritos porque ó mellor non vai ser concelleira e quere ser deputada e no Pazo das Cortes defende a política exterior do seu grupo. Os socialistas de Vigo traemos esta moción e mantémola completamente.

Dixen dende o primeiro momento que se había algún problema coa redacción ou hai algunha achega aceptariámola, pero despois da súa intervención e do seu escaso interese porque esta moción sexa apoiada, pola contradición que propón na emenda que se presenta, nós non imos aceptar este texto porque é o que vostede estaba buscando e porque os cidadáns de Vigo sábeno. Os socialistas saíron á rúa cando foi a guerra de Iraq e da mesma forma que agora pedimos a paz no conflito palestino-israelí, tamén pedimos ó goberno español do Sr. Aznar, do seu partido, que non nos metese na guerra. O Sr. Zapatero cumpriu coa súa promesa, a súa primeira decisión como goberno foi sacar a España dunha guerra. Iso é o que nos diferencia a vostedes

e a nós.

Mantemos, Alcalde, o texto da proposta completa sen aceptar a emenda.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. López Font, rematou o seu tempo. Procedemos á quenda de votacións. En primeiro lugar da emenda de substitución do punto quinto que onde di: “Expresar a súa profunda indignación pola continuación do inaceptable e contraproducente bloqueo da franxa de Gaza e a dramática situación humanitaria que orixina na súa poboación. Esixir ó goberno de Israel que cumpra coas súas obrigas segundo a lexislación internacional e a lexislación humanitaria internacional e poña fin ó devandito bloqueo, permitindo o pleno acceso da axuda humanitaria, mercadorías e persoas”, substituiríase por: “Apoiar a que se garanta a libre circulación das persoas e mercadorías en todo o territorio de Gaza”.

Durante o transcorrer do debate, o Grupo municipal do Partido Popular presenta escrito coa seguinte emenda:

Emenda de substitución ao apartado 5 da moción:

“Apoiar que se garanta a libre circulación de persoas e mercancías en todo o territorio de Gaza”

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular ó apartado quinto da moción.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

S. Ordinaria 28.06.10

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, referente á condena do ataque do exército israelí á flotilla humanitaria que se dirixía a Gaza, co texto que figura nos antecedentes desta moción.

16.- (143).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE OS CRITERIOS DE VALORACIÓN E REPARTO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 21 de xuño de 2010, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, presenta a seguinte moción:

“O Diario Oficial de Galicia do 12 de xaneiro de 2009, publicaba unha orde da Consellería de Traballo, pola que se publicaban as bases e se convocaban as subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación cos Concellos para o ano 2009.

En base a esta convocatoria e tendo en conta os obxectivos e os criterios que nela se establecen, os Concellos estableceron as súas prioridades e fixeron as respectivas solicitudes diante de Consellería, en concorrencia competitiva.

Cando se produciu o cambio de Goberno no mes de abril, as solicitudes dos Concellos, quedaban valoradas, moitas xa habían pasado por intervención e algunha coa Resolución enviada os propios Concellos.

A sorpresa xurdiu, cando o Diario Oficial de Galicia, do 25 de maio de 2009, publicaba unha orde asinada pola nova conselleira de Traballo e Benestar, pola que se cambiaba a composición das comisións de valoración dos programas de cooperación.

No artigo segundo da referida orde, establecíase textualmente: “Todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinaladas no artigo anterior, en trámite nos distintos centros directivos e unidades da Consellería de Traballo e Benestar, que non acadasen a fase de resolución e notificación aos beneficiarios, remitíranse as correspondentes comisións de valoración, para que estas, coa nova composición establecida no artigo anterior, procedan ao seu estudo, informe e avaliación, co obxecto da súa posterior Resolución, polo órgano competente para resolver”.

Asistíamos pois, ao cambio das regras de xogo case ao final do procedemento, dun xeito ilegal, dado que a Consellería de Traballo e Benestar, incumpriu a Lei 5/2008, do 23 de maio, ó non remitir esta orde ao Consello Galego de Relacións Laborais para o seu informe como é preceptivo, segundo o artigo 3, punto 2, apartado b, da referida Lei.

Isto supuxo unha fonda preocupación nos distintos Concellos de Galicia, polo atraso

das concesións e tamén polo temor a unha arbitrariedade.

O temor inicial confirmouse con creces, chegando haber disparidades de auténtico escándalo, con casos moi variados en todas as provincias.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo municipal Socialista do Concello de Vigo presenta para o seu debate en Pleno esta moción para que o Concello de Vigo inste á Xunta de Galicia a:

1.- Que se teña en conta a valoración dos programas de cooperación solicitados polos concellos á hora de efectuar o reparto de fondos.

2.- Que en 2010 se faga un reparto dos fondos dos programas de cooperación equilibrado, convocados a través da orde da Consellería de Traballo publicada no DOG do 1 de marzo, tomando como elemento principal a ter en conta o número de persoas desempregadas rexistrados por concello, cunha ponderación mínima do 90%.

3.- Que atendendo ás posibles variables na valoración dos programas de cooperación solicitados, para evitar agravios e para que non se produzan grandes diferencias como sucedeu no ano 2009, no ano 2010 o resto das variables distintas do número de parados, non deben ter un peso maior do 10%.”

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión ordinaria do 21 de xuño de 2010, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dentro das políticas que se poden desenvolver en emprego e sobre todo nun momento de dificultades coma este, teñen moita importancia as políticas activas que neste caso ten transferidas a Comunidade Autónoma galega e polo tanto xestiona o goberno galego na Xunta de Galicia.

É a estas políticas ás que hoxe facemos referencia e en canto ós programas de cooperación Xunta de Galicia-corporacións locais, uns fondos que proveñen de fondos europeos, fondos do goberno central e fondos tamén propios da Xunta de Galicia.

Estamos a ver como ademais estas medidas de fomento do emprego a través de programas de cooperación, como outras políticas activas cando se fai un esforzo investidor importante, tradúcese nun mellor comportamento do emprego e polo tanto nun descenso dos desempregados.

Estamos a ver en primeiro lugar como este goberno galego cando chega hai un ano ó goberno da Xunta de Galicia, xa habendo unha norma para outorgar os programas de cooperación, cambia eses programas, non deixa que se fagan as valoracións nas comisións de valoración, as que están feitas non deixa que se concedan, e polo tanto

nomea outras comisións de valoración o que produce un atraso na concesión, pero tamén produce un cambio importante nesa valoración. Ese cambio importante ven dado porque a valoración non se sabe moi ben como se fai porque a orde era moi clara: a porcentaxe máis importante tiña que ser por número de desempregados por concello. O actual goberno da Xunta non o fixo así e deu lugar a situacións arbitrarias que logo detallarei. Neste sentido teño algúns exemplos.

En 2008 o Concello de Vigo co anterior goberno recibiu 2.179.927 euros para programas de cooperación, para que desempregados e desempregadas rexistrados no INEM da nosa cidade puideran estar traballando en programas de cooperación no Concello de Vigo. En 2009, co novo goberno e cun número máis elevado de desempregados, a dotación económica foi de 1.405.395 euros, é dicir, un 36% menos, en termos absolutos 774.532 euros menos. Aí salta a alarma pero, se vemos a intención por onde vai a Xunta recentemente e fai públicas xa algunhas concesións de fondos para estes programas de cooperación, temos que as concesións a día de hoxe son de 416.116 euros. Isto é un escándalo.

Pero ademais se rompen as políticas do Partido Socialista do anterior goberno en canto a que os contratos que conceden para estes programas de cooperación, tanto en 2009 como agora para 2010, son de duración de seis meses fronte á duración de 12 meses que tiñan co anterior goberno. Temos que denunciar, teñen que saber todos os parados e paradas desta cidade que a Xunta de Galicia fixo unha redución do 23% en políticas de emprego cando estamos nun contexto de crise económica, mentres que no resto, no conxunto dos orzamentos da Xunta de Galicia, a redución foi do 8,2%. Iso significa 34 millóns menos de euros destinados a políticas de emprego. Mentres e por contra o goberno central incrementa nun ano de crise en 189 millóns de euros, é dicir, o 6,6% máis, as transferencias a comunidades autónomas, entre elas a de Galicia que ten todas as competencias en emprego.

Para políticas de emprego, entre outros programas para o de cooperación, a Xunta de Galicia recibe 638 euros por parado rexistrado, un 42% máis sobre os 450 de media do Estado, sen mirar a cor política de quen goberna en cada unha das comunidades autónomas, senón mirando o número de desempregados.

O Sr. Núñez Feijóo ten en Vigo 28.574 desempregados. Segundo o Partido Popular que está sentado fronte a nós xa ten 30.000. Esas son as ansias do Partido Popular de que haxa máis desempregados e desempregadas, gustaríalle que tivese moitos máis e non sei por que, porque a responsabilidade de políticas de emprego é do Sr.

Núñez Feijóo, do goberno da Xunta. Pero hai máis, o Sr. Núñez Feijóo ten en Galicia 228.507 desempregados. Estes desempregados son 20.989 máis que en abril de 2009, é dicir, nun ano de goberno ten 20.989 máis. Polo tanto temos que ver e valorar que é o que se está facendo. Evidentemente se non se inviste en políticas activas de emprego non vai haber resultados positivos.

Unha comparación máis: á Cañiza con 547 desempregados a Xunta de Sr. Núñez Feijóo achega 423 euros por desempregado ou desempregada; na Cañiza goberna o Partido Popular. En Vigo aporta 71 euros por desempregado ou desempregada. Iso no 2009, imos ver que fai no 2010 que seguro que é bastante menos.

Por iso a proposta que facemos na nosa moción é que se teña en conta o número de desempregados fundamentalmente no 90% e só se deixe o 10% para outros criterios avaliáveis. Se de verdade a Xunta de Galicia quere responder ó desemprego, que é a principal lacra que temos agora mesmo, ten a oportunidade de facelo incrementando máis partidas nos seus orzamentos, facendo un reparto equitativo e valorado en función do número de desempregados e non de criterios de clientela, como está a facer. Onde sexa, no concello da cor que sexa, que se vexa reflectido o seu número de desempregados e desempregadas e poidan ter unha resposta con estas políticas activas.

O goberno anterior do Partido Socialista e do BNG na Xunta de Galicia atendeu ós vigueses e viguesas como viñan demandando e estamos a ver que en políticas activas de emprego o goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo estanos dando as costas, como tamén nos están dando as costas noutros temas na nosa cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Para o BNG o problema do paro é o principal problema da sociedade por iso as subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación non se poden facer de xeito discrecional, nin partidario ou de clientela. As persoas desempregadas non poden ser discriminadas en función da cor política de quen goberna o concello onde están censados. Á hora de desenvolver estes programas deberase ter en conta o seguinte: a creación de emprego a nivel local, a creación de emprego estable e sen precariedade, a formación permanente e eficaz, a integración laboral da xuventude, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e entre cidadáns deste ou doutro concello.

As liñas de fomento do emprego público institucional deben ter un enfoque global, deben ser unha ferramenta de emprego. As subvencións para o fomento do emprego

a través dos programas de cooperación deben buscar a racionalización destes recursos e sentar unhas bases mínimas pactadas para evitar o uso partidario. Sería bo que recollese un acordo coa FEGAMP para pactar un módulo mínimo para todos os concellos, para dar unha oportunidade ás persoas desempregadas por igual.

Como criterio principal debe ir dirixido ás persoas paradas e non a pagar favores ou comprar vontades e ten que ser unha ferramenta útil para mellorar a capacidade da inserción laboral.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar non sei como a vostedes non lles dá vergoña como socialistas e nacionalistas, á vez que sindicalistas, de vir con ese discurso a este Pleno. O que incrementa o goberno central non son as axudas senón os impostos, Sr. Rodríguez, sobre todo a partir do xoves; e o que reduce é o salario dos funcionarios, conxela as pensións e se carga axudas como a do famoso “cheque-bebé”.

Esta moción xa se debateu e rexeitou polo Parlamento de Galicia o pasado 8 de xuño, pero como a dirección do Partido Socialista a nivel rexional obriga a presentala en todos os concellos, hoxe tocaba debatela en Vigo.

O único obxectivo que ten esta moción é manipular e confundir, sobre todo a aquelas persoas que máis están a sufrir o problema do desemprego, o problema de non ter un traballo porque, malia do que prometeu en campaña o alcalde da cidade, dende que o Sr. Caballero é alcalde en Vigo hai 11.000 parados máis, Sr. Rodríguez, seguro que cando fan ese balance dos tres anos con tanto auto bombo, calan este dato. Dinlle á xente que hai 11.000 parados máis e máis de 1.500 comercios pechados dende que o Sr. Caballero é alcalde? Seguro que non.

Respecto ó texto que presentan débolle dicir por se non o sabe, que o antigo bipartito dos señores Touriño e Quintana na Xunta de Galicia xa tiña iniciados os procedementos desta orde de subvención e cando tomou posesión o goberno do Partido Popular, por certo elixido democraticamente por maioría absoluta, a maior parte destes expedientes xa estaban puntuados e moi avanzados. O único que se fixo foi continuar coa análise dos expedientes que quedaban.

Como todo o mundo sabe, cando chegou o goberno do Partido Popular ó goberno da Xunta o primeiro que fixo foi aprobar un plan de austeridade recortando gastos improdutivos, reducindo un 25% de consellerías e un 40% de altos cargos, suprimindo entre outras cousas 52 delegados provinciais. É por ese motivo polo que

se modifica a estrutura das comisións de valoracións. O que se fixo foi quitar políticos, quitar delegados provinciais e meter técnicos para valorar os proxectos, técnicos que son os xefes de servizo das delegacións territoriais que antes unicamente eran os vocais.

As valoracións fixéronse seguindo os baremos xa establecidos na Orde que publicaron vostedes no anterior goberno e ademais o PSOE tiña unha responsabilidade máxima en materia de emprego. Lembremos que logo de seren elixido alcalde o Sr. Caballero, naquela visita de D. Ricardo Varela prometeu 167 millóns de euros para o emprego en Vigo pero que ninguén xamais creu, como todas as promesas do Sr. Alcalde, D. Abel Caballero.

Sr. Rodríguez, non se pode ter en conta o número de parados como única variable a ponderar, iso non foi así nunca e esta é unha Orde que leva publicada moitos anos con gobernos de diferentes cores políticas e nin sequera cando gobernaron vostedes, o Partido Socialista, fixeron esa modificación que agora reclaman. Ademais e como debe saber, os plans de cooperación non son a única ferramenta que ten a Xunta de Galicia para colaborar a través de subvencións co fomento do emprego por parte das entidades locais.

Así en total o ano pasado en axudas para o emprego -programas de cooperación, programas mixtos, subvencións de relacións laborais, subvencións de formación e colocación- Vigo recibiu 26,6 millóns de euros, un 16,3% máis que o mellor ano no que o PSOE estaba no goberno bipartito. En troques para Vigo vostedes unicamente destinan o 1,2% do orzamento municipal para axudas ó emprego, un terzo do que destinan a parques e xardíns e ademais non son capaces nin de executar o seu propio orzamento en materia de emprego. Sr. Rodríguez, é ese o seu compromiso en materia de emprego?

Vostedes quéixanse das súas propias normas porque o que facían os socialistas na Xunta era prexudicar ás persoas que vivían en concellos onde non gobernaban porque para vostedes hai diferenza entre os cidadáns gobernados por bipartitos e os gobernados polo Partido Popular. A Xunta traballa para todos, non como vostedes que só atendían ós seus, pero por sorte non todos os gobernos actúan igual.

Voulle poñer un exemplo. Durante os anos 2006 e 2007 cando aquí gobernaba o Partido Popular e o bipartito na Xunta, o Concello de Vigo recibía 700.000 euros anuais. No ano 2008, cando o bipartito gobernaba na Xunta pero chegou D. Abel Caballero ó goberno da cidade, de súpeto as axudas multiplicáronse por tres. Valen

máis as persoas que non teñen traballo cando governa o PSOE que cando governa o PP?

Outro exemplo: no Porto de Vigo nos anos 2006 e 2007, cando gobernaba o bipartito na Xunta e D. Abel Caballero estaba no Porto, había unha media de 1,2 millóns de euros en plans de cooperación ó ano. Cando o Sr. Caballero vaise do Porto e entra un socialista pero xa non era o Sr. Caballero, redúcense a menos da metade, 450.000 euros.

Sr. Rodríguez, o único que conseguiron con esta moción é mostrar en público as súas propias vergoñas e vostede persoal e principalmente como socialista e sindicalista. Recoñecer que tiran a toalla, que non teñen outras propostas máis ca compadecerse de si mesmos e sobre todo admitir o fracaso deste goberno e do Sr. Alcalde, nervioso polas enquisas e pola súa mala valoración.

O alcalde mentiunos, enganou prometendo pleno emprego e estamos seguros que iso os cidadáns non llo van perdoar.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Hai que ver o que hai que dicir para xustificar o inxustificable: a nula política de emprego da Xunta de Galicia.

Quen incrementaron os impostos foron vostedes cando puxeron no combustible o céntimo sanitario. Lémbrense de que foi o goberno do PP do Sr. Fraga quen cargou ese céntimo no combustible. Ademais tamén recadan polo IRPF, todos os cidadáns ven iso agora na súa declaración da renda. A pregunta que lles fan os cidadáns e a de que fan con eses cartos, máis os que lles achega o goberno central, para traballar a favor de que haxa menos desempregados e desempregadas en Galicia, en concreto nesta cidade. Non están a facer absolutamente nada.

Ademais menten e manipulan, son vostedes os que manipulan e pretenden confundir ás persoas.

Di que hai 3.000 comercios pechados. Non sei por que uns días din que 300, outros 3.000 e outros 500. Non sei como é a cousa a non ser que abran e pechen todos moi de seguido. Están bailando todos os días os datos.

Por certo lle teño que dicir que o alcalde é o político máis valorado de todos, de Galicia, do Estado e da nosa cidade e vostedes sábeno porque teñen tamén as súas propias enquisas e por iso atacan tanto. É un alcalde que defende á cidade, que defende ós vigueses e ás viguesas e que non se vende como vostedes ó *lobby* do norte.

En materia de emprego e sobre esa redución que fixeron de delegados que nos queren vender, o que vostedes fixeron foi nomear outros xefes e agora teñen moitos máis, pero ademais son políticos porque se pelexan por vir ás clausuras dos obradoiros e hai que refacer a axenda porque a delegada xa non pinta nada na súa axenda; a xefa ou xefe territorial é quen lle impón a axenda para vir clausurar un obradoiro. Iso non é ser político. Como di que non hai políticos e que son técnicos? Que nos queren vender os señores do Partido Popular? O delegado territorial de Educación é un técnico? Ou non é tamén un concelleiro do PP nun concello do Val Miñor?

Os datos falan por si sós. Cando se fixeron as reparticións con esa Orde da que falou vostede, fixéronse por un goberno socialista para todos por un igual, é máis, os que mellor parados saíron por riba da media foron os concellos nos que gobernaba o Partido Popular. Vostedes fan todo o contrario porque entre 2006-2008 cando se fixo o reparto dos fondos, a media foi de 275 euros; 292 nos concellos do Partido Popular e 265 nos concellos gobernados polo Partido Socialista, polo tanto non veña aquí inventarnos nada.

O que pasa é que vostedes teñen nula política de emprego, nula política de economía e de investimento para sacar a este país da crise. Iso si, estou por asegurar que están a gastar bastantes cartos noutras cousas: 500 euros por cadeira. Ó mellor estes cartos viñan algo mellor para os desempregados e desempregadas.

Ademais, Sr. Fidalgo e señores do Partido Popular, quérolles lembrar que vostedes tiñan un magnífico conselleiro de Economía e Facenda que nos ía sacar xunto co Sr. Núñez Feijóo da crise e tivérono que botar antes de saír a candidatura adiante porque tiña o diñeiro nas Illas Caimán. A saber por que. Era quen nos ía sacar da crise ó igual que o Sr. Núñez Feijóo. En cen días todo arranxado e agora o presidente non ten ningún problema, vaise por aí de vacacións, de turismo a fin de semana e a culpa é dos demais, aquí non pasa nada.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, relativa a programas de cooperación, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

17.- (144).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó GOBERNO DA NACIÓN DEIXAR SEN EFECTO A SUBA DOS TIPOS IMPOSITIVOS DO IVE. DOC. 100049079.

ANTECEDENTES.- Por medio de escrito, entrada no Rexistro Xeral de data 14 de abril de 2010, documento nº 100049074, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, presenta a seguinte moción:

“No ano 2009 as contas públicas rexistraron o maior deterioro da súa historia. A importante desviación na estimación dos ingresos e os gastos para 2009 pon de manifesto que o Estado perdeu o control da situación económica e das finanzas públicas.

O Goberno, lonxe de abordar a corrección desta situación de grave desaxuste das nosas contas públicas mediante un proceso de consolidación fiscal centrado no control do gasto público e medidas de austeridade na actuación de todas as administracións públicas, presentou uns orzamentos xerais do estado para 2010 que, non só contemplan un aumento do 17% do gasto non financeiro do Estado con respecto aos PGE de 2009, senón que introducen a maior subida de impostos da democracia, facendo recaer integramente a paulatina corrección do déficit público nun hipotético aumento dos ingresos consecuencia da subida de impostos aprobada para 2010.

Tanto a evidencia empírica como numerosos estudos poñen de manifesto que a subida dos impostos ao consumo nunha situación de crise económica como a que reflicten os propios orzamentos do Estado, é unha medida desaconsellable xa que, polos seus efectos negativos sobre o consumo e por tanto o investimento e o emprego, prexudicará a recuperación económica sen ter apenas impacto na recadación.

Así, entre outros organismos, a OCDE avisaba dos efectos negativos que terá para a nosa economía a subida do IVE, e recomendou ao Goberno, no seu informe semestral de perspectivas publicado en novembro de 2009, que aprazase a subida do IVE a

2011 “a fin de que a economía se recupere de maneira máis sólida”.

Ademais da repercusión negativa que esta subida terá sobre produtos e servizos como roupa, calzado, electrodomésticos, recibo da luz, factura do teléfono, coches, vivenda, alimentación, hostalaría, restaurantes, transporte terrestre..., os concellos e as CCAA verán drasticamente diminuída a súa capacidade para contratar obras e servizos que prestan aos cidadáns, e iso sen contar ademais o prexuízo que a subida do IVE carrexará tamén aos proxectos contratados ao amparo do actual Fondo Estatal de Emprego e Sostemento Local. A este recorte haberá que sumar os 3.000 millóns de euros menos que os entes locais deixan de recibir por transferencias do Estado para este ano. Con estes datos, as perspectivas económicas dos gobernos locais e os instrumentos para facer fronte á grave situación financeira non farían senón empeorar, o que albisca un panorama verdadeiramente desolador para o segundo semestre deste ano.

Pero, con todo, os grandes prexudicados van ser os propios cidadáns castigados dobremente, na súa dificultade para acceder a bens de consumo básicos e na calidade de prestación dos servizos que reciben do seu Concello.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- Instar o Goberno da Nación a deixar sen efecto a subida de tipos impositivos do IVE prevista para xullo de 2010.
- 2.- Instar ó Goberno á inmediata negociación cos partidos políticos e asociacións máis representativas do ámbito local, da reforma conxunta do sistema de financiamento e do goberno local, que dote aos entes locais dun marco institucional, competencial e financeiro adecuado para facer fronte á difícil situación actual.
- 3.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta Segunda e Ministra de Economía, ao Vicepresidente Terceiro e Ministro de Política Territorial, e aos voceiros parlamentarios das Cortes.

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión do 19 de abril de 2010, ditamina favorablemente.

Emenda de substitución formulada mediante escrito do 28 de xuño de 2010 polos voceiros dos Grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, Sra. Méndez Piñeiro e Sr. López Font, respectivamente:

- 1.- Instar ao Goberno da Xunta e ao Goberno do Estado a deseñar cada quen un plan de revisión das políticas fiscais que dote de maior progresividade ao sistema tributario incluíndo:
 - Un imposto sobre as grandes fortunas e sobre o patrimonio.
 - A reforma do IRPF estatal e autonómico de xeito que se incremente a

tributación para as rendas máis altas (a partir de 80.000€).

2.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado un novo modelo de financiamento local, de xeito que se modifique o actual sistema de participación nos ingresos do Estado tendo en conta o maior custo dos servizos en Galicia pola dispersión da poboación, a superficie territorial e o envellecemento da poboación.”

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Eu non saio do meu asombro, Sr. Rodríguez. Di aquí que o Partido Popular dedícase a subir os impostos e resulta que imos falar agora dunha das moitas subas de impostos que fixo o Partido Socialista; é realmente curioso.

Traemos a este Pleno unha moción cando quedan aínda dous días para que se poida corrixir o que é un grave erro e algo que tamén consideramos unha grave irresponsabilidade.

Nun principio o Partido Socialista negou a crise, estabamos na “champions league”, os que falábamos de crise eramos pouco menos que antipatriotas, houbo un debate en televisión entre o Sr. Pizarro e o Sr. Solbes e todo o que dixo o Sr. Pizarro foise confirmando paso a paso. Logo, en troques de falar de crise dicían que era desaceleración. Isto é como un conto porque pasa o tempo e aceptan a crise pero non fan nada. A culpa como sempre non é do Sr. Rodríguez Zapatero, é de fóra, do exterior, doutro planeta. Segue avanzando o tempo e logo hai que buscar un culpable: a culpa é dos bancos.

Pero parece que ó final tampouco era toda a culpa dos bancos e entón se dedican a facer medidas, medidas irresponsables que o único que lle trouxeron á cidadanía son prexuízos que ademais van perdurar no tempo e van ser difíciles de superar. Tomaron medidas discrecionais e populistas coma o tema dos 400 euros, coma o Plan E que non deixa de ser máis que propaganda e para mostra un botón, porque cando se contrata unha obra do Plan E hai que poñer un gran cartel máis grande case ca obra. Propaganda e publicidade que pagamos todos.

O que está claro é que esta non é a primeira suba de impostos que temos porque co goberno socialista dende xullo de 2009 subiron os impostos especiais: o imposto sobre o gasóleo, sobre a gasolina, o mínimo sobre os labores do tabaco, o imposto específico para cigarros e pequenos cigarros, o IRPF, retíranse as deducións por compra de vivenda habitual, o tipo xeral do IVE pasa ó 18% e o reducido ó 8%. Claro que din que o super reducido non o soben, é a gran xustificación.

Os socialistas son especialistas en subir impostos. A presión fiscal en España subiu

máis de 3 puntos do Produto Interior Bruto e o grave é que estes impostos recaen sobre as clases traballadoras, sobre as clases menos favorecidas e o IVE é un exemplo disto. Ademais deberían saber que a suba do IVE non implica que se vaia recadar máis porque foi o Partido Socialista quen subiu o IVE nos anos 92 e 93 e logo no ano 95 e a recadación descendeu un 11%. O Partido Socialista é o partido dos impostos, é o partido que abafa á cidadanía.

No ano 2009 as contas do Estado rexistraron o maior deterioro da súa historia. Agora veñen con parches, con grandes decretos que sacan por pouco no Parlamento coa axuda dun tráfuga, Unión do Pobo Navarro, ese é o voto que lles deu a maioría. Aprobán unha medida pola que reducen o poder adquisitivo por unha banda dos funcionarios e por outra dos pensionistas, aínda que ese será o tema dunha moción que ven despois. Cárganse o poder adquisitivo dos pensionistas porque non deixa de ser un imposto máis que os vai gravar.

Aínda por riba soben o IVE cando hai numerosos estudosos que dixeron que esta suba pon en grave risco a economía deste país. Non sabemos se lle van subir o IVE ós que venden armamento a Israel, igual non llo soben, pero o maior aumento da carga fiscal recaerá sobre os pobres, os maiores e os pensionistas debido a que o consumo supón a maioría do gasto destes colectivos porque a xente non se pode dedicar a aforrar.

Falando de impostos, vostedes foron os que rebaixaron a SICAP dun 35% que tributaba ó 1%, son os que lles baixaron os impostos ós máis ricos e por riba lles eliminaron o imposto sobre o patrimonio. O Bloque Nacionalista Galego tampouco pode falar moito nisto porque apoiou ó Sr. Rodríguez Zapatero na investidura, non o apoiaría nos orzamentos pero se o Sr. Rodríguez Zapatero está “desgovernando” e poñendo en perigo o futuro de España é coa aquiescencia e coa complicidade do BNG.

Cremos que en momentos de crise como os que estamos a vivir é necesario tomar medidas serias que dende logo non pasan por prexudicar á cidadanía. Decía o meu compañeiro, Sr. Fidalgo, que non se poden eliminar axudas como as do “cheque bebé”, non se poden subir os impostos se queremos recadar máis e o Partido Popular demostrouno cando gobernou no ano 96 porque se baixaron os impostos e de feito recadou máis. Vostedes teñen que recorrer á axuda exterior para facer o labor de investigación que correspondería para as grandes fortunas que teñen os seus diñeiros fóra do noso país.

Van atacar vostedes sectores moi importantes da economía apoiando esta medida: o turismo. A partir do mes de xullo esta suba vai afectar enormemente ó turismo, vai afectar ó consumo. Dicía o Sr. Fidalgo que pecharan 1.500 comercios, xa veremos os que se pechan a partir de agora porque tamén van atacar ós autónomos. O sector da automoción, tan importante para a economía de Vigo, tamén se vai ver afectado non só por esa falta de xestión que teñen de non saber que se vai facer coas axudas, senón porque esta suba do IVE ataca directamente á adquisición de vehículos. No sector inmobiliario tamén vai baixar a compra de vivendas e así o denuncian as asociacións do sector. Ims decrecer. Dicía un catedrático da Universidade Pompeu Fabra que a verdadeira crise ía empezar a partir do segundo semestre de 2010 e desgraciadamente probablemente teña razón. Agora sobe o IVE e en decembro algúns nin terán paga extraordinaria.

En resposta ás declaracións do Sr. Rodríguez que ven presumir de postos de traballo, dígolle que o Partido Popular na súa anterior lexislatura creou cinco millóns de postos de traballo mentres o Partido Socialista destrúe cinco millóns de postos de traballo. Esa é unha das diferencias. Das pensións falarei logo pero o PP garantiu por lei a súa revalorización, o PSOE conxélaas por primeira vez. Ós empregados públicos báixaselles o salario, cousa que o PP nunca fixera. Iso si, coa aquiescencia dos sindicatos que primeiro fan unha folga e agora presentan unha folga xeral para finais de setembro. Debe ser que pasar por caixa ten estas cousas.

A taxa de paro co Partido Popular reduciuse dun 22, na que a deixou o Partido Socialista, a un 11%. Agora facemos o camiño inverso como sempre que gobernan vostedes, pasamos do 11 ó 20%. O salario mínimo interprofesional co Partido Popular aumentou un 18%, con vostedes hai máis de 1.300.000 familias sen ningún salario.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, rematou o seu tempo. Antes de darlle a palabra á concelleira de Economía e Facenda teño que dicir que se recibiu unha emenda presentada conxuntamente polo Grupo do BNG e polo Grupo Socialista de texto alternativo que di: Instar ao Goberno da Xunta e ao Goberno do Estado a deseñar cada quen un plan de revisión das políticas fiscais que dote de maior progresividade ao sistema tributario incluíndo: Un imposto sobre as grandes fortunas e sobre o patrimonio. A reforma do IRPF estatal e autonómico de xeito que se incremente a tributación para as rendas máis altas (a partir de 80.000€). Segundo: Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado un novo modelo de financiamento

local, de xeito que se modifique o actual sistema de participación nos ingresos do Estado tendo en conta o maior custo dos servizos en Galicia pola dispersión da poboación, a superficie territorial e o envellecemento da poboación”.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos asistindo ó discurso da demagogia do Partido Popular. O único que fixo o Partido Popular nesta quenda de intervención foi criticar as actuacións do goberno sen presentar absolutamente ningunha alternativa. Durante toda a fin de semana estivemos agardando as palabras do Sr. Rajoy que dicía que nos ían presentar as medidas anti-crise. A resposta foi nada de nada. A verdade é que non me decepcionou porque sabía que non hai alternativas por parte do Partido Popular. O único que fixo foi culpar de novo ó Sr. ZP da crise económica internacional pola que está pasando China, Xapón, Reino Unido, Grecia, España, Francia, Alemaña; o culpable é o Sr. Zapatero. Aínda o Partido Popular non sabe que estamos nun contexto e nunha crise internacional que esixe medidas cooperativas de carácter internacional.

Na súa quenda de intervención o Sr. Conde non o dixo pero a súa moción vai moito máis aló do IVE. A moción do Partido Popular tamén propón que se cambie o actual sistema de financiamento local. Claro que non o dixo porque se decatou entre o momento de presentar a moción e este Pleno que o sistema actual de financiamento local aprobouse polo Partido Popular. Ese sistema que temos actualmente e que agora cualifican como de “asfixia financeira” propúxose e aprobouse polo Sr. Aznar cando D. Mariano Rajoy era vicepresidente, cando D. Javier Arenas era ministro de Administracións Públicas, cando D. Cristóbal Montoro era ministro de Facenda e cando D^a Rita Barberá, alcaldesa de Valencia, era presidenta da FEMP. Ese é o actual sistema de financiamento local que temos e por iso non o dixo.

Por iso na emenda que presentamos o último parágrafo di que estamos de acordo en cambiar o sistema de financiamento local porque xa o dixemos no seu momento cando o aprobou o Partido Popular, dixemos que non queriamos este sistema de financiamento local senón outro onde as comunidades autónomas participen máis, onde todas esas competencias que temos transferidas a nivel de obrigas de actuar pero sen orzamento transferido, queremos que se nos dea ese diñeiro e por iso estamos de acordo con que haxa esa reforma do sistema de financiamento. De feito xa o goberno do Partido Socialista, nada máis deixar o Sr. Aznar a Presidencia do Goberno, tivo que crear un fondo adicional de 1.200 millóns para salvar ós concellos

no seu financiamento. Pero ó Partido Popular agora non lle interesa dicir iso porque se decata que os que meteron a pata hai anos foron eles e entón fala do IVE. Si, de acordo, falemos do IVE.

Eu sei que a suba do IVE non é unha medida nin fácil, nin ó gusto de todo o mundo, por suposto que non, pero a critican eles que son os que eliminaron a gratuidade dos libros de texto e que van facer que cada familia teña que pagar máis de 500 euros por cada fillo. E non só eliminan a gratuidade, senón que agora decidiron cambiar os libros de matemáticas de xeito que xa nin sequera os irmáns van poder herdar os libros, van ter que comprar libros novos. Eses son os que están en contra da suba do IVE.

De novo ignoran o que hai en Europa, ignoran que estamos tomando medidas. Iso que hoxe critican aquí é o que están propoñendo nos países nos que eles gobernan. Coa suba do IVE aquí imos pasar a un 18%; a semana pasada no Reino Unido dicían que o ían subir ó 20%, mesmo por riba do que se está falando en España. Os que hoxe critican aquí propoñen subas mesmo superiores onde gobernan porque a situación á que nos levaron esas políticas liberais, capitalistas do Partido Popular é unha situación de déficit económico que absolutamente todos os países europeos temos que abordar.

A única forma de abordar o déficit público é ou con subas de ingresos ou con baixadas de gastos, non hai máis. Cando se propón unha suba de ingresos a critican, cando se propón unha baixada de gastos a critican e por iso digo eu que nos presenten unha alternativa. Nós queremos traballar pola redución do déficit público ó igual que está facendo o Reino Unido con esa suba do IVE, cunha reforma do plan de pensións; tamén Francia está a reformar o seus sistema de pensións, está conxelando salarios; Alemaña está reformando o sistema de pensións, conxelando salarios e xa vemos todos os días na prensa as medidas que está tomando Portugal. Critícanos eles cando foi o goberno socialista o que subiu as pensións neste país un 50%, as mínimas practicamente pasaron a case o dobre. A presión fiscal da que o Sr. Conde falaba, na época socialista pasou do 37 ó 33%, caeu 4 puntos a presión fiscal dende que o Sr. Rodríguez Zapatero foi nomeado por todos os españois presidente do goberno. Polo tanto é un compromiso de toda Europa, absolutamente todos temos que camiñar na mesma dirección. Eu xa sei que non son medidas fáciles, que son medidas duras, pero son medidas que estamos adoptando todos os europeos sexamos da cor que sexamos. Por suposto que nos custa ós socialistas presentar

medidas duras.

Dixo vostede que isto lles vai afectar ós máis pobres; pois se realmente esta é unha medida que vai afectar máis ós máis pobres e vostede está en contra desta medida, eu aquí lle vou propoñer unha medida alternativa e valorémola porque o que importa é traballar. Sabemos que temos que reducir o déficit entre todos e polo tanto temos que presentar medidas para a corrección dese déficit.

Non están de acordo coa baixada e coa conxelación de salarios que se presentou, non están de acordo coa subida do IVE, entón eu propoñolles outra alternativa que é a que aparece na moción: que suban os impostos das rendas máis altas, que os que máis teñen contribúan máis. Non apliquemos o IVE de xeito que o final como vostede di non sexan os máis pobres os que paguen máis e polo tanto presentemos esa alternativa, que sexan os máis ricos os que paguen máis e podémolo facer con dúas propostas que eu fago: un imposto sobre grandes fortunas e sobre o patrimonio. Se hai que investigar no estranxeiro onde está a gran fortuna, a min non me importa que se investigue, non sei se vostedes están en contra de que se investigue onde están as grandes fortunas, a min en absoluto me importa. Pola contra penso que hai que facelo e se veñen de ingresos xerados en España teñen que tributar en España. En canto ó imposto sobre o patrimonio que quen máis teña sexa quen máis pague.

Propoñemos tamén unha reforma do IRPF de xeito que a tributación sexa maior para as rendas máis altas. Xa temos un IRPF progresivo, pois fagámolo máis progresivo de xeito que a partir dos 80.000 euros aínda tributen máis e xa teremos ingresos. Con esas medidas non sería necesario aplicar a suba do IVE. Por iso eu lle propoño esta alternativa de maneira que instemos ó goberno a que cre un imposto sobre grandes fortunas e sobre patrimonio, unha reforma sobre o IRPF tanto a nivel estatal como autonómico de xeito que aumente a tributación para as rendas máis altas. Con isto xa non sería necesario aplicar o IVE a todo o mundo. A segunda parte da emenda sería que a Xunta demande ó Estado un novo sistema de financiamento local onde os concellos teñan a cantidade de diñeiro que precisan.

Esas son as miñas propostas, como ven son alternativas, non é o que fan vostedes que é criticar e dicir que nada lles gusta. Hai que vir con alternativas, hai que vir traballar a este Concello e non só dicir que non gusta a suba do IVE, hai que presentar unha alternativa e eu estouna presentando. Subamos só os impostos das grandes fortunas e polo tanto que se modifique ese sistema de financiamento local que foi o que vostedes aprobaron e defenderon.

SRA. VELOSO RÍOS: Non vou precisar os dez minutos que me corresponden porque se non erro esta debe ser a terceira vez que falamos da suba do IVE no Pleno do Concello de Vigo nos últimos meses e coido que o BNG sempre foi o suficientemente claro sobre a súa postura en canto a reformas fiscais, tanto no Parlamento do Estado, como no Parlamento galego, como nos concellos en todas as nosas intervencións.

O BNG reiterou en numerosas ocasións que a suba do IVE é inxusta, que acentúa a presión fiscal sobre as rendas medias e baixas que son xa as que evidentemente soportan máis presión fiscal porque son as que teñen que destinar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a satisfacer as necesidades básicas de consumo, polo tanto son as máis castigadas pola crise da que non teñen ningunha responsabilidade e son tamén as máis castigadas pola suba do IVE. Mesmo entendemos que pode ser contraproducente porque grava o consumo nun contexto de caída da demanda e iso pode dificultar e atrasar a recuperación económica.

Por iso reiteramos a nosa demanda de derrogar a devandita suba pero non só iso, non só se trata de chamar a atención sobre a suba do IVE, senón que no BNG ademais defendemos medidas concretas, que realmente sexa un sistema fiscal que permita modificar a situación e que non sexa algo conxuntural e puramente de propaganda política nun momento determinado para facer demagogia e saír nos medios de comunicación.

No BNG sempre defendemos un sistema fiscal progresivo no que acheguen máis os que máis teñen. Iso é o que nós entendemos como un sistema fiscal xusto e isto quero explicar porque en moitas ocasións, podémolo ver nos textos das mocións, o Partido Popular di que defende tamén un sistema fiscal xusto pero está claro que non entendemos o mesmo por xusto. Isto pasa moitas veces, non entendemos o mesmo por liberdade, por democracia e tampouco por xustiza, neste caso parece que moito menos.

O problema no debate co Partido Popular está claro que está no significado dos termos que utilizamos. O PP non acaba de definir que é un sistema fiscal xusto e non o definen na teoría nin no seu discurso político, pero tampouco na práctica política porque están a pedir un sistema xusto defendendo ós traballadores e traballadoras, ós máis pobres, ós que menos teñen, ós que están sufrindo máis no período de crise, pero logo cando gobernan teñen que recorrer de novo ó dogma do déficit cero, da austeridade e o que fan é recortar o investimento público facendo que sexan unha

vez máis os que menos teñen, os máis pobres, os que máis sofren nesta situación porque a súa maneira de repartir de novo a riqueza é precisamente eliminado os servizos públicos e contratando empresas privadas para ofrecer servizos dende os gobernos nos que teñen vostedes a maioría e o goberno.

É máis, o IVE non é algo que se decida neste Concello e mesmo poderíamos dicir que non é algo que se decida unicamente no Estado español. Hai un sistema común do IVE, un sistema da Comunidade Europea e quero lembrar que no Parlamento Europeo o Partido Popular ten a maioría. Como explicaba xa a concelleira, Sra. Díaz, esta non é unha medida que xorda dunha persoa illada neste mundo; é unha cuestión estrutural, non conxuntural, forma parte dun sistema económico no que evidentemente o Partido Popular ten moita responsabilidade e agora veñen aquí pedir medidas de esquerdas que ultimamente parece que son as que queren vostedes e que son as que realmente serven para gobernar para todo o mundo porque as medidas de esquerdas son as únicas que realmente serven para gobernar para todo o mundo.

Agora parece que son estas medidas as que o Partido Popular quere defender e apelan á responsabilidade e ó sentido do estado. Pero ó mesmo tempo ás veces fan manifestacións a favor da rebelión fiscal. Están vostedes ultimamente moi sublevados.

Din que esta medida vai afectar a todos os sectores económicos, mesmo vai afectar ó turismo. Pois si, evidentemente, tamén a nós nos vai afectar no turismo porque agora que hai que preparar as vacacións xa recibimos ó rematar o curso a listaxe dos libros que temos que mercar e hai que volver pensalo antes de planificar as vacacións que agora temos que pagar os libros para empezar o curso de setembro.

SR. CONDE GIL: Eu non sei se a Sra. Díaz se está postulando como sucesora da Sra. Ministra de Economía porque está aquí facendo unha serie de achegas que se son tan boas, por que non as fan? Pero imos ó que fixeron. Eliminaron o imposto sobre o patrimonio, reduciron o tipo das SICAPs dun 35% a un 1%, é dicir, as grandes fortunas que antes tributaban ó 35 agora o fan ó 1%. Esa é a política socialista? Prexudicar ós traballadores para favorecer ás clases máis favorecidas? Non quero dar nomes pero igual hai algún con gravata vermella.

Mentres di vostede que fagamos propostas. Xa as fixemos onde correspondía, no Parlamento e o Sr. Rodríguez Zapatero dixo que non porque o Sr. Rodríguez Zapatero

hoxe non se move só, estivemos en semestre de Presidencia europea e foi un fracaso porque o Sr. Rodríguez Zapatero é un monicreque do que lle impoñen dende fóra e un irresponsable, en primeiro lugar por negar a crise e logo por adoptar medidas que non son as que necesita este país, por esas dúas cousas é un irresponsable. Os datos xa os din antes, pasamos dun 11% a un 20% de paro, de crear en dúas lexislaturas cinco millóns de postos de traballo a destruílos. Iso é o que lle preocupa á xente e aínda por riba afogámola.

Nós fixemos as nosas propostas: reducir o déficit e a débeda pública que curiosamente agora o G20 di que o hai que facer e o Sr. Presidente do goberno non sae nin en rolda de prensa, sae a Sra. Salgado. Reestruturar o sistema financeiro para que o crédito vaia a quen ten que ir: ás familias, porque non vai. Unha verdadeira reforma laboral e non unha chapuza como se fixo, agardamos que se corrixa no Congreso dos Deputados; non subir os impostos.

Vostedes teñen a experiencia, pero ten razón o refrán: “o home é o único animal que tropeza dúas e tres veces na mesma pedra”. Vostedes subiron o IVE, os datos estatísticos están aí e baixouse a recadación un 11%. Tamén hai que resolver os problemas de morosidade. Dámoslles máis medidas para reducir o déficit público e baixar os impostos: suprimir a Vicepresidencia Terceira.

Isto é para nota, mentres o presidente da Xunta fai cola nun aeroporto para coller un avión e viaxa en clase turista, o vicepresidente terceiro do goberno e presidente do Partido Socialista vai á sala VIP e viaxa en primeira clase. Esa é a diferenza. Suprimir os ministerios de Igualdade e Vivenda. O Ministerio de Igualdade porque dende que o *burka* lles dá igual e se dedican a facer o ridículo no Senado, así nos vai. Integrar, como estiveron sempre, os ministerios de Educación e Cultura; integrar os ministerios de Traballo e Sanidade; reducir as subvencións non produtivas e eliminar as non xustificadas; recortar subvencións a sindicatos, partidos e patronal; reducir o número de empresas públicas; reordenar o sector público a nivel estatal, autonómico e local; reformar de maneira integral a Administración Xeral do Estado e reducir o elevado número de asesores do goberno. Este é un decálogo ó que o Sr. Rodríguez Zapatero dixo que non porque el só recibe instrucións do Sr. Obama.

Comprendo que lles doa que se critique ó seu “adaíl da intelixencia” pero agora que avanzamos, por que retrocedemos?

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non sei nin por onde comezar porque todo foi unha fileira de

despropósitos. Falar das SICAPs, de que agora só tributan por un 1%, iso votouno o Partido Popular, esa rebaixa que está criticando agora o Sr. Conde votouna o Partido Popular e por iso se ve constantemente a incongruencia do Partido Popular. Aquí cando lles interesa din unha cousa pero cando lles interesou aprobala votaron a favor, o que pasa é que agora o hai que vender e dicir que son máis papistas que o papa, que son máis de esquerdas ca nós.

Logo están en contra dunha serie de medidas, acaba de dicir que están en contra da reforma laboral, non lles gusta. Claro que non porque o que queren é o despedimento libre e nós estivemos aí poñendo chaves para que esas situacións non se produciran; por iso están en contra da reforma laboral, porque o que queren é despedimento libre, que non haxa indemnizacións, nin seguro de desemprego, nin pensións. Iso é o que realmente quere o Partido Popular.

Falou dun decálogo de propostas. É un decálogo de demagoxias, unha por unha, non hai nin unha soa proposta construtiva.

Por suposto, pasa ós insultos e neste caso tocoulle ó Sr. Rodríguez Zapatero ser o obxecto de todos os insultos. Na primeira intervención dixo que é o culpable da situación económica que temos; na segunda, como xa non lle vale o de culpable di que é monicreque. Ou ten a forza para ser culpable de toda a crise internacional ou é un monicreque pero as dúas cousas non pode ser, ou mandas ou ten mandan pero que eu saiba o monicreque é dirixido e quen o move é quen manda, polo tanto ou é unha cousa ou a outra.

Dixo que segue as directrices do Sr. Obama. Señores do Partido Popular, eu prefiro seguir as directrices do Sr. Obama antes que as do Sr. Bush e negaríame a facer unha foto nas Azores, prefiro facerme unha foto co Sr. Obama dándolle a man e un abrazo a facerme unha foto co Sr. Bush. Que quere que lle diga?

Xa dixen antes que por suposto as medidas non son fáciles, non son acordes con todo o mundo, por suposto que non, pero hai que tomalas. Quero ler as declaracións nada máis nin nada menos que do secretario xeral da OCDE falando precisamente sobre as medidas do goberno español: "As medidas do goberno español son acertadas e eran inaprazables".

Vivimos nun mundo centralizado, nun mundo europeo, non podemos actuar de costas ó mundo, non estamos pasando por unha situación fácil para ninguén pero estamos nun momento no que todos temos que arrimar o ombreiro. Desgraciadamente nestes momentos o Partido Popular deulle as costas a Vigo, a

Galicia e a España.

SR. CONDE GIL: Eu non falo só por min mesmo. A reforma laboral non convence a ninguén en Galicia. A patronal, os sindicatos, autónomos, tamén está en contra desta xente? Supoño que si. Eu non falei en ningún caso de despedimento libre, os que o están promovendo son vostedes. Levamos non sei cantos EREs no que vai de legislatura do Sr. Rodríguez Zapatero e agora por riba con esta reforma que xa comeza mal porque empezan por negar a crise e poñendo datas que non se corresponden coa realidade, tentan abaratar o despedimento para que as empresas en crise poidan despedir á xente máis libremente. Iso faino o Partido Socialista.

“Motivos para crer”, como dicían na campaña electoral de 2008. Datos de marzo: 4.326.000 parados, 887.692 parados sen prestación, 1.220.000 familias con todos os seus membros en paro das que máis de 8.000 están en Vigo; o 60% das familias non chega ó fin de mes e menos o van facer cando lles suba o IVE; 8.000.000 de pobres en España.

Non é por lle facer publicidade a ningún medio, pero aínda viña onte en “La Voz de Galicia” unha información na que se detallaba a situación da pobreza en Vigo e como están saturados en Vigo os comedores sociais e as asociacións que se dedican a axudar ós máis desfavorecidos. Non ten vostede que se ir a ningures, Sra. Díaz, vostede vive de costas á realidade, non sei se se vai ter que comprar uns lentes en 3D, dos que anuncian agora para as televisións. Vexa a realidade, vaia ver igual que fixemos os demais como a xente pasa necesidade, como familias enteiras van as fins de semana buscar a súa bolsa para poder comer.

O que está claro é que a suba do IVE vai atrasar a saída da crise porque vai penalizar de forma xeneralizada o consumo, o aforro e o investimento, reducirá a renda dispoñible dos españois, vai xerar máis paro e reducirá a recadación a medio e longo prazo pola contención da actividade económica. Calquera economista di iso. Vai traer máis crise, máis paro, déficit, débeda e desgraciadamente en sentido contrario menos calidade de vida, menos benestar, menos igualdade, menos prestixio internacional.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación. Hai unha emenda de substitución que lin antes. Votaremos primeiro a emenda de substitución e caso de rexeitarse, votaremos o texto da emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN FORMULADA POLOS GRUPOS MUNICIPAL DO BNG E DO PSdeG-PSOE: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, apróbase a emenda de substitución e xa que logo,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ao Goberno da Xunta e ao Goberno do Estado a deseñar cada quen un plan de revisión das políticas fiscais que dote de maior progresividade ao sistema tributario incluíndo:

- Un imposto sobre as grandes fortunas e sobre o patrimonio.
- A reforma do IRPF estatal e autonómico de xeito que se incremente a tributación para as rendas máis altas (a partir de 80.000€).

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado un novo modelo de financiamento local, de xeito que se modifique o actual sistema de participación nos ingresos do Estado tendo en conta o maior custo dos servizos en Galicia pola dispersión da poboación, a superficie territorial e o envellecemento da poboación.

18.- (145).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A APERTURA DAS PISCINAS DE SAMIL O MÁIS AXIÑA POSIBLE. DOC. 100084259.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xuño de 2010, documento núm. 100084259, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, presenta a seguinte moción:

“Con motivo da chegada do verán os vigueses e turistas achéganse á zona de Samil

S. Ordinaria 28.06.10

para gozar das súas praias e dos servizos que alí se topan, pero como nos ten acostumado o goberno de Abel Caballero, non podía pasar un ano sen que se atrasase algún servizo. Nesta ocasión tocoulles ás piscinas que alí se atopan, xa que están pechadas para o seu uso.

As piscinas de Samil, segundo o prego de condicións do servizo indica, deberíanse abrir ó público o día 15 de maio.

Superamos sobradamente esa data e as instalacións seguen pechadas ó público para o seu goce.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se acometan as actuacións necesarias para que se abran as piscinas de Samil o máis axiña posible, de xeito que os veciños e os rapaces que están de vacacións poidan gozar delas.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión ordinaria do 21 de xuño de 2010, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de nada sinalar que na actualidade estas piscinas están abertas, pero non o estiveron no seu tempo.

Unha vez máis o goberno de D. Abel Caballero non se preocupa dun dos valores máis importantes que temos nesta cidade: Samil. Non lle preocupan os cidadáns? Non lle preocupa o turismo? Ou é sinxelamente porque non lle preocupa o que sucede nesta cidade?

Samil é un dos lugares máis importantes e recreativos que temos nesta cidade e dende que vostedes gobernan estiveron a desprestixialo. O primeiro ano cos socorristas, o segundo cos socorristas e os quioscos, o terceiro coas piscinas e “*in extremis*” cos socorristas e non cos quioscos posto que xa se adxudicaron por dous anos consecutivos. Nesta ocasión tocoulles ás piscinas, isto é unha falta de disposición por parte deste Concello de facilitarlles ós cidadáns de Vigo un lugar máis de recreo. Tivo que ser o Partido Popular quen denunciara a pasividade do goberno para que actuase.

Hai un mes o Partido Popular denunciou a non apertura das piscinas de Samil indicando que estas deberían estar abertas o 15 de maio e que a Xunta o 30 de abril informara desfavorablemente a súa apertura indicando o que se tiña que corrixir para que os vigueses puideran usar as súas piscinas. Resumo: o día 30 de abril este Concello xa tiña coñecemento de que as piscinas non se podían abrir por mor dun

defecto nas súas canles de cloro. Pero o Concello non fixo nada non só o 30 de abril, senón tampouco o 15 de maio cando tiñan que estar abertas, nin o 1 nin o 15 de xuño.

As piscinas abríronse o día 23 de xuño, pero catro días antes o alcalde dixera que as piscinas xa estaban abertas. O venres 18 de xuño o alcalde fixo as seguintes declaracións: "As piscinas estarán abertas hoxe". Isto é unha irresponsabilidade por parte do Sr. Caballero porque sen o preceptivo informe para a apertura das piscinas dixo que se abrirían para todos os cidadáns. Reiterouno en varios medios de comunicación locais. Pero iso non foi todo, continuou dicindo que seguían abertas o martes seguinte e así a Policía tívose que desprazar ó lugar para que os cidadáns non se meteran nas piscinas porque o alcalde xa dixera que as piscinas xa estaban abertas. Foi unha irresponsabilidade por parte do alcalde manifestar que as piscinas estaban abertas cando aínda non tiñan o informe favorable da Xunta de Galicia para a súa apertura. O alcalde desta cidade que é o cuarto peor valorado, segue sen dicir a verdade ós cidadáns e mesmo se permite cometer irregularidades e dicir que unhas piscinas, que non se poden abrir ó público dende o 30 de abril por mor dun informe desfavorable da Xunta, antes de contar co preceptivo informe manifesta catro días antes que as piscinas se poden abrir.

En resumidas contas, o que nos importa é que dende o 15 de maio os cidadáns poidan usar todos os servizos de Samil contratados e con apertura e que non esteamos como sempre nunha situación na que se ve como este alcalde enche a boca dicindo que os servizos están xa ó dispor dos cidadáns cando a apertura das piscinas non se produciu ata o día 23, data na que se tiña xa o informe favorable da Xunta de Galicia.

Como xa se produciu a apertura das piscinas, solicitamos que estas e todo o que atinxe ás praias da cidade estean xa listas para o seu uso nas datas correspondentes.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Eu ía comezar falando das piscinas de Samil pero xa que o Sr. Martiño falou de máis cousas, eu tamén.

Quérolle lembrar aquí ó Partido Popular que nestes momentos nesta cidade as nosas praias teñen oito bandeiras azuis, dúas máis que cando gobernaba o Partido Popular. Quero mandar dende aquí unhas palabras de eloxio ós nosos socorristas porque o ano pasado recibiron o galardón como mellores socorristas do ano en España. Tamén lle teño que lembrar que temos once socorristas, dous máis que na época do Partido

Popular e tamén con máis horario.

Deixando claras estas observacións paso á moción sobre as piscinas de Samil. Alégrome de que trouxera esta moción porque permite que este goberno fale claro e alto sobre os responsables de que se tardara ata o 22 de xuño en abrir as piscinas de Samil. A responsabilidade é da Xunta de Galicia do Partido Popular. Irei relatando todos os feitos tal e como aconteceron.

As piscinas tiñan que estar abertas o 15 de xuño e o 5 de marzo de 2010, dous meses antes, a miña concellería remitiulle a Sanidade a solicitude para que se inspeccionaran as piscinas, cumprindo exactamente as mesmas condicións que se cumpriran o ano pasado. O 30 de abril, dous meses despois de que lle solicitáramos á Xunta a inspección das piscinas, esta dixó que as piscinas non se podían abrir, emitiu un informe desfavorable. Leo o motivo do informe desfavorable: "Porque non posúe un sistema automático de desinfección da auga do vaso". As piscinas de Samil nunca posuíron ese sistema, tiñan o mesmo sistema que había nos anos 2009, 2008, 2007, 2006 e 2005.

Cando gobernaba o Partido Popular en Vigo e cando gobernaba na Xunta de Galicia estas piscinas tiveron informe favorable. O informe desfavorable foi exactamente por non ter un sistema automático de desinfección pero a normativa é exactamente a mesma, a do ano 2005 ca de hoxe, non cambiou, sen embargo antes non pasaba nada por non posuír un sistema automático pero agora si. Cando temos na Xunta un goberno do Partido Popular di que este sistema que non é automático, que é manual, non vale e di que as medidas do vaso non son as axeitadas cando o vaso sempre foi o mesmo, non se cambiou. Non cambiou a normativa, non cambiou o vaso, non cambiou o sistema automático, entón eu quero saber por que agora a Xunta de Galicia di que as piscinas de Samil non valen.

Como non nos queriamos enfrontar á Xunta de Galicia decidimos facer o que nos pedían e como non tiñamos sistema automático decidimos poñerllo. Fixemos as obras necesarias e de novo o 17 de xuño solicitámoslle á Xunta de Galicia que viñera inspeccionar. Ata o día de hoxe aínda non temos a resposta oficial da Xunta de Galicia. Eu non sei por que o Sr. Martiño di que sabe que están autorizadas porque non existe tal autorización.

Eu recoñezo que si é responsabilidade da miña concellería abrir as piscinas sen autorización da Xunta de Galicia, pero preferín asumir esa responsabilidade de abrilas sen ter a autorización expresa da Xunta de Galicia porque sei que cumpren,

sei que agora a Xunta xa non me pode dicir nada, antes dicíame que non tiñan sistema automático, agora xa o teñen: Que as medidas do vaso non eran as suficientes? Agora xa as temos. Cumprimos o que nos dixo a Xunta de Galicia pero nestes momentos aínda non nos enviou a notificación de que as piscinas se poden abrir ó público, non a temos hoxe. Polo tanto a responsabilidade é da Xunta e abrimos as piscinas porque eu non quixen agardar dous meses a que me conteste. Iso foi o que aconteceu a outra vez, tivemos que agardar dous meses para que nos dixeran que non. Eu non quixen que os vigueses agardaran dous meses pola Xunta de Galicia. A falta de dilixencia foi da Xunta de Galicia.

En primeiro lugar porque nos contestan dous meses tarde cando só temos quince días para abrir esas piscinas e con algo que todos os anos valeu porque todos os anos tiñamos o mesmo sistema, non cambiou o sistema nin a normativa e de súpeto a Xunta de Galicia di que ese sistema que valeu o ano pasado e o anterior, que valía co goberno do Partido Popular, agora de súpeto non vale. Eu fágome a pregunta de se o inspector da Xunta que veu ver as piscinas foi o mesmo que veu ó zoo e que dixo que os animais estaban gordos cando estaban a piques de ter crías. A falta de dilixencia e a responsabilidade total da tardanza da apertura das piscinas é da Xunta de Galicia.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sra. Díaz, encántame como critica ós funcionarios. Eu obviarei esa situación e botareille a culpa a vostede que é a que se ten que encargarse de que todo funcione. Estou canso de escoitar dende ese lado da bancada como din en numerosas ocasións que son os funcionarios quen provocan os atrasos.

Sra. Díaz, digo que as piscinas teñen o preceptivo informe porque sería xa unha situación de tal irresponsabilidade que estiveran abertas sen el que maxino que si o teñen. Sabemos que os técnicos da Xunta viñeron a esta cidade para comprobar se as piscinas reunían os requisitos e maxino tamén que os reunirían cando vostedes as abriron.

Reitero que vostedes no momento no que informaron que os cidadáns xa podían usar as piscinas, as que realmente as estaban usando eran as gaivotas da cidade porque estaban totalmente pechadas e as únicas que usaban esas dependencias eran as gaivotas e tanto vostede como o Sr. Alcalde dicían que estaban abertas. Foi a Policía quen tivo que ir desaloxar ás persoas que as ían usar.

Vostede fala de datas e eu tamén porque se vostede dende o 30 de abril se puxera a

solucionar os problemas das piscinas que lle indicaron dende a Xunta as tería listas o 15 de maio. Pero é un feito o desleixo non só de vostede senón tamén dos seus compañeiros con respecto a Samil.

O máis importante de todo é que as piscinas non estaban abertas o día 15 e vostede queda tan ancha dicindo que a culpa é da Xunta. Outra volta botando balóns fóra. A culpa tena a persoa que non é responsable do que se lle encarga e se a vostede se lle encargou que as piscinas estiveran listas para o seu uso o día 15 de maio, terá que acometer todas as actuacións precisas para que isto sexa así.

O que aconteceu foi que o Partido Popular presentou unha moción o mércores e cando vostedes se decataron estiveron a correr porque mesmo o alcalde manifestou dous días despois que se abrirían as piscinas. Todo iso porque o Partido Popular presentou a moción para que se abrisen. O Partido Popular está constantemente empurrando ó Partido Socialista para que actúe, para que poña en marcha os servizos desta cidade e que os cidadáns os poidan utilizar, sobre todo os da praia de Samil.

Pero eu creo que a vostede iso non lle interesa porque me fala doutras cousas. Nestes momentos estamos a falar desas piscinas que pola irresponsabilidade do Sr. Alcalde se abriron o venres e o sábado tivéronse que pechar e houbo que chamar á Policía para que ninguén as usara.

Solicitamos que este goberno teña a responsabilidade necesaria para poñer en marcha todos os servizos que a cidadanía reclama nas épocas de calor, sobre todo nas datas nas que os nenos rematan o colexio e poden utilizar esas piscinas que estiveron pechadas ata o día 23, que non o día 22.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: As palabras do Partido Popular parécenme lamentables, está demostrando unha vez máis que se pon ó carón da Xunta de Galicia admitindo que está boicoteando á cidade de Vigo. Lémbrolle as datas.

O 5 de marzo solicitámoslle á Xunta de Galicia que viñera inspeccionar e dous meses despois dixo que non se podían abrir as piscinas e inventa as causas porque o sistema valía perfectamente. Polo tanto estivemos traballando dende o 28 de abril en responder ó requirimento da Xunta de Galicia. Paréceme polo tanto lamentable que o Partido Popular de Vigo, en troques de tirarlle das órllas á Xunta de Galicia por non contestar axiña e por se inventar esa escusa, estea aínda por riba facendo esta intervención, estea apoiando á Xunta de Galicia cando o que está a facer a Xunta é

boicotear á cidade.

Con respecto ás súas palabras para co Sr. Alcalde, este o que fixo foi defender esta cidade dende o primeiro momento. A responsabilidade era da Xunta de Galicia e se esta non viña inspeccionar o problema non era responsabilidade do alcalde. Pero como lle dicía, aínda estamos á espera dese papel pero non imos agardar dous meses outra vez a que nos responda.

Falou de Samil e voulle dicir todo o que se fixo alí dende que vostedes deixaron o goberno: colocamos máis papeleiras, máis colectores, renovamos os antigos, plantamos novas plantas nas xardineiras paralelas á beirarrúa da vía, fixemos novos xardíns no paseo, repuxemos as palmeiras que faltaban na zona da piscina da Ría de Vigo, puxemos en marcha todas as fontes existentes nas zonas verdes porque estaban todas sen botar auga, melloramos os parques infantís, os aseos; por primeira vez pintamos, reparamos o mobiliario, por primeira vez temos persoal permanente nos aseos para a súa limpeza, temos novas duchas, remodelamos as antigas, reparamos as lousas en mal estado, reparamos o mobiliario deteriorado, todas esas mesas, todos eses bancos onde van logo a comer; reforzamos o operativo de mantemento de zonas verdes, prohibimos o aparcamento de autobuses durante todo o día, reforzamos todo o operativo de limpeza no areal.

Di que non nos importa Samil? Ós que non lles importaba era a vostedes que non fixeron nada disto. Atopámonos un Samil sen papeleiras, sen colectores e os que tiña estaban vellos, sen plantas, sen palmeiras, sen fontes, cos parques infantís deteriorados, coas duchas todas rotas, sen pintar e perdendo auga, con todo o mobiliario, as mesas e os bancos rotos, coas zonas verdes e coa mesma praia mal coidada. Ese foi o Samil que nos atopamos. Vaian agora Samil. Podemos estar moi orgullosos do que temos agora porque dende logo cambiou. O outro día paseando por alí unha señora acercouse ó Sr. Alcalde e díxolle: “Está Samil mellor ca nunca”. Iso é o que vostedes non queren ver.

O que seguen negando vostedes é realmente a mala xestión por parte da Xunta de Galicia. Eu non quero pensar se foi ou non a propósito, pero dende logo que tardar dous meses en dar unha resposta e poñer unha crítica a unha piscina que leva toda a vida así e que sempre pasou todas as inspeccións, a verdade é que non o entendo. Se vostede se pon da parte da Xunta de Galicia e non se fan as mesmas preguntas iso é a maior demostración dun Partido Popular anti-viguista que xamais vin porque calquera se fai estas preguntas. Por que se tardan dous meses en contestar e por

que se pon unha xustificación cando as piscinas e a normativa son exactamente as mesmas? Que aconteceu para que mentres gobernaba o Partido Popular na Xunta ou en Vigo esas piscinas cumprían toda a normativa e de súpeto, coa mesma normativa, cun goberno socialista en Vigo e cun goberno do Partido Popular na Xunta as piscinas xa non valen? Eu fágome esa pregunta e tamén todos os vigueses.

Agradézolle a moción porque así todo o mundo sabe realmente cal foi a verdade das piscinas de Samil e cal é o seu interese que era que non se abriaran as piscinas.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Pero non abriron as piscinas o 15 de maio que é o que estamos aquí debatendo. Non se abriron por motivos de seguridade. Logo si que as abriron e tivo que intervir a Policía pero cando vostedes dicían que estaban abertas o que estaban eran cheas de gaivotas.

Esta é unha mentira máis do Sr. Caballero quen está falseando a realidade. Foi unha irresponsabilidade abrir as piscinas sen os preceptivos informes porque alí van nenos pequenos e a seguridade é o máis importante. Pero sabe Deus cantas máis cousas fan sen os preceptivos informes.

Non sei se sabe contar porque dixo que dous meses e tardou un mes e pico en mandar o documento, feito que vostede tampouco aceptou porque dixo que non chegou así que, segundo dixo, podería ter reparado os fallos da piscina.

O máis importante é a seguridade e houbo unha irresponsabilidade por parte do alcalde ó diciren catro días antes que as piscinas estaban abertas cando aínda non se tiña o preceptivo informe para as poder abrir, nin sequera pasaron eses técnicos que tanto critica. Logo pasaron e segundo o alcalde se abriron catro días antes para logo ter que pechar. O único momento no que estiveron abertas foi o da foto do alcalde que é o que lle gusta. A realidade é que as piscinas non se puideron abrir ata catro días despois de estaren aquí os técnicos. Vostede di que non sabe se os técnicos informaron ou non favorablemente pero, Sra. Díaz, se sabe vostede que os técnicos non informaron favorablemente, por favor peche as piscinas porque é unha grave irresponsabilidade ter abertas unhas piscinas sen os preceptivos informes.

Non tente confundir á cidadanía enganándoa e dicindo que é culpa da Xunta. O goberno desta cidade coñecía dende o día 30 de abril as obras que tiña que acometer para abrir as piscinas. Polo desleixo do goberno do Sr. Caballero que é o cuarto peor valorado, non se abriron as piscinas a tempo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, solicitando a apertura das piscinas de Samil, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (146).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A ELABORACIÓN DUN PLAN DE AXUSTE DO GASTO CORRENTE E A CREACIÓN DA COMISIÓN DE CONTROL ORZAMENTARIO. DOC. 100070670.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de dada 19 de maio, documento núm. 100070670, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, presenta a seguinte moción:

“A situación de crise que vive a nosa sociedade nos tempos que corren e da que a nosa cidade non escapa, fai preciso a adopción de medidas eficaces e extraordinarias por parte das administracións públicas para minimizar no posible os efectos que teñan na sociedade.

Por isto dende o Partido Popular entendemos que se deben adoptar unha serie de medidas a fin de reducir no posible os efectos negativos da crise, e por iso propoñemos a adopcións das seguintes medidas polo Concello.

Por todo iso propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Revisión do orzamento do exercicio 2010 e do plan económico financeiro para o período 2010-2013 a fin de que se reflicta a austeridade, tendo en conta a situación de crise que vivimos, o descenso dos ingresos do Concello procedentes do Estado e as novas previsións económicas por parte do goberno central e das institucións

internacionais. En concreto propóñense as seguintes medidas concretas como plan inicial de choque:

1.- Elaborar un plan de axuste do gasto corrente reducindo o capítulo II do orzamento en 6 millóns de euros, reducindo preferentemente os gastos de protocolo e representación e gastos de publicidade.

2.- Creación da comisión de control orzamentario integrada por todos os grupos municipais.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 24 de maio, ditaminou favorablemente.

A voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito do 28 de xuño de 2010, presenta a seguinte emenda de substitución:

Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a poñer en marcha as medidas necesarias para aumentar os investimentos, as subvencións e os convenios co Concello de Vigo para poder paliar os efectos da crise na cidade máis importante de Galicia.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos a este Pleno unha moción que supoñemos vai ser aprobada por todos os grupos, especialmente polo Partido Socialista, porque o outro día a Sra. Díaz dixo que baixarían o gasto corrente para investir máis. Nós pedímoslle que baixe o gasto corrente para aforrar máis porque entendemos que nunha situación de crise da que xa falamos con anterioridade é importante aforrar e non gastar.

Non abonda con medidas coma as que debatíamos o outro día, non abonda con aforrar 1.800.000 euros en gastos de persoal e de corporativos e logo pedir un préstamo de 27 millóns e gastar no Capítulo II, gasto corrente, do xeito que se fai.

Curiosamente o Capítulo II de gasto corrente crece dun xeito desorbitado dende o ano 2008 en 10 millóns de euros. Nós xa non lles dicimos que aforren os 10 millóns, que sabemos que se podería facer, pero polo menos que se aforren os 6 millóns que nós sinalamos na moción. Pódese facer porque vostedes mesmos nos orzamentos do ano pasado deixaron sen executar case 4 millóns de euros de gasto corrente e están recoñecendo que non é necesario todo o gasto que figura nas partidas orzamentarias. Aínda que se di pronto con vostedes incrementouse o gasto corrente dende o orzamento do Partido Popular no ano 2005 de 74 millóns de euros a case

101 millóns de euros. Cremos que iso é unha grave irresponsabilidade pola súa banda.

Creemos que hai partidas que se poden reducir porque mesmo maquillan o orzamento. Vou poñer un exemplo: "Estudos e traballos técnicos", ou sexa, as asistencias técnicas das que saben vostedes moito. Subfunción 22706. O ano pasado ese importe era de 26.675.000 euros e representaba un 12% do orzamento. Este ano báixano para que represente un 0,41% do orzamento, 988.000 euros e así se pensa que van destinar menos diñeiro a asistencias técnicas, a favorecer ós "amigotes". Pois non, tiña trampa porque hai unhas partidas xenéricas que representan 29.924.000 euros, case 30 millóns de euros. Supoño que algún deles destinado a algún amigo.

Se imos máis alá, cando alguén é irresponsable, cando non se sabe gobernar é necesario controlar. Pasa como cos nenos que os seus pais son os seus titores e cando un neno é propietario dun ben os seus pais deciden sobre ese ben. O goberno municipal de Vigo necesita o mesmo, alguén que o controle, alguén que redunde na responsabilidade que en tempos de crise se lle debe esixir a un bo gobernante.

Por iso na nosa moción, á parte de pedir a elaboración dun plan de axuste do gasto corrente reducindo este Capítulo II do orzamento en 6 millóns de euros, pedimos a elaboración dunha comisión de control orzamentario integrada por todos os grupos municipais. É necesario controlarlles máis porque están descontrolados no gasto, porque a publicidade, a propaganda e as asistencias técnicas son o seu cabalo de batalla, é o que lles gusta, o que lles motiva e por iso se fai necesario controlalos. Supoñemos que vostedes estarán de acordo en que por mor da democracia, da participación aínda que non son moito de participación, se produza a creación desta comisión de control orzamentario aínda que esperemos que non corra a mesma sorte que a Comisión de Xustiza que tiña que estar creada antes do 31 de xullo do ano pasado e nin está, nin se espera.

Nós podemos falar de responsabilidade porque a tivemos, porque recibimos unha débeda municipal de 108 millóns de euros e deixámoslla en 47 millóns de euros, baixámola un 56,32%. Vostedes nestes tres anos o que fixeron foi subila nun 52%. A isto chámase irresponsabilidade e por iso necesitan vostedes unha tutela de todos os grupos municipais nunha comisión.

O gasto corrente inclúe temas de arrendamento, reparacións de mantemento, materiais, subministracións e outros, indemnizacións por razón do servizo,

publicacións... Vostedes soben todo e o que non soben o trampean, o disfrazan como fixeron con eses 32 millóns de euros que mencionaba. Aínda que non sei se contemplaron a suba do IVE que igual ata sobe máis e teñen que facer algunha modificación orzamentaria no tempo que resta do ano.

Pero hai que ser responsables. Díxenlles esta palabra en numerosas ocasións pero é a palabra que necesita a cidadanía en tempos de crise: responsabilidade. Este non é un orzamento que xere emprego e ós feitos remitímonos, non se xerou emprego na cidade de Vigo, pero iso si, gasto corrente o que queiran e máis porque sobe: 10 millóns de euros dende o primeiro orzamento de 2008. Teranlle que explicar á cidadanía por que, para que, como. O cando xa se sabe, cada ano. Tamén lle terán que explicar por que incrementan e por que deixaron de executar case 4 millóns de euros, claro que vostedes van ós orzamentos que se incrementan sempre, como ben se recoñecía nalgún informe. Ó final o que se deduce é unha falla absoluta de xestión.

Di vostede mesma: “Baixaremos aínda máis en 2011 cunha campaña moi forte de aforro en subministración de luz, servizos de correo ou teléfonos”. Se se pode facer, fágao pero non para investir máis, senón para aforrar porque as familias se están apertando o cinto. Fagámolo nós, aforremos, non gastemos por gastar, reduzamos a débeda, non invistamos máis do que podemos.

Ó final o que se deduce de todo isto é que coa “pólvora de El Rei é moi fácil disparar” porque a vostede non lle custa.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hai uns meses este goberno aprobaba o orzamento para o ano 2010, nel xa deixábamnos claro que era austero porque tiña unha absoluta contención do gasto corrente. Nin unha soa partida, agás as que tivese fin social ou educativo, tivo incremento. Eu reto ó Sr. Conde a que estude detidamente eses orzamentos porque non o fixo. As únicas partidas que aumentaron foron o Servizo de asistencia domiciliar que é Capítulo II; eu preguntome se non quere que se atenda ós maiores, ós dependentes. Aumentaron tamén as bolsas de inglés, iso é Capítulo II, pregunto tamén se o Partido Popular non quere que os nosos fillos melloren os seus coñecementos de inglés.

Gasto educativo, social, en benestar, iso todo aparece no Capítulo II e de ler a modo algunhas partidas vería que o aumento do Capítulo II é exclusivamente aumento educativo e en benestar social. Non hai ningún aumento deses dos que fala. Tamén

aumentamos as axudas ás familias, axudas por libros porque xa que a Xunta agora non axuda cos libros temos que aumentalas dende este goberno; dobramos as contías con respecto ó ano anterior.

Todo iso fixémoslo dentro dun orzamento cun nivel de endebedamento que é a metade do que aprobou o Partido Popular do ano 2005. Neste ano o Partido Popular votaba un orzamento cun nivel de endebedamento do 50% e no ano 2009 pechamos o orzamento no 19%, era máis do dobre. Eles defenderon o 50% e están en contra do 19%.

Nese orzamento que eles defendían ía un préstamo de 20 millóns de euros e agora critican o orzamento do ano 2010. Dende que este goberno do Partido Socialista estamos gobernando reducimos ese nivel de endebedamento do 50% ó 19%, ata chegar ser a cidade co nivel de endebedamento máis baixo de toda España. Non son datos inventados, son datos do Banco de España, os mesmos que din que as cidades que teñen o endebedamento máis alto son precisamente as gobernadas polo Partido Popular.

Xa sei que non lle gusta que cite o endebedamento da cidade de Madrid pero é que multiplica por vinte ó da cidade de Vigo. Iso é o que eles están criticando. Todo isto estámolo facendo dentro dun contexto de absoluta transparencia, con información na páxina web que se actualiza constantemente e cada tres meses este goberno dá conta neste Pleno de todo o que fai, ven aquí dicir o que fai e en que executou os seus orzamentos.

Esa comisión de control orzamentario da que fala o Partido Popular xa existe, é este Pleno porque este goberno cada tres meses ven dicir a este Pleno que é o que está facendo por esta cidade e entón todo o mundo pode coñecer, debater, opinar, xulgar. Pero iso é o que non lle gusta ó Partido Popular, que cada tres meses esteamos falando aquí de cantas rúas humanizamos, de cantos bolsas de inglés aprobamos, de cantos nenos temos nos comedores, de cantos parques infantís melloramos, de cantos bancos puxemos pola cidade. O Partido Popular non quere que se veña aquí dar conta cada tres meses do que está facendo este goberno porque non lle gusta e quere crear unha comisión para que só dous saiban o que se está facendo na cidade. Ese é o escurantismo do Partido Popular, é o que quere, que este goberno traballe con escurantismo e que non veña ó Pleno dicir o que realmente está facendo.

Pero nós non queremos esa comisión, queremos falar no Pleno e dar conta de todo o que este goberno está facendo por esta cidade. Este goberno está traballando arreo

por esta cidade.

Eu fágolle dúas preguntas: onde está traballando a Xunta nesta cidade? Onde está traballando a Deputación nesta cidade?

Fágolle unha recomendación: que deixen de seren anti-vigueses e traballen dunha vez por todas por esta cidade.

Dixo que hai que facer un orzamento con máis austeridade e eu preguntolle, onde están as propostas de austeridade da Xunta? Onde están as da Deputación? Pregúntome se as propostas de austeridade da Xunta están nesas reformas de mobiliario onde custa 500 euros cada cadeira; se está nese cambio de ordenadores onde se valora o deseño estético e o peso; ou se está na nova contratación que se fixo que dobra os niveis de contratación. Pregúntome se ese é o plan de austeridade da Xunta e da Deputación.

Dixo que temos que aforrar en gasto corrente non para investir, senón para aforrar. Pregúntome entón que sentido ten o plan económico-financeiro da Deputación porque nel contéplanse préstamos por 70 millóns de euros. Van dicir que non a eses 70 millóns de euros? Van deixar de facer eses famosos campos de herba sintética? Porque se a austeridade é para un é para todos. Polo tanto, se vostedes din que hai que reducir o gasto para reducir o investimento, hai que reducir ese nivel de endebedamento, hai que reducir eses investimentos, por que non o fan na Deputación?

Neste sentido a Deputación está exactamente na mesma situación ca nós, ten un plan económico-financeiro aprobado, agora o ten que modificar á forza, teñen que aforrar gasto de persoal. Que van facer con ese gasto de persoal? Dedicalo a reducir o endebedamento tal e como di a lei pero, que van facer co préstamo? É o mesmo argumento, en Vigo non son congruentes por reducir o nivel de endebedamento polo aforro de persoal e contratar un préstamo pero é o que vai facer a Deputación de Pontevedra. Na Deputación están defendendo o contrario do que están defendendo aquí, alí din que van aforrar nos gastos de persoal e o nivel de endebedamento porque obriga a lei pero van seguir co préstamo. Iso é o que están a defender en Pontevedra, por que en Vigo non defenden exactamente o mesmo? En Vigo estamos traballando pola cidade, vostedes son concelleiros de Vigo e o que teñen que facer e defender a esta cidade.

Por iso eu non entendo a que veñen esas críticas. Nós imos seguir defendendo o gasto corrente para incrementar os investimentos porque é a única forma de xerar

emprego.

Falou logo de responsabilidade, de gastos de publicidade, de propaganda, de asistencias técnicas..., quen gastou dous millóns de euros en seis meses en plena campaña electoral? O Partido Popular. Quen fixo contratos millonarios a base de asistencias técnicas a un ex concelleiro do Partido Popular? O Partido Popular.

Despois falou de manipulación. Esta é unha palabra moi grave. Logo de novo meteuse co emprego ó que xa lle contestou o Sr. Rodríguez, cando a responsable da xeración de emprego é a Xunta de Galicia e outra volta culpouse ó alcalde, antes lle tocou ó Sr. Rodríguez Zapatero, agora tocoulle ó alcalde.

Hai algo que lles doe: o alcalde de Vigo é o político mellor valorado en Vigo, está moi por riba do Sr. Núñez Feijóo e da Sra. Porro. Iso é o que lles doe, dóelles tanto que cada dous minutos din que é o peor valorado por ver se así coa. Pois non porque todos saben que o alcalde D. Abel Caballero está moi por riba do Sr. Núñez Feijóo e da Sra. Porro.

Sr. Conde, imos seguir traballando no que xa defendemos no momento de elaborar os orzamentos no ano 2010 e no que defendíamos o outro día. O noso obxecto: investir na cidade. O noso obxectivo é xerar emprego. Xa sabemos que o obxectivo da Xunta non é xerar emprego en Vigo porque, onde están os investimentos da Xunta? Non hai. Xa sabemos que o obxectivo da Deputación non é xerar investimento en Vigo e polo tanto non é xerar emprego en Vigo.

Xa dicía precisamente hoxe Stiglitz, premio Nobel de Economía, que un concello, unha administración pública non é como unha familia. As administracións públicas aparecen cando hai problemas nas familias e cando unha casa ten problemas e hai que xerar emprego quen ten que aparecer é a administración pública. Iso xa o dicía Keinnes no ano 36 e agora Stiglitz no ano 2010 lémbrao de novo, as administracións públicas están para iso, o obxectivo dunha administración pública é aparecer e axudar cando hai problemas nas economías familiares e iso é o que está facendo este goberno. Mágoa que vostedes non estean colaborando con nós.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda de substitución polo grupo do BNG que di: "Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a poñer en marcha as medidas necesarias para aumentar os investimentos, as subvencións e os convenios co Concello de Vigo para poder paliar os efectos da crise na cidade máis importante de Galicia".

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como esta é a miña primeira intervención neste Pleno, ademais de me engadir a todas as mostras de condolencia que xa se fixeron extensivas ós concelleiros, quero que consten en acta particularmente as miñas máis sinceras condolencias á D^a Corina Porro polo falecemento do seu compañeiro, condolencias que tamén tiven a oportunidade de lle transmitir persoalmente.

Sra. Díaz, é que os homes e mulleres do Partido Popular que están sentados non son concelleiros de Vigo, son do Partido Popular. Hai unha diferenza moi importante porque cando se é concelleiro para defender única e exclusivamente os intereses partidistas dunhas siglas, moitas veces esquecémonos de cales son as nosas responsabilidades e tamén de para que pediamos o voto nunha campaña electoral. O voto pediámolo todos e todas para defender os intereses desta cidade que non é outra cousa que defender os intereses dos vigueses e das viguesas.

Digo isto en primeiro lugar porque cando se fai un orzamento, e xa o explicamos aquí e non vou caer outra volta nos datos, faise dende unha convicción clara de para quen queremos gobernar. Este orzamento que este goberno presentou no 2010 é anti-crise, un orzamento austero que prima ós nosos amigos, estou de acordo con vostede, Sr. Conde Gil. Fixemos este orzamento para primar e favorecer ós nosos amigos e amigas, pero é que estes son os traballadores e traballadoras desta cidade, a xente que menos ten, aqueles colectivos que están en risco de exclusión social, aqueles nenos que non poden acceder a un comedor escolar e que temos que posibilitarlles que accedan, aquelas mulleres que seguen sufrindo a desigualdade nesta sociedade, aqueles mozos e mozas que teñen todo o dereito do mundo como fillos de traballadores a practicar deporte, a ter acceso á cultura, dos nenos e nenas que non teñen todas as condicións económicas que outros teñen e témolos que atender; eses son os nosos amigos e amigas e gobernamos para eles.

Aquí se dixo que vostedes agora queren ser máis de esquerda ca nós e que din iso nos seus discursos. Eu non estou de acordo con iso. Vostedes din iso e falan de medidas pero logo onde gobernan vostedes seguen sendo absolutamente de dereitas porque si que gobernan para os seus amigos que son completamente distintos dos nosos, porque os seus amigos non son os que menos teñen; son as clases que máis poden da sociedade: os empresarios, etc.; eses son os seus amigos e para eles fan vostedes unha política.

Falan aquí de austeridade, de irresponsabilidade no gasto corrente. O gasto corrente

aumenta neste Concello porque en tempos de crise aumentan as necesidades das familias menos favorecidas e o 80% do aumento do gasto corrente neste Concello foi fundamentalmente para aumentar todos e cada un dos capítulos dunha concellería como é a de Benestar Social e todo o gasto corrente vai precisamente para atender todas esas demandas e necesidades. O custe e o aumento do gasto corrente foi tamén para aumentar as subvencións, as axudas en emerxencia, aumentar o gasto para aqueles que en definitiva as administracións públicas teñen que amparar.

Sen que serva de precedente estou completamente de acordo con vostede no primeiro parágrafo dos antecedentes desta moción que vou ler textualmente: “A situación de crise que vive a nosa sociedade nos tempos que corren e da que a nosa cidade non escapa, fai precisa a adopción de medidas eficaces e extraordinarias...” e segue dicindo algo importante “...por parte das (en plural) administracións públicas”. Sabe que medidas eficaces e extraordinarias están a facer na nosa cidade tanto a Xunta como a Deputación? Primeiro, recortar o investimento, recortar nesta cidade o gasto social, menos cartos no Plan concertado, menos cartos para a emigración, para atender ós nosos colexios públicos, para a sanidade pública. En contraposición máis privatizacións na sanidade, mesmo nos propios centros de día, favorecer moito máis ós centros privados, cento e pico de ordenadores que lle regala a Xunta a un centro determinado e en cambio ós centros públicos catro ou cinco ordenadores que ben lles chega porque seica os seus profesores non están suficientemente capacitados para as novas tecnoloxías.

Esa é a austeridade e a política, non de esquerdas evidentemente, que vostedes proclaman. Iso si que é unha irresponsabilidade, pedirlle ó Concello de Vigo medidas extraordinarias e seren absolutamente cómplices da discriminación que a Xunta de Galicia e a Deputación están a ter, non co Bloque ou co PSOE que iso sería o de menos, non nos importaría nada, pero non, están a discriminar ás clases menos favorecidas da nosa cidade que son as que teñen que soportar esta crise da que nin eles nin elas son culpables. Esa é a irresponsabilidade.

Por iso dende o Bloque Nacionalista Galego lles queremos dar a oportunidade de que lles digan ós vigueses e viguesas se son ou non concelleiros de Vigo; ou se son concelleiros da provincia de Pontevedra apoiando á Deputación ou de Santiago apoiando ó goberno da Xunta. Darémoslles a oportunidade para que lle demostren á cidadanía a súa responsabilidade.

Presentamos a emenda de substitución porque vostedes din que hai que lles esixir ás

administracións públicas medidas eficaces, está aquí escrito e eu o único que fago e trasladar o que vostedes escriben nesta moción e dicirlles que aproben esta emenda: “Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a poñer en marcha as medidas necesarias para aumentar os investimentos, as subvencións e os convenios co Concello de Vigo para poder paliar os efectos da crise na cidade máis importante de Galicia”.

Veremos a quen representan vostedes porque o esforzo que vostedes lle piden ó Concello xa o fixemos aumentando todo ese gasto social que lle acabamos de relatar a miña compañeira de Facenda e máis eu. Esas medidas extraordinarias e urxentes xa as tomamos, non vai haber nenos que se queden sen acceder a un comedor escolar, nin maiores sen recibir a súa atención, nin nenos e nenas que non poidan nesta cidade ter a igualdade de oportunidades de calquera outro neno ou nena; ese grande esforzo xa o fixemos.

O que vostede formula aquí é imposible, é demagogia. Din na súa moción que se reduza en seis millóns de euros o gasto corrente, preferentemente en protocolo e publicidade. Non hai nin moito menos esa cantidade en protocolo e publicidade. Que queren vostedes recortar? O que queren que recortemos no Concello é exactamente o mesmo que vostedes están recortando na Xunta de Galicia: o gasto público e o gasto de atención ós menos favorecidos. Neste goberno ou polo menos mentres o BNG estea neste goberno, iso non vai ocorrer nesta cidade.

Pedímoslles que sexan responsables e reivindiquen ó Sr. Núñez Feijóo e ó Sr. Louzán o mesmo que lle están reivindicando a este goberno e que xa cumprimos absolutamente con creces.

Nós imos seguir facendo unha política de esquerda porque é a que garante a redistribución da riqueza e do gasto para todos e para todas e preferentemente para aqueles e aquelas que máis o necesitan.

SR. CONDE GIL: Sr. Domínguez, o problema é que nós sabemos moi ben de onde somos, somos de Vigo mentres que vostedes foi director xeral de Deportes da Xunta de Galicia e en Vigo investiu cero euros. Ese é o seu *viguismo*.

Vostede está co manual do perfecto *progre*, fáltalle a chaqueta de pana pero como fai calor non a trouxo, co manual da típica persoa de esquerdas. O problema é que nós temos as ideas moi claras e vostedes non, que cos seus votos están sostendo un goberno que prexudicou a participación cidadá neste Concello, que ía colgar o cartel

de pleno emprego e non o conseguiu nin o vai conseguir, Sr. Domínguez. Un goberno que mente, malgasta e que está prexudicando ós vigueses e viguesas; iso susténtano vostedes como fan en Madrid co Sr. Rodríguez Zapatero apoiando a súa investidura. Falan de enquisas. "Abel Caballero o cuarto peor alcalde valorado nun estudo de toda España". Este é o estudo que non lle valía ó Sr. Alcalde, pero está aquí a enquisa, unha enquisa obxectiva.

Agora non sabemos se o programa económico tamén o contrastou cos asesores de D. Tony Blair, como dicía no ano 97, porque aquí a hemeroteca é moi rica co Sr. Caballero, dá para moito.

Sra. Díaz, vostede pode dicir o que queira pero lle podo entregar uns papeis á saída do magnífico traballo que fixemos no grupo municipal porque o ano pasado deixaron de executar case catro millóns de euros. Afórrenos. Pode volver vostede coas teorías económicas que queira que eu lle podo falar doutras contrarias.

Vostedes non saben onde están ni onde van. Onde están as 6.000 vivendas protexidas? Claro que xerar traballo non é un tema social. Por que di o Partido Popular que é un partido dos traballadores? Porque cando o Partido Popular gobernou en España xeráronse cinco millóns de postos de traballo e iso é ser partido dos traballadores. Destruír emprego e levar a cinco millóns de persoas ó paro non é dun partido dos traballadores. Por moitas cousas que fan vostedes agora non son nin obreiros e ata dubido que sexan españois. O de que son un partido socialista é porque o din vostedes, habería que interpretar o que é socialista.

Vostedes están instalados na mentira, nos fracasos, forman un bi-goberno, presentáronse cun programa e non cumpriron absolutamente nada, iso si, a algún amigo que outro si que beneficiaron.

Falou vostede de 86 millóns de euros de débeda municipal no ano 2005, no ano 2006 baixouse a débeda en 66 millóns, como dicía vostede os datos están na páxina web. Onde está ese crédito? Vostede mente constantemente, está contaxiada da mentira. Onde está a transparencia?

Aquí ninguén falou de que desapareza o Pleno ou de que non se traian as cousas ó Pleno. Falamos de crear unha comisión a maiores do Pleno para que haxa maior participación, para controlar a súa responsabilidade. Iso é o democrático. Pola contra o Partido Popular está pola participación que non pola ditadura.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De novo se demostra que aquí as mocións valen para todo, a

cuestión é utilizar tres palabras máxicas. En primeiro lugar emprego: que o alcalde é o alcalde que máis desempregos xerou. Eu lémbrolle que o ano pasado realizáronse 8.297 contratos por este alcalde, por este goberno. Eu quero que me traia unha cifra de cantos empregos xerou a Xunta en Galicia. Está todo perfectamente medido cos distintos plans de emprego, onde están os datos da Xunta de Galicia de canto emprego xerou en Vigo? Lémbrolles que a competencia para xerar emprego tena precisamente a Xunta de Galicia, este goberno está asumindo as competencias en emprego que o seu partido non asume en Vigo.

A outra gran palabra máxica: malgasto. Din malgasto os que gastan 500 euros en cada cadeira? ou os que adxudican unha autovía polo dobre do seu custe? ou os que compran uns ordenadores e avalían “o tamaño, o peso ou o deseño estético”? Como cualifica vostede iso?

Despois outra gran palabra na que cabe todo: mentira, dá igual o que se di.

Outra gran frase: a valoración do alcalde. Acábame de mostrar, Sr. Conde, esa enquisa pola que había que pagar e que este goberno se negou pagar? É iso o que me está mostrando, esa enquisa na que aparece que é o peor valorado? Porque tamén lle digo eu que non pagaremos a do ano que ven e entón xa non sairá de cuarto, será o último porque non pensamos pagar nada por unha enquisa na que se valore ós políticos.

Outra cousa que me encantou foi que dixera que eu podería traer unha teoría calquera que vostede me diría a contraria. Aí se acaban de definir, esa é a política do Partido Popular, xusto a contraria, dá igual que eu diga “a” que el vai dicir “b”, dá igual que eu diga “b” ou “c”. Acaba de demostrar que o Partido Popular está aquí sinxelamente á contra, que lle podemos formular calquera programa, teoría ou orzamento que van dicir sinxelamente que non. Acábao de dicir el.

Dixo tamén que non cumprimos ningún dos nosos compromisos. Señores do Partido Popular, esas 200 rúas que están humanizadas, eses 100 parques infantís reformados, as 900 bolsas, todos eses nenos que se foron a Inglaterra, os que agora dispoñen de comedor que non tiñan, iso non existe? Igual quen necesita gafas en 3D é vostede porque todo iso si que existe.

A outra gran palabra máxica, a do “*amiguismo*”, esa encántalle duns meses para aquí. Eu pregunto, “*amiguismo*” que é? É ese señor de bigotes que agora está na cadea? Porque eu non entendo outro tipo de “*amiguismo*”.

A maior proba de democracia é este Pleno, aquí é onde hai que debater, opinar,

xulgar. Non se pode levar nada a unha comisión para que dous, tres ou catro entorpezan o labor. Aquí se xulga, se vota e se decide e non o que poida decidir unha comisión. Os estados de execución do orzamento, os de control orzamentario vanse traer este Pleno e seguiranse traendo a este Pleno. O problema é que o Partido Popular non os traía e por iso ten medo de que quizais nós fagamos o mesmo. Pero non, nós si somos responsables e cada tres meses traeremos a este Pleno o estado de execución do orzamento porque somos responsables e damos a cara do que facemos e do que non, do que facemos ben e do que poidamos facer mal. Non como facían vostedes que se escondían porque non tiñan nada que decidir, escusábanse no vitimismo, en que non tiñan orzamento. Mentira, tiveron un orzamento.

Esa si que é unha mentira, culpar ós demais de non poder facer as cousas cando este partido, o Partido Socialista, deixounos gobernar e o que pasou foi que vostedes non quixeron, era máis fácil dicir que non podían facer as cousas. Traballar pola cidade é duro porque hai que moverse polas rúas, falar coas xentes, escoitar as críticas, erguerse cedo, deitarse tarde. Traballar é duro e iso é o que vostedes non facían cando estaban gobernando.

SR. CONDE GIL: Esquecéuseme antes dicir que os amigos do Sr. Domínguez Olveira deben ser os que viaxan en iate de luxo cunha grande bandeira de España na parte de atrás. Sra. Díaz, o outro día feliciteina e volvo facelo neste Pleno porque os seus son os de Consuljamer Galega, felicítola porque por fin conseguiu que cambiaran o domicilio social de Pontevedra á rúa Urzáiz de Vigo. Conseguiu vostede que o seu amigo traia para Vigo un imposto máis do lixo, esa é a súa gran contribución.

Os datos están aí porque, onde están as 6.000 vivendas protexidas? Onde está o 40% de solo urbanizable dedicado a vivenda protexida se non se está executando? Onde están os 13 centros de día para maiores? Onde están as 47 escolas infantís e garderías? Onde están os 6 centros de atención primaria, o inglés para todos os nenos e nenas? Porque non o hai para todos os nenos e nenas, esa é unha gran mentira. Onde está o saneamento da Ría de Vigo? Os centros da terceira idade? O Vigo igualitario para todos os barrios e parroquias? O Vigo con poder en España? É que este sorriso da foto non é o meu, é o do Sr. Alcalde. E xa non falemos do outro documento, do seu pacto de goberno que xa haberá tempo do revisar.

Vostedes para a foto utilizan o auditorio municipal, gastan un montón de diñeiro nel para dicir logo que o queren tirar. É unha cousa realmente de loucos. Fan un acordo

marco de goberno que é papel mollado, Sra. Díaz.

Parece que vostede o ignora pero lle lembro que as políticas activas de emprego fainas o goberno central que é quen presenta a reforma laboral, quen fai as políticas de emprego e quen ten capacidade lexislativa, o goberno da nación, o seu amigo Sr. Rodríguez Zapatero. O decreto que o outro día se levou ó Parlamento español, fíxoo unha comunidade autónoma? Quen o está negociando? Deixen de mentir. Doulles un consello: “En Vigo faremos máis” non, “En Vigo mentiremos máis”.

O amigo é este, o que tiña o domicilio na rúa Ponte Boleira e trasladouno á rúa Urzáiz, este é o seu amigo, Sra. Díaz, ó que lle deu vostede contratos a dedo.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda de substitución coa que procederemos primeiro. Caso de seren rexeitada pasaríamos votar o texto da moción orixinal. A emenda do Grupo do BNG di: “Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a poñer en marcha as medidas necesarias para aumentar os investimentos, as subvencións e os convenios co Concello de Vigo para poder paliar os efectos da crise na cidade máis importante de Galicia”.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase aprobar a emenda de substitución formulada pola voceira do Grupo Municipal do BNG, e xa que logo

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a poñer en marcha as medidas necesarias para aumentar os investimentos, as subvencións e os convenios co Concello de Vigo para poder paliar os efectos da crise na cidade máis importante de Galicia

20.- (147).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO TRANSPARENCIA NA XESTIÓN E NA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. DOC. 100084260.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xuño, documento núm. 100084260, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, presenta a seguinte moción:

“A liña de traballo fundamental do departamento de Participación Cidadá deste Concello debera ser a de ofrecer ós vigueses un apoio institucional e económico suficiente para promover, tanto a creación de asociacións cidadás como o desenvolvemento dos seus programas.

É, por tanto, responsabilidade do Concello, manter os canles de diálogo suficientes que axuden a definir o interese xeral dos vigueses no que fai á vida social e cultural que desexan para a súa cidade.

O grupo municipal do Partido Popular quere manifestar, por segunda vez neste Pleno, o seu desacordo coa arbitraria actuación do goberno na distribución das axudas municipais para o desenvolvemento das actividades das asociacións, que está a desmotivar a súa participación e implicación na vida social e cultural de Vigo.

Xa que logo, instamos ao goberno municipal:

Transparencia na xestión e equidade na toma de acordos e na adxudicación de axudas en materia de participación cidadá.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, realizada o día 21 de xuño de 2010, ditamina favorablemente.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Aproveito a presentación desta moción para falar da necesidade de que o departamento de Participación Cidadá aprobe definitivamente o Regulamento de Participación Cidadá que, entre outras cousas, axudará a distribuír ben as axudas que concede o Concello ás distintas asociacións.

Pero o problema é que tampouco coñecemos se o departamento ten algún plan estratéxico que recolla cales son os obxectivos e fins que pretende nas súas

diferentes áreas ou seccións. Tampouco coñecemos que exista memoria con indicadores de cantidade, de calidade, dos resultados da súa xestión, que non só non coñecemos nós, o problema é que a cidadanía non os coñece tampouco e iso que o seu departamento nos últimos orzamentos pasa denominarse departamento de Relacións Cidadás.

Dispón vostede ademais no seu departamento dunha páxina web que lle debera proporcionar información ós cidadáns, pero esa información sobre as actividades organizadas é moi escasa e por riba non está actualizada e iso que é obriga por lei.

A isto referímonos coa opacidade, coa falla de transparencia na xestión do seu departamento.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Di a Sra. Larriba na presentación desta moción que é a segunda, pero non, xa debe ser a terceira ou a cuarta moción que presenta e agora lle fai algún engadido. Todo o que di na exposición de motivos da moción é falso, é mentira, Sra. Larriba, señores do PP, o que veñen instar é rotundamente falso e mentira. Voullo demostrar.

Eu non sei como daban vostedes as subvencións, as últimas que outorgaron foi no ano 2007. Eu nin me preocupe de ver como as outorgaron pero o certo é que o fixeron á presa e correndo. No 2007 tiveron vostedes 87 solicitudes de subvención e denegaron 12, nin vou ver con que regulamento nin como as deron, dáme exactamente igual porque xa sabemos como funcionan e sería ir ratificar o que xa sabemos.

Nas subvencións de 2008 e 2009 para investimentos en infraestruturas, equipamentos, etc., este goberno presidido polo alcalde, D. Abel Caballero, dotou de 75.000 euros máis nos orzamentos para estas entidades. Vostedes tiñan 150.000 euros e este goberno municipal, este alcalde dotou os orzamentos para as asociacións con 75.000 euros máis que se manteñen nestes actuais orzamentos malia a crise.

Nos anos 2008 e 2009 presentáronse 74 e 97 asociacións para subvencións, atendéronse todas agás cinco en 2008 e catro en 2009 e o motivo de non as atender está xustificado, ben por non estaren rexistradas, por estaren fóra de prazo ou por non ser obxecto da concellería.

Cando vostedes falan de opacidade no departamento, cando fala na moción da transparencia na xestión, da equidade na toma de acordos e na adxudicación das

axudas, está segura do que di?

En primeiro lugar as bases da convocatoria apróbanse pola Xunta de Goberno Local e vostedes teñen acceso a elas, publícanse no Boletín Oficial da Provincia e tamén teñen acceso. Pero é máis, estas bases pódense recorrer se non son do seu agrado ou ben porque teñan algún problema coa norma pero non hai ningunha reclamación do Partido Popular. Téñolle que dicir polo tanto que todas e cada unha das solicitudes se atenderon.

No anterior Pleno a súa compañeira de Grupo non soubo nomear a ningunha asociación veciñal que lle fose denegada a subvención, sacoume unha asociación que non é veciñal, o Círculo Mercantil de Vigo que coído que non é unha asociación veciñal. Ó Círculo Mercantil de Vigo non se lle denegou a subvención, eles retiraron a súa solicitude. Non me puideron vostedes nomear ningunha asociación veciñal que non tivese subvención.

Voulle facer un relatorio, aínda que teñen acceso ás solicitudes de subvencións porque pasan pola Intervención deste Concello. Logo da cualificación que se fai para outorgar as subvencións, estas vísanse pola Intervención cada unha delas e ningunha se cuestiona. Fareille un breve relatorio das axudas ás asociacións aínda que non lle vou ler todas.

Por exemplo no ano 2008 a Federación veciñal “Eduardo Chao” para o musical “Moxenas”, para gastos de mantemento, reparación eléctrica e adquisición de ordenadores tiveron 7.727 euros de axuda. A Asociación Cultural e Deportiva de Castrelos “Monte da Mina” recibiu 9.698 euros, isto foi no 2008 que logo lle lerei as subvencións outorgadas por nós no 2009. “Camiño Vello” de Coia recibiu 5.722 euros, “Val do Fragoso” 4.900 euros, Candeán 14.900 euros, San Roque 998 euros, Beade 20.000 euros. Como ve, Sra. Larriba, ten moito que ver porque poderíamos seguir así con todas. Pero ademais non só déronse subvencións a asociacións veciñais, senón a asociacións socio-culturais, socio-sanitarias ou deportivas que acoden cos seus programas ó meu departamento.

No 2009 a Federación veciñal “Eduardo Chao” non solicitou axuda e polo tanto non se lle outorgou, pero a San Miguel de Oia déronselle 6.000 euros, a Cabral 12.000 euros, a Rosalía de Castro 6.000 euros, ó Casco Vello de Coia 4.800 euros e así repetidamente.

Vostedes non poden nomear aquí ningunha asociación veciñal que solicitara subvención e que se rexeitase a súa solicitude. É máis, faise todo con concorrencia e

transparencia.

O obxecto destas axudas a asociacións tanto veciñais como culturais, recreativas e deportivas é potencialas na nosa cidade. Lémbrolle que este alcalde puxo máis diñeiro ó dispor delas do que vostedes tiñan, 75.000 euros máis.

Reitérolle que este é o noso compromiso, o compromiso do noso alcalde coa cidade, cos seus cidadáns e sobre todo cos que traballan nas asociacións de maneira altruísta, só en beneficio dos cidadáns que traballan nos barrios e nas parroquias, en asociacións deportivas e socio-sanitarias.

En resposta a esta moción dígolles que xa se ven facendo o que piden, cousa que dubido que fixeran vostedes cando estaban aquí porque na Deputación temos o exemplo de como reparten as subvencións. Primeiro as reparten nun local de luxo no Areal, local que o seu mantemento e a súa xente deben custar cartos e todo iso seguramente para repartir as subvencións e, tal e como vemos nas noticias, cun cheque moi grande como se fose un concurso millonario. Así é como dan vostedes as subvencións, sen ningún criterio e sobre todo sen ningunha concorrència.

Señores do Partido Popular, nós non facemos iso, as nosas axudas son públicas, van en concorrència, son transparentes, avaliadas por unha comisión técnica onde non hai ningún político, revisadas pola Intervención deste Concello de Vigo e publicadas oficialmente; vostede pode ir velas á páxina correspondente.

Na miña concellería faise moito e bo traballo en favor das asociacións e dos cidadáns. Nalgunhas delas fanse actividades como as que seguramente mañá presentaremos, como son os campamentos de verán nos nosos centros cívicos no mes de agosto para nenos e nenas. Trabállase para os cidadáns tanto na concellería de Participación Cidadá como en calquera das outras, traballamos para os vigueses e as viguesas e ademais reitérolle que sen ocultismos, con transparencia, a través da concorrència e con todos os controis.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Aínda que a Sra. Larriba dirixe esta moción fundamentalmente ó departamento de Participación Cidadá o certo é que cando a desenvolve fala das axudas que se dirixen ás asociacións veciñais e culturais para desenvolver programas de actividades culturais e iso coido que tamén lle toca directamente á Concellería de Cultura e Animación Socio-Cultural, por iso quería darlle rapidamente unhas pinceladas.

Aclarar que a Concellería de Cultura e Animación Socio-Cultural cobre, aínda que nos

gustaría facelo nunha maior contía, un importante programa de actividades culturais e ademais o fai con absoluta transparencia. A modo de exemplo vou citar algunha das accións que desenvolvemos nesta concellería.

Temos un convenio anual coa Federación “Eduardo Chao” para desenvolver o programa “Move Vigo”; temos tamén un convenio anual coa Agrupación de centros deportivos e culturais para desenvolver os programas “Vente con Nós” e “Semana de Teatro Afeccionado”; tamén un convenio anual coa Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e ademais tamén temos unha convocatoria de subvencións que van dirixidas fundamentalmente ó tecido asociativo para promover actividades musicais, artísticas, teatrais, de danza, de animación á lectura e a aquelas iniciativas que dalgunha forma proxecten unha imaxe moderna, dinámica e vangardista de Vigo.

Pero ademais tamén hai outro tipo de axudas non directas senón indirectas, con distintos programas que promovemos dende a Concellería de Cultura. Por exemplo temos un convenio anual coa Federación de Bandas que posibilita que todas as bandas de Vigo actúen en todo o tecido asociativo da nosa cidade; ou temos tamén un convenio con ACOPOVI para levar adiante o programa “Un Mar de Corais” que tamén posibilita que as corais da nosa cidade actúen nas distintas asociacións veciñais e culturais; outro programa é “Vigo a Escena” que posibilita tamén que os grupos de teatro profesionais e afeccionados actúen en todos os centros culturais e veciñais.

Estas son só algunhas das iniciativas que se levan a cabo aínda que, como dixen antes, gustaríanos poder adicar máis fondos pero que dende logo posibilitan que un importante programa cultural se desenvolva nos barrios e nas parroquias de Vigo.

Quero rematar suxeríndolle que a súa preocupación a dirixa directamente á Xunta de Galicia porque no ano 2010 reduciu ata límites extremos, cando non suprimiu, as axudas ás distintas actividades e programas que no mundo da cultura se estaban a desenvolver en contraposición dende logo co compromiso real e efectivo do anterior goberno do bipartito que vostedes tanto criticaron e critican.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Rodríguez, vostede encheu a boca chamándome mentireira ó comezo da exposición da moción. Neste intre falamos co Círculo Mercantil ante a sorpresa do que vostede acaba de dicir aquí e é mentira. O Círculo Mercantil non rexeitou nunca a subvención que pediron e quere saber se vostede ten algún papel que avale o que está a dicir. Pero como o tempo é limitado non o quero perder

contestando ás súas mentiras, pero isto ven dunha chamada que acabamos de facer agora ante a sorpresa do que vostede acaba de dicir e resulta que dixo unha gran falsidade neste Pleno.

Tampouco quero entrar a responder ó Sr. López Carreira porque efectivamente xa tivemos a oportunidade de debater neste Pleno en relación coas axudas que dependen da súa área. Quérome centrar nas axudas de Participación Cidadá.

Sr. Rodríguez, vostede pon en dúbida como se outorgaron as axudas durante o goberno anterior de D^a Corina Porro. Saiba vostede que se fixeron en base a unha convocatoria pública, publicada e aberta a todos. Tamén están vostedes continuamente insistindo en todos os Plenos en traer aquí un debate sobre a Deputación, isto non é a Deputación, se teñen vostedes que dicir algo en contra da xestión da Deputación téñeno que facer alí que para iso lles pagan como deputados provinciais ós que están. Este é un debate municipal, sobre temas municipais de concelleiros de Vigo, non de deputados provinciais. Eu non quero entrar tampouco aquí a debater as cuestións porque teñen outros foros para falar dos temas da Deputación, non obstante direille que as subvencións da Deputación son nominativas, aparecen nos orzamentos e polo tanto se aproban polo Pleno.

Estou a falar aquí das axudas que non pasan por este Pleno, as que dependen da súa discrecionalidade, estou falando das axudas que non pasan polo control da oposición. Vostede está a incumprir a normativa. Como sabe hai unha Lei 9/2007, de subvencións de Galicia que lle obriga entre outras cousas a ter unha web actualizada. A web de Participación Cidadán non o está. Iso é un incumprimento da lei marco. Incumpre tamén a normativa en materia de subvencións porque está obrigado a ter un plan estratéxico de subvencións. Onde está? Dende logo que ó Pleno non veu pero á Xunta de Goberno tampouco. Está obrigado por lei.

A oposición só ten o orzamento para saber cal é a súa prioridade en materia de axudas e cal é a súa vontade política neste sentido e saber que accións vai emprender. Da análise do orzamento para o ano 2010 dedúcese o seguinte: a redución xeral do orzamento nun 6,27%; o incremento do gasto corrente en publicidade e propaganda no seu departamento e as subvencións a sindicatos e convenios con entidades concretas que non están suxeitas a convocatorias públicas e polo tanto dependen da súa vontade política ou da súa discrecionalidade, ben sexa por afinidade persoal ou política.

En terceiro lugar un descenso das subvencións ás asociacións cidadás, tanto para as

súas instalacións como para o desenvolvemento dos seus programas. En resume, gastan menos en vertebrar e potenciar a iniciativa e o asociacionismo cidadán.

Teño aquí o desglose do orzamento do ano 2009-2010. Non podo pasar aquí detallar cales son as partidas que se suprimiron pero saiba que o ten vostede moi fácil, aquí está moi claro. Como digo a política de subvencións debe estar en función do interese xeral da cidadanía e dende que vostedes chegaron ó goberno deste Concello crearon un sen fin de problemas en asociacións, en federacións; problemas no ámbito da participación cidadá que non teñen precedentes na cidade.

Esforzáronse en politizar o movemento asociativo e unha mostra clara é o resultado da Federación veciñal cunha politización que quedou evidente para toda a cidadanía e que salientou moi ben a prensa. Están vostedes a bloquear as axudas destinadas a agrupacións ou a federacións de asociacións porque prefiren enfrontalas e tratar con elas por separado porque son máis fáciles de manexar.

Quen sementa ventos recolle tempestades, Sr. Rodríguez.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Equivoqueime no tocante ó Circulo Mercantil, tiveron 6.180 euros de subvención no ano 2009 da Concellería de Participación Cidadá, non lle retiramos a subvención nin ó Círculo Mercantil. Desculpen o erro de dicir que se retiraran.

Non me puideron dicir, Sra. Larriba, de ningunha asociación, nin na cantidade nin no nome, que non tivera subvención, non foi quen de dicir a que asociación se lle deu máis ou a cal menos en función da súa orientación, nin foi quen de dicir que houbera unha soa asociación veciñal sen subvención. Polo tanto reitero que en toda a exposición de motivos e no que vostede pide de resultado na moción é totalmente falso e mentireiro o que poñen aí. Vostedes o que queren é confundir.

O tema da Federación veciñal coido que se explica por si só. O seu voceiro, que agora non está aquí, fixo unhas declaracións un mes despois referidas á miña persoa e á actual presidenta da Federación veciñal exactamente igual que a que fixo a presidenta saínte da Federación veciñal "Eduardo Chao". Iso non é politización?

Quere que lle diga que concelleiros e algúns máis estiveron polas asociacións veciñais ofrecéndolles algunha presidencia da Federación "Eduardo Chao"? Non llo vou dicir porque traballan para vostedes. Iso si que é politizar, vostedes si que politizan, nós non. Vostedes non respectan a democracia, non respectan que haxa asociacións que queiran cambiar unha directiva. Iso non o respectan porque lles ía

moi ben, tiñan unha persoa do Partido Popular que ademais coido que a van levar na candidatura, que lles viña moi ben no xogo político para que atacara a este goberno e que os defendera a vostedes.

Busca este momento para falar de subvencións e de control de subvencións cando realmente están publicadas e sometidas a todos os controles habidos e por haber.

Venme contar agora que se por lei da Xunta hai que facer un plan estratéxico de subvencións; pois se o hai que facer, farémolo, Sra. Larriba, pero, por que non o fixeron vostedes? Pois mire por onde que coas mesmas bases que vostedes tiñan é como estamos a traballar, se eran valedoiras para vostedes terán que ser valedoiras para nós e se non valen para nós tampouco valían para vostedes.

Os que dan as subvencións de forma discrecional son vostedes os do Partido Popular, dan subvencións discretiónais na Deputación, acábao de dicir o meu compañeiro de goberno e na Xunta de Galicia eliminan as axudas ás asociacións e aquí veñen reclamar.

Vostede segue mentindo cando di que hai un descenso das subvencións, colla os orzamentos de 2007, de 2008 ou de 2009 e verá que no capítulo de axudas e subvencións hai 75.000 euros máis, iso está nos números que vostede si sabe ler, outra cousa é que queira facer demagogia, enganármonos ou non sei que outra cousa pretende con isto.

O Regulamento de participación cidadá non vai aclarar nada no tema de subvencións. Se hai que poñer o plan estratéxico de subvencións en marcha porémolo porque nós si cumprimos a lei, non facemos como vostede e ademais o que anunciamos cumprímolo, non facemos como a Xunta de Galicia e vostedes: anuncios e máis anuncios pero non se ve ningún resultado, están as promesas do Sr. Núñez Feijóo e as do PP pero por ningures se ven.

SRA. LARRIBA LEIRA: Á parte de valoración persoal ou non e de enfado máis ou menos evidente pola súa banda, eu lémbrolle que a norma é a 9/2007 e non estaba en vigor co goberno anterior. O que é lamentable e sorprendente é que vostede logo de tres anos non coñeza esta norma que é básica para o seu departamento, que é a que regula as subvencións. Esta norma obrígaos a ter algunhas cousas ás que antes non estaba obrigado o goberno, como por exemplo ter ese plan estratéxico que vostede di que fará. Penso eu que lle queda pouco tempo.

Por outra banda vostede di que o plan non vai aclarar nada, pero precisamente para

iso é o plan, para ter un marco que aclare. Díxome tamén que o plan non se presentou aínda, pero o plan vai facer un marco e servirá para saber que é o que pretende coa súa política de participación cidadá, de axudas e de subvencións.

Xa digo que non vou entrar a enumerar pero son claras as partidas que desaparecen neste orzamento con respecto ó do ano anterior.

Para rematar insisto en que vostedes están a xerar no movemento asociativo conflitos de intereses entre unhas e outras asociacións. Bloquean as axudas e a Federación veciñal é o mellor exemplo de todo iso, evitan apoiar ás agrupacións, ás federacións porque prefiren enfrontar ás asociacións entre si e tratar con elas por separado porque a discrecionalidade queda máis impune. Eu chamo a atención sobre isto porque penso que é unha pelota que vai engordar e que se vai volver contra todos vostedes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos concelleiros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (148).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó GOBERNO DA NACIÓN A ELIMINACIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA A SUPRESIÓN DA REVALORIZACIÓN DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS. DOC. 100070680.

ANTECEDENTES.- Por medio de escrito de entrada no Rexistro Xeral núm. 100070680, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila,

formula a seguinte moción:

“As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público obrigan a tomar medidas extraordinarias, tamén esixidas pola nosa pertenza á zona euro, que, á súa vez, atravesamos un período de inestabilidade ao que é necesario dar solucións coordinadas. Neste contexto o presidente do Goberno anunciou o pasado 12 de maio no Congreso dos Deputados algunhas decisións que, de levarse a cabo, lesionarían inxusta e inxustificadamente a máis de 5 millóns de pensionistas, rompendo de paso un dos maiores logros da nosa democracia: O Pacto de Toledo.

Convén lembrar que este Pacto de Estado alcanzouse en 1995 entre todos os Grupos Parlamentarios, e mereceu o respaldo dos sindicatos en 1996 por medio do acordo sobre consolidación e racionalización do sistema de pensións.

Estes acordos, froito de un amplo e responsable diálogo político e social, sacaron á nosa Seguridade Social da incerteza económica e garantiron un sólido compromiso de todos para facer viable e sostible a nosa Seguridade Social.

500.000 millóns de pesetas de déficit, inseguridade de poder cobrar as pensións e incerteza dos pensionistas para manter o seu poder adquisitivo foron, entre outras, razóns para que todos os partidos asumiran o Pacto de Toledo e as súas recomendacións.

A Lei 24/1997, do 16 de xullo, de consolidación e racionalización da Seguridade Social, foi resultado directo do Pacto de Toledo, cuxo cumprimento se quixo garantir coa participación de todos os Grupos Parlamentarios, constituíndo para isto unha comisión no Congreso dos Deputados. Esta comisión foi avaliando o cumprimento de compromisos e recomendacións dende aquela, e fíxoo con eficacia e rigor baixo diferentes gobernos.

Na actualidade está examinando un documento con data 29 de xaneiro de 2010, enviado polo Goberno para exame e debate, de xeito que os acordos que puideran alcanzarse deran lugar a aquelas reformas e modificacións legais pactadas entre todos os grupos políticos, sen esquecer a participación dos axentes sociais no proceso de diálogo social actualmente aberto.

O anuncio de recortes nos dereitos dos pensionistas, principalmente o dereito á revalorización en función do IPC (artigo 11 da Lei 24/1997, do 16 de xullo), ven romper o Pacto de Toledo, unha das máis importantes conquistas da nosa democracia. Estes recortes privan de dereitos a máis de cinco millóns de pensionistas e fannos retroceder aos tempos nos que o Goberno, segundo criterios de oportunidade e conveniencia política, daba ou negaba a revalorización das pensións e, polo tanto, daba ou quitaba poder adquisitivo ás debilitadas economías dos pensionistas.

Produciríanse outros efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas ao bloquear “sine die” a base sobre a que se actualizarían as pensións tras o bloqueo da súa contía que presenta agora o Goberno.

S. Ordinaria 28.06.10

A experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE (2 puntos de subida no xullo próximo), xeran problemas engadidos no consumo e no emprego, cuxa evolución, se non se corrixe coas reformas axeitadas, porá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para o mantemento do noso sistema de Seguridade Social.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular de de Vigo, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

2º.- Solicitar que se convoque a comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para proseguir os seus traballos a fin de que todos os grupos acorden as reformas que sexan necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.”

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do 24 de maio, ditamina favorablemente.

Emenda de substitución presentada en escrito de data 28 de xuño de 2010, pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

1º.- Instar ó goberno do Estado a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións.

2º.- Instar ó goberno do Estado a que se aumente o gasto global en protección social ata alcanzar como mínimo o gasto medio en protección social do conxunto da UE, co obxectivo de subir as pensións baixas, tanto as contributivas como as non contributivas.

3º.- Solicitar que se axilicen os traballos que están levando a cabo na comisión do Pacto de Toledo a fin de que todos os grupos e axentes sociais acorden as reformas que sexan necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Non vou volver reproducir todo o debate que fixemos con anterioridade. Sei que lles molesta porque hai cinco millóns máis de parados que son consecuencia dun goberno socialista, fronte a cinco millóns de empregos que se xeraron co goberno do Partido Popular. Pero non acaba aí a cuestión: non só non xeran emprego senón que pola contra xeran desemprego, non atacan só ós empregados públicos porque non se poden defender, senón que o fan tamén cos

pensionistas. É unha situación insólita a que estamos a vivir.

Cando antes falaba de que circunstancias excepcionais esixen medidas excepcionais, non me refería a ir na contra dos pensionistas, das pensións contributivas, nin do estado do benestar polo que tanto loitou por manter esta sociedade. Quero lembrar que foi esa persoa da que vostedes falaron toda a mañá, o presidente Sr. Aznar, quen garantiu por lei as pensións, o propulsor do Pacto de Toledo e polo tanto o garante de que os pensionistas teñan dereito ás prestacións.

Tamén quero lembrar que ó igual que é o Estado o responsable das políticas activas de emprego, o Estado é o único que ten capacidade normativa para regular o mercado de traballo e tamén das pensións.

Non se pode facer o que se pretende. Nós tivemos unha postura moi clara e moi coherente, votamos en contra no Congreso dos Deputados dun “*decretazo*” que quere acabar coa capacidade adquisitiva dos pensionistas e imos seguir pelexando porque esta situación non se repita.

Conxelar as pensións é conxelar o futuro de moitos cidadáns ós que non só se lles conxelan as pensións, senón que por riba a partir do día 1 se lles sobe o tipo impositivo do IVE porque lembremos que tamén consumen. Iso si, no día de hoxe despertámonos con que o goberno socialista gastou 274 millóns de euros máis do presupostado en gastos de persoal do goberno central, o mes de maio supera o dobre do previsto. Por unha banda soben o IVE conxelan as pensións, pero por outro lles dan máis diñeiro ós amigos.

As medidas do Sr. Rodríguez Zapatero son improvisadas, impostas, inxustas e insuficientes. Non abonda co que fixo, non se pode atacar ás clases menos favorecidas e moito menos ós que cotizaron toda a súa vida e que perciben unha pensión. Non se pode facer iso cando había moitas maneiras de recortar. Antes a Sra. Díaz non quería recortar no orzamento local pero o orzamento nacional tamén dá para moito e a redución do gasto público e do déficit non debe pasar por rebaixar a capacidade adquisitiva dos pensionistas.

Estamos nunha situación grave, cun paro que supera o 20% e aquí se destinou diñeiro a carteis, a mellorar beirarrúas en numerosos pobos e cidades de España que van servir para que os pensionistas paseen con menos capacidade adquisitiva no peto.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda de substitución por parte do Grupo do

BNG en tres puntos: “Primeiro: instar ó goberno do Estado a que elimine as medidas previstas para a supresión da regularización das pensións. Segundo: instar ó goberno do Estado a que se aumente o gasto global en protección social ata alcanzar, como mínimo, o gasto medio en protección social do conxunto da Unión Europea co obxectivo de subir as pensións baixas, tanto as contributivas coma as non contributivas. Terceiro: solicitar que se axilicen os traballos que se están levando a cabo na comisión do Pacto de Toledo a fin de que todos os grupos e axentes sociais acorden as reformas que sexan necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social”.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Antes de intervir, á vista de que hai unha emenda de substitución, dicir que pola parte do noso grupo votariamos si ó seu terceiro punto e non estaríamos de acordo cos puntos primeiro e segundo. O mesmo na moción que presenta o Partido Popular, rexeitaríamos o punto primeiro e estaríamos de acordo co punto segundo.

En canto á proposta que se fai das pensións, aínda que o Sr. Conde falou bastante de todo menos das pensións, dicir que as medidas que se tomaron foron para acelerar a redución do déficit no noso país. Ademais son unhas medidas que os cidadáns coñecen porque se informa delas, son as mesmas medidas que se tomaron na Unión Europea e noutros países. Mesmo en Gran Bretaña o IVE sobe ó 20% cun goberno conservador, un goberno de dereitas como vostedes. Esas son as medidas que toman vostedes cando gobernan.

É certo que estas son medidas dolorosas pero ó final as hai que tomar para que este esforzo colectivo nos permita saír mellor da crise. Non se tocan os piares da sociedade do benestar: nin a sanidade, nin a educación e tampouco se tocan as prestacións por desemprego. En relación con isto último lémbrolle que co anterior goberno da Xunta había complementos para persoas desempregadas e tamén formación en empresas para evitar os expedientes de regulación de emprego, cousa que vostedes, un goberno de dereitas na Xunta de Galicia, retiraron co que deixaron en situación moito máis precaria a eses traballadores e traballadoras de sectores tan importantes para nós como é o da automoción.

Nós non nos agochamos cando temos que tomar unha medida impopular, medida que ten unha repercusión e dende logo un desacougo en certos sectores da poboación. As pensións conxélanse para 2011 todas menos as non contributivas e as

mínimas, non se reducen nin moito menos e tal e como anda o IPC veremos tamén como resulta. Sen embargo vostedes cando gobernaron oito anos, que España ía ben co Sr. Aznar, as pensións subíronas no seu conxunto 180 euros.

Ademais non poden presumir absolutamente de nada en política social, señores do Partido Popular, porque os que universalizaron a sanidade fomos nós, os socialistas, os que puxeron en marcha as pensións non contributivas fomos nós, os socialistas, cando se iniciaron os traballos do Pacto de Toledo fomos nós, os socialistas, cando se aprobou a Lei de dependencia, unha das máis avanzadas de Europa, foi por nós, os socialistas e vostedes, señores e señoras do Partido Popular, nas comunidades autónomas onde gobernaban boicoteábana e atrasaban a súa aplicación, cousa que tamén fixeron coa Lei de igualdade. Esa é a súa política social. Vostedes non poden presumir absolutamente de nada en política social, non teñen nada que lles poñer diante ós cidadáns.

Ó respecto das súas “perlas”. Cando ía España ben o Sr. Aznar aprobou un “decretazo”, tivo unha folga e meteunos nunha guerra e logo dela veu a crise. Esa foi a gran achega do Partido Popular en oito anos de goberno no Estado, un “decretazo” cando España ía ben, conxelar as pensións dos pensionistas, as de todos, e meternos nunha guerra.

Cando fala vostede dos cartos ós amigos cre que a xente non ve os informativos, nin le a prensa, nin entra en internet porque os que están “pringados” no Gurtell son vostedes, Sr. Conde, os que teñen na cadea a xente por ter amigos e por meter a man na caixa son vostedes, señores do Partido Popular, por toda España, ata Galicia chega a corruptela. Polo tanto non veñan dármonos lección absolutamente de nada.

O investimento que se fixo do Fondo estatal para investimento local permitiu crear milleiros de empregos, máis de 500.000 en toda España, permitiulles ás empresas de construción e a outras manter os seus cadros de persoal ademais de contratar persoas do desemprego e algo que lles amola moito, coma é facer unha cidade por cidadáns, pero en toda a cidade e non só onde viven os seus amigos, non só onde lles votan a vostedes. En toda a cidade e para todos os cidadáns.

A vostede que fala sempre dos desempregados e do paro, quérolle dicir que a maior cobertura de desempregados haina agora mesmo e vostedes que están facendo anuncios todos os días para mellorar a economía, o desemprego, anuncian diñeiro por todos os lados, onde están os resultados deses cartos de todos os galegos e galegas? Onde está a minoración do desemprego na nosa comunidade e na nosa

cidade? Que se fai cos cartos dos galegos e galegas? Lévanos para as Illas Caimán tamén? Aquele salvador que en 45 días xunto co Sr. Núñez Feijóo íanos salvar da crise, ía haber marabillas, ía rematar co desemprego e agora resulta que temos 30.000 desempregados máis. De que nos están falando vostedes? Que fan cos nosos cartos? Vostedes si que llos dan ós seus amigos por iso algúns xa se están paseando polos xulgados, precisamente por iso.

Para que os cidadáns teñan claro o que venden. Vostedes, que tanto defenden a economía e o desemprego, nun só ano de seu de goberno teñen máis desempregados, a diferencial que había con España de desempregados practicamente se equilibrou cando había máis dun 24% e o que é máis duro é que tiñamos un diferencial de PIB do 1,3 e agora estamos nun 0,2% mentres que o Estado está no 3,4%. Fíxense que marabillas fan vostedes na economía de Galicia, que ben o fan os señores do Partido Popular cando gobernan. Aí o teñen: máis paro, Produto Interior Bruto menor, redúcese a diferencial co resto do Estado e, propoñen que gobernando vostedes o van facer mellor? Que van solucionar o tema dos desempregados? O que teñen previsto vostedes é meter máis xente, máis empresas nos servizos públicos pero privatizar os servizos públicos como queren facer aquí co hospital de Vigo, meter ós seus amigos a facer o hospital público para que os cidadáns teñan unha peor e máis cara sanidade; en troques de sanidade pública, sanidade privada.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tentarei cinguirme ó que estamos debatendo, non quero traer a colación o caso Gurtell nin se a demanda contra Unións Agrarias ven ou non a conto por parte do Partido Popular. O BNG o que quere é defender ó noso país.

Nese sentido as medidas de política económica que aprobou o goberno do Estado o 20 de maio e coas que se pretende reducir o déficit público, concréntanse entre outras na conxelación das pensións contributivas para o 2011. Pois ben, esta decisión é especialmente gravosa para o noso país, para Galicia, xa que lembremos que contamos nestes momentos coa poboación máis envellecida do Estado e as pensións galegas son as máis baixas de todo o Estado. Son precisamente os pensionistas, e na nosa concellería algo diso sabemos, os que se sitúan á cabeza dos índices da pobreza, tanto en Vigo coma en toda Galicia. Hai outra cuestión que é que ademais os xubilados galegos cotizan maioritariamente no Réxime especial agrario que, como se sabe, as súas pensións son unhas das máis baixas.

O BNG considera que a reforma das pensións, como todo o paquete de medidas adoptadas polo goberno do Partido Socialista, responde á lóxica da dereita, dos mercados, do neo-liberalismo e estas medidas van facer pagar precisamente ós sectores económicos máis desfavorecidos, ás clases traballadoras, cunha responsabilidade de pagar algo do que non son en absoluto culpables.

O Partido Socialista no Estado e o Partido Popular, que non se libra porque eles son os promotores das políticas neo-liberais, están facendo o ditado do Banco Mundial, do Fondo Monetario Internacional e como dicía antes dos mercados. Ademais os mercados lle declararon a guerra ó estado do benestar e os partidos estatais neste caso están a ser os executores do estado do benestar.

Dicía antes a Sra. Díaz que tiñamos que arrimar o ombreiro, pero os que menos teñen non o poden arrimar e tampouco as clases traballadoras e sectores máis desfavorecidos porque non foron os culpables das políticas especulativas, nin de que se lles prestaran cartos ós bancos e que logo non reverteran na cidadanía en xeral. En base a unha responsabilidade falsa non poden ser as clases traballadoras nin os sectores menos favorecidos os que agora mesmo paguen o pato de algo que non se fixo ben, non digo xa por este goberno senón por toda Europa que está poñendo o estado do benestar en solfa en función do ditado dos mercados.

A respecto da reforma do Pacto de Toledo quérolles lembrar ós señores do Partido Popular que son vostedes precisamente os que votaron no Parlamento Europeo xa hai dous anos, coido que no ano 2008, que a idade de xubilación se subira a 67 anos. Foron vostedes, señores do Partido Popular, e tamén foron os que defenderon o aumento do período de referencia para o cálculo das pensións; tamén os que defenden por riba de todo que os chamados sistemas voluntarios complementarios, maneira eufemística de chamarlles ós seguros privados. Dende o BNG preguntámonos, como van pagar seguros privados as persoas que gañan menos de 1.000 euros que son maioría no nos país? Como imos aumentar a base de cotización en base a iso?

Polo tanto a moción que traen vostedes aquí non deixa de ser máis que un oportunismo e demagogia da que fan alarde sistematicamente.

Por outra banda, señores do Partido Popular, son vostedes os que deberían tomar nota do que lle esixen á súa vez ó goberno do Estado e esas políticas deberían aplicar na Xunta de Galicia porque precisamente quérolles lembrar que coa actual Xunta de Galicia fomos a comunidade que máis aumentou o paro no primeiro

trimestre deste ano. Onde están as políticas en contra do desemprego por parte da Xunta de Galicia? Señores do Partido Popular, neste caso a Xunta non está nin se lle espera.

Lembrarlles así mesmo que só demandando que o Estado non baixe as pensións non se solucionan os problemas, eses problemas que teñen os sectores máis desfavorecidos soluciónanse non incrementando os recortes sociais ou non privatizando os servizos públicos como vostedes están a facer e axudando precisamente ós concellos en moitos casos, que vostedes non o están facendo porque nos están reducindo todo o que é para favorecer a estes sectores. Estannos reducindo o Plan de inmigración, o Plan concertado. Esas tamén son políticas públicas que favorecen.

O que teñen que facer vostedes, señores do Partido Popular, é esixirle ó goberno galego un xiro de 180º e verdadeiramente intentar evitar dende este país as consecuencias moi graves que se van derivar do recorte das pensións. Pero iso vostedes non o queren facer, limítanse unicamente a pedirle ó goberno do Estado cando vostedes aquí levan unha política similar ou peor.

Dende esta perspectiva é polo que nós queremos solicitar e propoñemos o acordo que vai na emenda que antes leu o Sr. Presidente. Confiamos que o resto dos grupos políticos votarán esta emenda porque coidamos que precisamente nela se reflicte esa necesidade de que non sexan os sectores máis desfavorecidos os que neste momento estean pagando as consecuencias da crise económica.

SR. CONDE GIL: Sr. Rodríguez Díaz, para min agora o fácil sería entrar no seu xogo de descualificacións e de querer ensuciar a vida política, pero aquí non estamos para falar de determinados temas, estamos a falar das pensións.

Eu fago unha reflexión. Vostede que presume de sindicalista porque seica lle gusta presumir da súa pertenza a un sindicato, é increíble, coido que se me frego os ollos non vexo mellor porque un sindicalista como vostede, que estaba a loitar por subas salariais, agora se xacta na defensa da conxelación do poder adquisitivo dos pensionistas. Non sei se rompeu o carné da UXT ou directamente vano expulsar porque vostede agora de sindicalista ten o mesmo que eu de monxe de clausura.

Sorprenden algunhas afirmacións que se realizaron aquí. Sempre imos na contra doutras administracións, aquí nunca falamos do tema que nos ocupa neste caso é o goberno central, pero vostedes derivan sempre cara o que lles convén e hai que

lembrar que sete de cada dez euros que inviste a Xunta de Galicia son para a Consellería de Traballo e Asuntos Sociais, lémbrenos, non o obvien nin veñan aquí criticar sistemas que logo utilizan. Vostedes fan auténtica demagogia.

Claro que co presidente que ten este país non me estraña que vostedes fagan o mesmo porque estas son algunhas das súas declaracións. Decembro de 2008: “En marzo comezará a crearse emprego de maneira intensa”. Tamén esta nova é de decembro de 2008: “A licitación pública amortecerá o paro no segundo semestre de 2009”. Xaneiro de 2009: “Confío en que a partir de marzo comece a recuperarse o emprego”. 22 de abril de 2009: “As cifras do paro van ter outra cor nos próximos meses”. Xa se veu. 28 de xuño de 2009, hai un ano: “O peor do paro pasou xa”. 2 de xullo de 2009: “Tocamos chan”. Non sabía que tamén hai sotos, isto era a planta baixa. 28 de setembro de 2009: “Volveremos crear emprego no segundo trimestre do ano que ven”. 29 de novembro de 2009: “Acercámonos ó teito da taxa de paro”. 17 de xaneiro de 2010: “Obxectivamente o peor da crise pasou xa”. Abril do 2010: “A redución do paro empeza este mes de abril”.

Por favor, que se calle xa e non sexan vostedes o seu altofalante, este home é un perigo para o país, isto é unha irresponsabilidade.

Non en todos os países están facendo as mesmas políticas que se fan en España. Sr. Rodríguez, lea un pouco máis, logo se quere lle facilitarei a información. “Italia presenta un plan de aforro de 24.000 millóns de euros en dous anos” pero non ataca ós pensionistas. “Gran Bretaña aforrará 7.260 millóns de euros este ano con medidas de austeridade no goberno e reestruturación da administración”, pero non ataca ós pensionistas. E así Francia, Alemaña e o resto. O Sr. Rodríguez Zapatero quérese comparar coa Sra. Merckel pero a verdade é que, como diría a súa compañeira a Sra. Díaz, aínda lle quedan unhas cantas clases.

A conclusión é que en Galicia hai 477.454 pensionistas galegos, case medio millón de persoas que se van ver afectadas pola grave irresponsabilidade do presidente do Goberno aprobando polos polos unhas medidas cun tráfuga da Unión del Pueblo Navarro que non van servir para sacar ó país da crise.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Nós pedimos votación separada. Estábamos de acordo co terceiro punto da emenda de substitución e co segundo da propia moción.

En canto á moción, que casualidade que hai dous días que nos comunicou a Xunta de Galicia os programas de cooperación: 400.000 euros. Acaba de anunciar en rolda de

prensa a delegada da Xunta de Galicia que nos concedeu 700.000 euros. Para nota. Isto si que é mentir. Teño aquí as comunicacións oficiais da Xunta de Galicia e vese que nos comunica a concesión de 400.000 euros e acaba de anunciar que ó concello de Vigo concedésenlle 700.000 euros.

En canto ó esforzo que fan vostedes xa veremos porque esta mañá xa empezan dicir que invisten nalgunha cousa, xa van dúas veces que din que invisten en políticas de emprego e sociais. Agora o Sr. Conde di que sete de cada dez euros dos orzamentos da Xunta destínanos a emprego e asuntos sociais, cousa que non é verdade. Ten trabucados os datos pero é normal que se trabuque. Destínanse sete de cada dez euros que recadan en Galicia, dos cidadáns galegos, onde están as políticas de emprego cando non baixa o desemprego en Galicia? Onde están os resultados se gastan todos eses cartos? Aquí ninguén os ve. Sen embargo a culpa do desemprego é do Sr. Rodríguez Zapatero. Vostedes non teñen responsabilidade en nada, teñen os cartos, din que os gastan en emprego, en políticas sociais, pero non teñen responsabilidade de ningunha destas cousas. É increíble.

Téñense que aclarar sobre se teñen ou non competencias. Sr. Conde, o goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo non é que non teña competencias, é que non é competente, ese é o seu problema, non o é o seu presidente nin o é o seu goberno porque se lles notan moi pouco as políticas de emprego e sociais.

De tráfugas saben vostedes bastante porque algúns dos que están aí co presidente da Deputación andan con maletíns polos concellos pagando tráfugas para gañar gobernos. En tráfugas están vostedes doutorados e na provincia de Pontevedra moito máis, son doutores en derrubar gobernos comprándoos con maletíns. Iso é o que están a facer todos os días por aí.

En canto ás alusións persoais, estou moi orgulloso porque se sabe de onde eu veño, onde traballei pero doutros non se sabe onde traballaron. Eu teño un só emprego agora no Concello, non teño tres ou dous empregos como teñen os que están ó seu carón porque do seu lado os hai pluriempregados e iso téñeno que saber os cidadáns. O Sr. López-Chaves traballa na Xunta de Galicia, no Concello e tamén na Universidade, son tres salarios públicos co desemprego que hai. Imos ser serios.

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz, céntrese na cuestión.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Voume centrar, presidente, pero teño que dicir con respecto ás

pensións que en Galicia hai pensións máis baixas porque houbo cotizacións máis baixas e a achega do Estado para os pensionistas é moito máis do que se ingresa polas pensións de aquí. O esforzo do goberno do Estado en pensións é moito maior do que se cotiza aquí e polo tanto quérolle dicir tamén que onde máis se incrementaron as pensións foi precisamente en Galicia por seren das máis baixas do Estado. Gracias a ese incremento vailles afectar moito menos tamén ese recorte previsto.

Na súa propia moción que está ben escrita dise: “O noso país está pasando un mal momento... e hai que tomar medidas extraordinarias o mesmo que tamén se toman na zona euro e que son esixidas pola zona euro”. Ó final cando vostedes falan de que son moi patriotas, non teñen ningunha responsabilidade con este país como se está a demostrar. Se a tivesen arrimarían o ombreiro para saír da crise.

SR. CONDE GIL: Sr. Rodríguez, non o vou recomendar a vostede para que lle dean un posto de traballo, a verdade é que non porque vostede non traballou nunca, sempre foi liberado sindical e dedicouse sinxelamente a vaguear, nótase e segue vagueando, vaguea vostede na súa concellería que é un auténtico desastre, que nin sequera paga as subvencións a tempo e iso sábeo tan ben vostede coma min.

Se quere poderemos comezar falar do Sr. Bono, de Merca Sevilla, de Filesa, de Malesa... e non me gustaría falar dese tema, pero si imos falar de que vostede apoia unha política que prexudica ós pensionistas, saia á rúa e dígallo. Lémbrolle que cando chegou ó goberno o Partido Popular tivo que pedir un préstamo para poder facer fronte ás pensións porque vostedes deixaron a caixa baleira, gastárona en financiamentos ilegais e noutras moitas cousas.

Aquí temos outra nova: “A taxa do paro dobrou do 9,4% ó 18,8%”. Isto co Sr. Rodríguez Zapatero. “O número de parados alcanza o nivel máximo da historia da democracia”. E non está contabilizada aquí toda esa xente que está facendo cursos á que eliminan pola porta de atrás para que non figure nas estatísticas. O Sr. Caballero dicía: “O paro será historia”. Ó final riman: Zapatero e Caballero, son o mesmo, é o mesmo can con distinto colar, os dous conducen á mesma política: ó paro.

Poden presumir de todas as beirarrúas que lles dea a gana pero ó final van ser para que paseen uns parados, que moitos non teñen nin unha soa prestación e teñen que ir os comedores sociais, e para que paseen os xubilados ós que vostedes lles van conxelar as pensións. O Partido Socialista, o partido que é igual a paro, mentira,

malgasto, escurantismo e moitas outras cousas máis da que vostedes, señores do BNG, como membros deste goberno son cómplices.

Imos admitir a emenda do BNG, votarémola a favor pero non estamos de acordo coa votación separada porque queremos que a moción se vote no seu conxunto.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Con nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e dezaioito votos a a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos e mais dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez , apróbbase a emenda de substitución presentada pola voceira do Grupo Municipal do BNG e xa que logo,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ó goberno do Estado a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións.

Segundo.- Instar ó goberno do Estado a que se aumente o gasto global en protección social ata alcanzar como mínimo o gasto medio en protección social do conxunto da UE, co obxectivo de subir as pensións baixas, tanto as contributivas como as non contributivas.

Terceiro.- Solicitar que se axilicen os traballos que están levando a cabo na comisión do Pacto de Toledo a fin de que todos os grupos e axentes sociais acorden as reformas que sexan necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Presidente, queredría intervir por alusións.

A PRESIDENCIA: Non hai quenda de alusións, houbo mencións pero non alusións.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Alusións e ademais falsas sobre mi situación persoal.

Pídlle o amparo ó alcalde para poder intervir e poder definir mi situación.

A PRESIDENCIA: Pasamos o seguinte punto da orde do día.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Está visto que o Sr. Rodríguez Díaz actúa de acordo co alcalde.

A PRESIDENCIA: Non señor, vostede foi mencionado como moitas outras veces, exactamente igual que o alcalde de forma continuada e o alcalde non pide a réplica.

SR. LÓPEZ CHAVES: Pido por alusións, non fun mencionado, aludido, citado como comentario. Non é certo. Pido amparo ó alcalde. Pido amparo ó alcalde porque me aludiron directamente.

A PRESIDENCIA: Non ten a palabra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Sr. Alcalde, por protexer ós concelleiros.

22.- (149).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO QUE O GOBERNO ACOMETA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA RÚA MONTECELO. DOC. 100084264.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xuño de 2010, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, presenta a seguinte moción:

“Os veciños e a comunidade educativa do colexio Padre Míguez -Calasancias-, demanda dende hai tempo a este Concello o arranxo da rúa Montecelo.

A concelleira responsable de Vías e Obras prometeu ós pais unha solución ó problema, pero aínda non cumpriu. O curso académico está a piques de rematar e a situación non mudou con respecto a anos anteriores. A rúa Montecelo segue a ser un perigo para viandantes e condutores.

A rúa Montecelo Baixo finalmente enlazada coa rúa Vista Alegre, favorece a

S. Ordinaria 28.06.10

circulación do tráfico polo barrio, pero non soluciona en absoluto as dificultades de acceso ó centro educativo e ós veciños que residen na zona.

A rúa presenta unha gran dificultade técnica pola súa escasa amplitude o que implica que as beirarrúas actuais, onde as hai, sexan pouco máis que un bordo. Contedores de lixo polo medio, coches mal aparcados e tránsito rodado, fan que camiñar pola rúa Montecelo sexa unha verdadeira carreira de obstáculos.

Esta situación esixe un esforzo ós responsables do departamento, que ata o momento e perante as dificultades que presenta a vía, optan por mirar cara outro lado.

¿É que non é posible arranxar a canalización das augas pluviais, que converte a rúa nunha pista de patinaxes esvaradía, pola que teñen que camiñar os veciños e centos de nenos coas súas mochilas ó lombo?

¿É que esta actuación non é prioritaria para o goberno?

Para o grupo municipal do PP evidénciase a falta de responsabilidade do alcalde na reforma das rúas de Vigo ó non velar pola seguridade e as necesidades reais e urxentes dos veciños de Vigo.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que o goberno acometa as obras de acondicionamento e mellora de seguridade viaria da rúa Montecelo.”

A comisión informativa de Mobilidade, na sesión realizada o día 21 de xuño, ditamina favorablemente.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: En primeiro lugar darlles a benvinda ós veciños de Montecelo ós que lles queremos anunciar directamente que si imos arranxar esa rúa.

A diferenza entre uns demócratas e outros está precisamente niso, en que son vostedes uns veciños cos mesmos dereitos que todos eses outros que as súas rúas se humanizaron. A presidenta da ANPA e a directora do centro saben que eu estiven mirando esa rúa en outubro, saben das dificultades que ten e saben que a imos arranxar porque se algo facemos é cumprir as promesas. Os límites das humanizacións están en Redondela, Mos, Gondomar e Nigrán. Faranse absolutamente todas e se algo demostramos é que non hai cidadáns de primeira e

ciudadáns de segunda.

Por certo, estiveren alí en outubro e non me desmentirán cando digo que era a primeira vez que alguén se presentaba nesa rúa, recoñeceuse pola directora do centro e pola presidenta da ANPA, ninguén se lembrara deles. O que pasa é que ás veces un se sorprende cos concelleiros da oposición porque hai dificultades, son grandes e eles mesmos recoñéceno. Temos que ter un tratamento especial no cruzamento coa rúa Julia Minguillón porque hai unha finca cuxo muro invade a rúa e afecta a tres veciños; hai unha pendente moi alta e é imposible que as rúas segan unha aliñación recta polas dificultades que saben vostedes que hai; logo teríamos dificultades co aparcadoiro, etc. Pero si estamos traballando nese sentido e ímolo facer.

Alguén me terá que explicar como é posible que digan dende a oposición que non se poden facer ver as rúas e agora traer unha moción dicindo que se fan ver as rúas. Como é posible que estean falando do paro e resulta que gracias a todas estas humanizacións que se están a facer hai 8.000 postos de traballo, pero non só postos directos, tamén indirectos e senón pregúntenlles ós restaurantes, cafetarías, terrazas, etc. Como se pode estar dicindo que nos estamos metendo en temas doutras administracións?

Sra. Larriba, dixo vostede que na Deputación as subvencións son nominativas. Pois fíxese que todo o que teño aquí son subvencións concedidas pola Deputación en Xunta de Goberno e non discuto se están ben ou mal, se crean ou non postos de traballo, non sei cantos postos de traballo terá o tanatorio de Ribadumia con 225.000 euros, ou o tractor de Valeixe con 110.000 euros. Tampouco discuto se en Meis a dedo, deses 14 millóns do Sr. Louzán que agora empezan a saír, son 36.124 euros para facer non sei que centro social San Salvador, ou tamén en Meis o centro social de Vilanoviña por 35.000 euros.

Cando din tantas cousas e unha leva aquí aguantando toda a mañá, cando falan do paro, de que somos non sei que... Convertéronse vostedes no PPO e a min iso do PPO como son maior non me gusta nada, non mintan, acepten a realidade porque todos podemos empezar a sacar. Cando alguén da oposición falaba das armas eu pensaba se estaría falando de xoias, armas e diñeiro nas casas dos Sres. Correa e Crespo. Pero non, non diso. Cando dicían que nós faciamos non sei que, dos 48 millóns de diñeiro público que o PP lle deu á trama de non sei que?

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, céntrese na cuestión, regrese á rúa Montecelo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Tiña que o dicir porque non podo estar toda a mañá aguantando determinadas cousas.

Diríxome ós veciños de Montecelo: Saben vostedes que estiven alí, que coas dificultades que saben que ten esa rúa ímola arranxar. Temos problemas, temos que falar cos veciños para que cedan esa parte do muro. Sei que na beirarrúa hai uns chanzos tremendos e as augas vanse por aí porque é moi pendente pero a imos arranxar.

O que si lles quero pedir ós señores do Partido Popular é que deixen de facer demagogia porque unha cousa ou a outra, ou seguimos humanizando ou non seguimos pero non nos diga primeiro que non facemos máis ca non sei que e logo que si temos que facer.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sra. Abelairas, eu estou facendo o meu traballo como concelleira da oposición que é estar atenta á xestión do seu departamento e por suposto non o é estar a debater aquí con vostede sobre cuestións que afectan á Deputación. Vostede é deputada provincial e ten alí un foro para facer o debate, páganlle por facer oposición alí. Eu aquí véñolle pedir a vostede razón da súa xestión, fago o meu traballo, gaño o meu soldo e vostede ten que facer o de seu que é estar atenta ó que pasa nesta rúa da moción porque a acituación é urxente e necesaria.

Eu dubidaba dos criterios que utilizou o goberno para dar prioridade no arranxo de rúas porque eu entendo que esta non é unha rúa de lucimento, é de servizo e entendo que vostedes a esquezan, comprendo que as fotos nesta rúa arranxada ó mellor non son tan fermosas como noutras rúas, pero é necesario porque 700 nenos entran cada día nun centro escolar que está aí.

Á parte de que non sabemos dos seus criterios para dar prioridade ó arranxo das rúas, o que se entende menos é o malgasto, Sra. Abelairas, e voulle poñer só dous exemplos. Vostedes están a arranxar, humanizar ou acondicionar rúas ou espazos que hai cinco anos xa se arranxaran como é o caso da Porta do Sol. Co diñeiro que custou volver remodelar a Porta do Sol, non se arranxaría esta rúa? Sobraría. Pero lle vou poñer outro exemplo de malgasto: No prego de condicións técnicas para a concesión de aparcadoiros se inclúe a tapa, é dicir, a urbanización, a cuberta do aparcadoiro, beirarrúas, etc. Vostedes sacan agora uns 700.000 euros máis para

poñer a tapa en dous aparcadoiros que xa tiñan previsto as humanizacións desas cubertas. É dicir, con eses 700.000 euros que vostedes poñen a máis do que xa está contemplado no prego de condicións técnicas, non se arranxaba esta rúa? Con pouco máis de 700.000 euros vostedes daríanlle solución.

Agradezo moito que vaian votar a favor desta moción pero, aínda que están aquí moitos pais, xente da comunidade educativa e xente tamén doutros colexios, sería bo que dese unha resposta máis concreta, dicir cando o van facer

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vostede pregunta que cando e a min me dá a risa e non é para iso porque o tema é moi serio.

Falou das tapas dos aparcadoiros pero, de que material as ían facer? Creo que os cidadáns merecen un tratamento especial con todas as rúas, non só coas do centro. Os nosos criterios van en función das necesidades e para nós todos os cidadáns son de primeira. Pregúntelles ós veciños de Carballal-Bembrive, de San Cristóbal-Cabral, Subida á Madroa, Sta. Cristina-Curros, Baixada ó Capitán, Cesáreo Vázquez en Oia, Sanín-Comesaña, A Cañiza en Comesaña, Muíños en Comesaña, Coruxo, Sampaio, Valladares, A Espedrigada, Matamá, Navia, Sárdoma, O Calvario, Sta. Marina de Cabral, Marcosende-Zamás; sobre todo pregunte en Zamás porque todo o mundo se esquece de Zamás e existe, son vigueses exactamente igual que os da Praza de Compostela. Por certo, vou explicar o que ían facer porque disto eu agora entendo un pouco, cando eu me fago responsable dun departamento procuro decatarme do que estou a facer.

A cantidade de reparacións que se levan feito no Concello de Vigo co tipo de material que teño aquí non ten nome. Teño aquí a mostra do material que imos poñer, non imos facer como fixeron vostedes na rúa Carral porque cando se puxeron humanizar todo o centro resulta que na rúa Carral botaron vostedes formigón, logo area e puxeron as lousas por riba, pero ó chover vaise todo. O complicado é facelo ben porque agora o que pasa é que se está afundindo e o que temos que facer é levantar todo e volvelo poñer.

Dicía meu pai que era unha persoa moi sabia que os pobres temos que facer as cousas ben porque non podemos investir moitas veces.

Por moito que falen do PPO non son vostedes o partido dos obreiros, son do partido dos liberalismos, do partido do capital, os que utilizan a democracia para chegar ó poder e falan dela con ese único obxectivo. Séguelles amolando que sexamos

capaces de humanizar e de facer que todos os cidadáns de Vigo sexan de primeira vivan onde vivan, incluídos os de Zamáns, e iso amólaos. Por moito discurso que fagan de que “aquí non chega”, non serán vostedes xamais os representantes dos traballadores.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sra. Abelairas, pero non dixo cando, comezou dicindo que ía contestar cando se ía facer pero non o dixo.

Quería preguntar tamén se ese material que amosa como mellor, que é un granito estupendo, é o que están a poñer nas parroquias porque o que se ve é cemento. E iso o que van poñer nesas rúas das parroquias que mencionou que faltan por humanizar? Estamos totalmente de acordo con que é un bo material pero é ben certo, Sra. Abelairas, que nas parroquias están a dar prioridade á foto pero que non están a consensuar cos veciños e nalgúns sitios non entra nin o autobús.

Pero me vou do tema que é a rúa Montecelo e para rematar vou mostrar esas fotos que di que ten aí pero que non quere ver porque a verdade é que lles fan dano ós ollos e quero mostrar estas fotos porque unha imaxe vale máis que mil palabras.

A concelleira Sra. Larriba Leira, procede a ensinar ós presentes no salón de Plenos varias fotografías.

Os veciños son xente de idade e, como se pode ver polas fotos, teñen que ir non polas beirarrúas porque non hai. É unha carreira de obstáculos.

Deixei unha foto para o final que é da escaleira que enlaza coa rúa García Barbón. Poden ver vostedes o estado da escaleira. Chámame a atención esta foto porque agora que están a gastar milleiros de cartos na campaña “Agora vivimos nunha cidade fermosa”, convén lembrar as cousas que aínda están pendentes.

Dígalle ós veciños e á comunidade docente cando vai facer ese acondicionamento.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando ó goberno a acometer as obras de acondicionamento e mellora da seguridade viaria da rúa Montecelo.

23.- (150).- Rogos e preguntas.

- * ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVO Á CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO COLEXIO ALTAMAR.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Alcalde, quería aproveitar a presenza na sala de pais do Colexio Altamar para facer o rogo de que se cedan os terreos necesarios para a construción dun novo centro educativo para o Colexio Altamar.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Larriba, iso está resolto porque xa hai unha proposta á Xunta de Galicia para proceder nesa dirección.

- * ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA DE QUE NOS PLENOS SE DEBATA SÓ DE POLÍTICA E NON SE FAGAN ALUSIÓNS PERSOAIS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No nome do Grupo municipal do BNG e no meu particularmente, gustaríame facer un rogo a toda a Corporación e vouno facer no nome do BNG en todos os plenos que faga falta.

O rogo que quero facer é que por favor debatamos de política e evitemos unha vez máis os ataques persoais, saírmonos de ton e fóra do que son os propios contidos deste Pleno. Coido que lle fariamos un gran favor á democracia municipal, a esta Corporación e por suposto tamén a toda a cidadanía.

Nós non imos caer nunca neses ataques persoais nin nesas descualificacións como nunca o fixemos. Agardamos por favor que así aconteza co resto da Corporación.

- * ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, ADHERÍNDOSE Ó ROGO DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Xa que neste Pleno despois non se pode pedir intervención e de acordo co Sr. Domínguez, que se absteñan de facer alusións persoais e ademais cando non son certas e son falsas e logo pedir que o Sr. Alcalde aplique o regulamento.

Hai un libro do Sr. García Damborenea, un antigo compañeiro socialista, que escribiu “Razón de ser” que está ademais en internet e no que fala das argumentacións

políticas e fai a “*advocación ad domine*”. Faise esta cando non queda ningún outro recurso ó ataque persoal, tanto na vida política como na social.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.